



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 93

**Sesión plenaria**  
21 de novembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DODÍA (continuación)**

---

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.5 34769 (10/PNP-002615)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

#### **4.6 35217 (10/PNP-002628)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 352, do 05.09.2018

#### **4.7 39495 (10/PNP-002940)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

#### **4.8 39685 (10/PNP-002961)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**García Míguez, María Ángeles e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

### **Punto 5. Interpelacións**

#### **5.1 27682 (10/INT-000892)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

**5.2 36087 (10/INT-001202)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto en Galicia da suba constante do prezo da electricidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

**5.3 38227 (10/INT-001266)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

**5.4 38579 (10/INT-001276)****Grupo Parlamentario de En Marea**

**Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 40153 (10/POPX-000115)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa resposta xudicial e institucional, incluída a da Xunta de Galicia, ao asasinato de 45 mulleres na última década

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

**6.2 40154 (10/POPX-000116)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación da política do Goberno galego en materia de dotación de servizos e equipamentos sanitarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

**6.3 40155 (10/POPX-000117)****Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre as políticas que vai levar a cabo o Goberno galego para rematar cos condicionantes de xénero na desigualdade económica e garantir os dereitos reprodutivos das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

### 7.1 40130 (10/PUP-000202)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre o tipo de actuacións ás que se van aplicar os máis de oito millóns de euros correspondentes aos fondos recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para políticas de prevención de violencia de xénero no rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

### 7.2 40132 (10/PUP-000203)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir as reivindicacións dos traballadores da CRTVG que os levan á folga no mes de novembro de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

### 7.3 40096 (10/PUP-000200)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis**

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da misión especial a China encabezada pola Xunta de Galicia para participar na I Feira Internacional de Importación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

### 7.4 40105 (10/PUP-000201)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa demora na construción das fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia en Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

### 7.5 36800 (10/POP-004348)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

### 7.6 37057 (10/POP-004372)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Burgo López, María de la Concepción e catro deputados/as máis**

Sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a implantación do servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

**7.7 38820 (10/POP-004548)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do financiamento dun proxecto de residencia pública para persoas maiores en Boiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 24.10.2018

**7.8 39173 (10/POP-004589)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de que Galicia conte cun plan estratéxico propio, cara ao vindeiro período da Política Agraria Común, no que se teñan en conta as características do país

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

**7.9 36641 (10/POP-004332)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presenta nos últimos anos a presenza da muller no sector marítimo-pesqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 359, do 20.09.2018

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego en relación coa resposta xudicial e institucional, incluída a da Xunta de Galicia, ao asasinato de 45 mulleres na última década. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

**Pregunta ao Sr. presidenta da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación da política do Goberno galego en materia de dotación de servizos e equipamentos sanitarios. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

*O señor Fernández Leiceaga (S) pide a palabra para unha aclaración final respecto da última intervención do señor presidente da Xunta e o señor presidente denega a súa solicitude. (Páx. 23.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as políticas que vai levar a cabo o Goberno galego para rematar cos condicionantes de xénero na desigualdade económica e garantir os dereitos reprodutivos das mulleres. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 28.)

**Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 33.), *Sra. Miranda Pena (EM)* (Páx. 34.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 37.)

*Nova intervención do señor Torrado Quintela (S)*. (Páx. 40.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. (Punto cuarto da orde do día.)**

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 42.)  
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 45.), *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 47.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 49.)

*Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 51.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 53.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr Bará Torres (BNG)*. (Páx. 53.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 56.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 58.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 59.)

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 61.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 63.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 64.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 67.) e *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 69.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 70.)

*A señora García Míguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 73.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

*O señor presidente anuncia o comezo das votación das proposicións non de lei, e a señora García Míguez (P) solicita a votación por puntos na primeira das votacións.* (Páx. 73.)

*A señora Blanco Rodríguez (S) solicita unha aclaración sobre a petición da señora García Miguez (P). (Páx. 74.)*

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de 65 anos: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 75.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 76.)*

*O señor presidente anuncia a seguinte votación e pídelles ao señor Moreira Ferro (P) que lea o texto transaccionado. O señor Moreira Ferro (P) explica os termos da transacción. (Páx. 76.)*

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano: *aprobado por 53 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións. (Páx. 76.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 77.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 77.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 77.)*

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar



un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78)

*O señor presidente anuncia a votación da derradeira proposición non de lei e dálle a palabra á señora García Míguez para que explique os termos da transacción.* (Páx. 78.) *Intervén tamén a señora Presas Bergantiños (BNG) para expresar a postura do seu grupo.* (Páx. 80.)

Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero: *aprobado por 53 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.* (Páx. 80.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios.** (Punto quinto da orde do día.)

*Intervención da autora: Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 81.)

*Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 84.)

*Réplica da autora: Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 87.)

*Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 89.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos.** (Punto quinto da orde do día.)

*Intervención da autora: Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 91.)

*Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 94.)

*Réplica da autora: Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 97.)

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 99.)

*Pide a palabra e intervén a señora Prado del Río (P) ao abeiro do artigo 76 do Regulamento para aclarar unha inexactitude.* (Páx. 100.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.*

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tipo de actuacións ás que se van aplicar os máis de oito millóns de euros correspondentes aos fondos recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para políticas de prevención de violencia de xénero no rural.** (Punto sétimo da orde do día.)

*Intervención da autora: Sra. Pierres López (S).* (Páx. 101.)

*Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas E Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 103.)

*Réplica da autora: Sra. Pierres López (S).* (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 105.)

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir as reivindicacións dos traballadores da CRTVG que os levan á folga no mes de novembro de 2018.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 107.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 108.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 112.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a implantación do servizo de Hemodinámica as vinte e catro horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 116.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Vero e D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto do financiamento dun proxecto de residencia pública para persoas maiores en Boiro.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 118.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Vero (EM)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 120.)

**Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. David Rodríguez Estévez, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de que Galicia conte cun plan estratéxico propio, cara ao vindeiro período da Política Agraria Común, no que se teñan en conta as características do país.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 122.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 124.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presenta nos últimos anos a presenza da muller no sector marítimo-pesqueiro. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 128.)

*Remata a sesión ás cinco e dezanove minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego en relación coa resposta xudicial e institucional, incluída a da Xunta de Galicia, ao asasinato de 45 mulleres na última década**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Magdalena Moreira foi asasinada no Porriño pola súa parella, recibiu tres tiros: un na cabeza e dous nas costas.

María Judite Martins foi degolada polo seu marido na súa vivenda na cidade da Coruña.

A Ana Belén Varela o seu home pegoulle tres tiros polas costas na súa casa e diante dos seus fillos.

Elas xa non poden falar e necesitan que falemos por elas. No que vai de ano, tres mulleres asasinadas; na última década, 45. E eu pregúntolle, señor Feijóo, ¿cal sería a resposta da Xunta se en vez de falar de mulleres falásemos de 45 deputados ou futbolistas asasinados? (*Aplausos.*) Estou segura de que se poría todo patas arriba. Pero, lamentablemente, a Manada non son só 5, hai moitas manadas: hai manadas na xustiza, hai manadas na política e hai manadas nas institucións, que tamén exercen violencia contra as mulleres.

Por iso temos que alzar a voz, temos que falar por elas. Temos que falar por elas e denunciar que o que está pasando é un feminicidio. Temos que falar por elas, por esas 55.000 mulleres que nos últimos anos puxeron denuncias por violencia de xénero. Temos que falar para denunciar que cada semana hai 3 denuncias nos xulgados de violación. E temos que falar por todas as mulleres que sofren violencias machistas.

E dígollo claramente: sentímonos agredidas cando o seu Goberno boicotea o 8-M. Sentímonos agredidas cando votan non a dedicar 1 de cada 100 euros para loitar contra a violencia de xénero. Sentímonos agredidas cando recortaron as axudas ás mulleres vítimas de violencia de xénero. E sentímonos agredidas cando incumpren a Lei de violencia de xénero e os acordos deste Parlamento.

Sen vontade política e sen máis recursos non vai ser posible avanzar. Estamos falando da vida das mulleres, do noso dereito a ser libres e a vivir sen medo. E hoxe traemos a este Parlamento catro propostas:

Primeiro, destinar 100 millóns de euros para loitar contra a violencia de xénero. Porque, señor Feijóo, ten que levantar este veto, estamos falando da vida das mulleres.

Segundo, cumprir a lei, empezando por darlles asistencia psicolóxica ás mulleres que sofren violencia de xénero en atención primaria. Porque hoxe o 90 % das mulleres que denuncian non reciben ningún tipo de apoio psicolóxico.

Terceiro, poñer en marcha unha unidade específica en materia de violencia de xénero adscrita á Dirección Xeral de Xustiza.

E cuarto, máis axudas para as mulleres. Propoñemos que se aumente un 30 % as prestacións que reciben as mulleres vítimas de violencia de xénero. E que se suba o umbral para poder recibir esas axudas en de 800 a 1.000 euros mensuais. Só se trata de botar abaixo os seus recortes.

Señor Feijóo, advertíalle ao principio da miña intervención que hai moitas manadas, que hai manadas na xustiza, que hai manadas na política e que hai manadas nas institucións. Demostre que vostede non forma parte de ningunha delas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, cando se denigran as institucións, como os gobernos democráticos ou a xustiza, ocorren cousas lamentables. Dende logo, eu non vou participar no seu discurso porque, ao final, o Parlamento galego intenta ser unha Cámara medianamente seria, aínda que haxa algunha portavoz que non o é.

Señoría, o feito de cuspir —agora pola mañá— un parlamentario de Esquerra Republicana a un membro do Goberno é lamentable. E o feito de que vostede me identifique cunha manada non deixa de ser todavía —se cabe— máis lamentable. Alá vostede, señoría, alá vostede e o seu grupo.

Nós a Magdalena Moreira Alonso, de 47 anos, estámola defendendo, as súas familias e a súa memoria, nos xulgados. A María Judite Martins Alves, de 57 anos, tamén estamos nos xulgados defendendo a súa causa. E a Ana Belén Varela Ordóñez, de 50 anos, tamén. Cando vostedes estaban no Goberno nunca defenderon a ningunha muller nin á súa familia vítima de violencia machista, a ningunha. Nós, a todas. (*Aplausos.*) Por iso, señoría, hai unha gran diferenza entre vostedes e nós. (*Aplausos.*)

Señoría, siga vostede tratando con frivolidade este asunto; siga pensando que os gobernos democráticos, incluso as persoas, calquera tipo de persoa, pode pensar vostede que non condena un asasinato. É lamentable, a súa catadura moral é lamentable. Si, señoría, non sei que vén insinuar aquí pero, dende logo, eu insinuacións deste tipo non as acepto.

Señora Pontón, alá vostede e a súa ética. Levamos traballando moito tempo nos problemas da violencia machista. É certo que a violencia machista non é un problema da última década pero o certo e verdade é que me honro en formar parte dun grupo que foi o primeiro que aprobou o primeiro Plan de acción contra a violencia de xénero —estamos falando do ano 2002—, e a primeira Lei de igualdade de Galicia —estamos falando do ano 2004—, e a primeira rede de entidades locais contra a violencia de xénero —do ano 2012—. E no ano 2013 este Goberno tomou a decisión de persoarse sempre, sempre, nos procedementos penais en caso de morte por violencia machista, no caso de que a familia non estea en contra. E foi este Goberno no ano 2014 o que creou o primeiro Observatorio Galego de Violencia de Xénero; e o que puxo en marcha no ano 2014 o Centro de recuperación das mulleres vítimas de violencia de xénero. E foi este Goberno o que fixo o I Plan de inserción laboral das mulleres vítimas de violencia machista. E foi este Goberno o que abriu de forma permanente os prazos para solicitar axudas, con independencia de que finalizase ese prazo na orde correspondente. E foi este Goberno, señoría, o que está a triplicar o presuposto que dedicaba o Bipartito para a violencia machista.

Por iso, cando vostede nos vén dar aquí leccións, ¿de que? O maior compromiso orzamentario que houbo nun presuposto da comunidade autónoma en 30 anos de historia contra a violencia machista é o que aprobou este Goberno. (*Aplausos.*) O maior compromiso en materia de cooperación e lealdade institucional. (*Aplausos.*) Primeiro fixemos aquí un pacto contra a violencia machista, despois levamos ese pacto ao Goberno estatal, e hai un Pacto nacional contra a violencia machista. ¿É que lamenta vostede ese acordo, señora Pontón? ¿Lamenta vostede o acordo que subscribiu co Partido Popular, co Partido Socialista e con En Marea contra a violencia machista? As coordinacións coas administracións locais están aí: 81 centros de información ás mulleres; 199 concellos adheridos á Rede contra a violencia machista. ¿De que se nos acusa, señoría?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Mire, señoría, eu non vou participar nesta farsa, alá vostede. Se busca facer loita partidista non nos vai encontrar. Se o que busca é traballar contra a violencia machista, contra o terrorismo machista, aí, señora Pontón, vains encontrar. Iso si, con moitísimas máis medidas, moito máis presuposto e máis sensibilidade social da que practicaban vostedes cando estaban no Goberno.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica. Señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, é curioso que a vostede lle indigne a denuncia que formulamos neste Parlamento e non se rasgue as vestiduras cando neste país nos últimos anos morreron 45 mulleres e cada día 16 teñen que ir aos xulgados a poñer denuncias.

E, efectivamente, claro que hai manadas neste sistema, ¿ou acaso non o vemos na sentenzas xudiciais? ¿Acaso non o vemos cando hai gobernos que boicotean o 8-M? ¿Acaso non o vemos

cando hai políticos do Partido Popular que se atreven a afirmar que as mulleres son como as leis, que están para violalas? ¿Ou acaso non o vemos cando se minusvalora e se intenta dicirnos que non pasa absolutamente nada e que o seu Goberno xa está facendo todo o necesario?

Mire, alá vostede co que queira dicir e coas valoracións que queira facer do pasado. Pero a primeira vez que houbo unha lei contra a violencia de xénero neste país foi grazas ao impulso do Goberno bipartito, porque o seu Goberno dicía que non facía falta. (*Aplausos.*) A primeira vez que se puxeron en marcha medidas e recursos económicos nos orzamentos nun programa para loitar contra a violencia de xénero foi con ese Goberno bipartito.

E, mire, a nós o que nos indigna é que estean incumprindo esta lei e que pase absolutamente dos problemas gravísimos que se seguen producindo, así de claro hai que dicilo. Esta lei di que as mulleres teñen dereito a atención psicolóxica en atención primaria —dío esta lei—, levan 10 anos incumpríndoo, o 90 % das mulleres deste país que denuncian non teñen apoio psicolóxico. ¿Está vostede disposto a cumprir a lei, si ou non? É o que ten que dicirnos, señor Feijóo.

Vostede vén aquí e dinos que é suficiente con ese incremento de recursos que hai do Estado. Nós dicimos que non, que o Goberno galego ten que facer un esforzo maior, porque hai mulleres que sofren cada día a violencia e que necesitan ter máis recursos, máis apoio e que o que hai é absolutamente insuficiente. Desde logo, señor Feijóo, fixémoslle aquí catro propostas e eu o que lamento é a súa frivolidade de nin tan sequera ser capaz de valorar e poñer en marcha algunhas desas medidas. Por certo, que formaban parte dos acordos que subscribimos neste Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta. Señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Non só estamos cumprindo a lei senón que estamos ampliando os dereitos e a ambición da propia lei. ¿Como vostede pode falar de dedicar máis recursos —agora fala de 100 millóns— se cando vostedes gobernaban dedicaban exactamente 2,8 millóns? E queda vostede tan campante. É dicir, con 10.500 millóns de euros vostedes dedicaban á violencia machista 2,58; e nós, con 9.900 millóns, dedicamos 14 millóns de euros. E vostede simplemente nin se inmuta.

¿Como me pode falar vostede de que non cumprimos a lei cando resulta que o Plan de acompañamento e de asesoramento ás vítimas de violencia de xénero o estamos impulsando por primeira vez en Galicia?

¿Como me pode dicir vostede que non temos atención psicolóxica cando temos unha quenda de garda psicolóxica en colaboración cos Colexios de Psicología de Galicia, activando un ser-

vizo de garda psicolóxica especializada e permanente para as mulleres, e para os seus fillos menores tamén?

¿Como me pode dicir que non cumprimos a lei cando temos o I Plan estratéxico para os orfos vítimas de violencia de xénero e por primeira vez en España eses orfos teñen unha axuda, con independencia das familias das que proveñan?

¿Como me pode dicir vostede, señoría, que non cumprimos cando estamos incentivando as empresas para que contraten a mulleres vítimas de violencia machista?

Señoría, hai 16 programas neste momento vixentes na comunidade autónoma. Deses 16 programas, o Bipartito tiña 2; os 14 restantes nin os coñecía porque foron propostos, comprometidos, impulsados e executados por este Goberno. *(A señora Pontón Mondelo nega coa cabeza.)* Si, señoría, si, si. Leccións, ningunha, señora Pontón. Como leccións de ética, ningunha.

¿Vostede pensa que nós, simplemente por ser do Partido Popular, non temos sensibilidade coas mulleres? ¿Vostede pensa que a maioría das mulleres que votan o Partido Popular en Galicia son mulleres que non teñen respecto polas súas vidas? ¿Pero como vostede pode dicir semellantes cuestións sen inmutarse? ¡Nin orzamentos, nin programas, nin propostas se poden comparar coas que temos actualmente en vixencia, señora Pontón! *(Aplausos.)* Ningún orzamento, *(Aplausos.)* ningún programa, *(Aplausos.)* e ningunha proposta superan os que temos actualmente. *(Aplausos.)*

Pero, mire, señoría, na súa pregunta di: ¿que pasaría se as 45 mulleres asasinadas foran políticos ou futbolistas? Señoría, parece mentira que haxa que dicirle que hai mulleres políticas aquí. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡37! ¿Que ocorre? ¿Que está insinuando? ¿Que se as deputadas deste Parlamento tiveran algún problema de violencia machista este Goberno non reaccionaría igual que se non foran deputadas? ¿Está insinuando isto? ¿É que nin sequera sabe que hai mulleres que xogan ao fútbol, señora Pontón? *(Murmurios.)* ¿Pero que broma trae vostede ao Parlamento no día de hoxe? *(Murmurios.)* *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Que insinuacións trae agora a este Parlamento no día de hoxe? Sobre a xustiza, señoría, é lamentable que vostede, dende o seu escano, envolta na inmunidade parlamentaria, veña dicir aquí que xuíces e maxistrados non teñen conciencia nin ética cando xulgan sobre a violencia machista. É lamentable, señoría. Estamos nun estado de dereito e se hai algunha sentenza impropia recórrese, por suposto que si, pero non acepto en ningún caso ningún plantexamento.

Mire, señoría, se quere vostede disentir sobre como se aborda este problema, estou de acordo. Agora, se o que quere vostede é poñer en solfa o compromiso de deputadas e deputados do Partido Popular en relación con este problema, pense vostede que non a imos seguir nin un minuto máis. Máis presupostos, máis programas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e máis sensibilidade social agora que nunca. E todo isto é insuficiente, porque namentres haxa un home que asasina a



unha muller non hai ningunha xustificación nin política nin ética nin moral. E por iso, señora Pontón, lamento que frivolice vostede e utilice unha lacra simplemente para discutir e para sementar conflitos nunha sociedade como é a galega que non admite ningún asasinato...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...sexa de quen sexa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidenta da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación da política do Goberno galego en materia de dotación de servizos e equipamentos sanitarios**

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días.

Falamos hoxe de sanidade, e permítanme antes de nada lembrar a Ernest Lluch, asasinado hai 18 anos, que non só é un exemplo como ministro de Sanidade senón tamén de político tolerante e respectuoso da democracia. (*Aplausos.*)

Volvemos falar de sanidade e facémolo nun contexto social e profesional de malestar, cun contexto parlamentario no que creo que estamos perdendo oportunidades. A opinión pública percibe unha sanidade con dificultades. No último barómetro sanitario, que vostede coñece ben, máis do 75 % dos galegos dicían que eran necesarias reformas no Sergas, de maior ou menor intensidade. E os profesionais están manifestando con amplitude o seu malestar: os profesionais dos PAC, que levan un outono de folgas para combater a precariedade dos recursos materiais e os déficits de organización; as urxencias do CHUS, que reclaman algo moi parecido, co seu coordinador dimitido; houbo folgas no Hospital Álvaro Cunqueiro; están convocadas folgas polo sindicato Omega; hai no 061; nas ambulancias..., dificultades de xestión manifestas no mundo sanitario.

¿E cal a resposta que lle dá desde o principal instrumento que ten o goberno que é o orzamento?, ¿cal é a resposta que se lle dá? Pois tivemos estes días a discusión orzamentaria. A sanidade non é unha prioridade para o seu goberno, evoluciona por debaixo, o seu orzamento, do que o fai o orzamento global ou o PIB nominal, está por debaixo. E vemos que hai programas, algúns tan importantes para o futuro como en investigación sanitaria, que ven baixar os seus fondos nun 5 %, un pouco máis do 5 %. Esta é a resposta que se lle está dando desde a Xunta de Galicia.

Ou desprezan os 100 millóns de euros adicionais —un pouco menos— que nós poñemos na nosa emenda e que ridiculizaron desde a tribuna, como se fora pouco relevante. Como diría vostede mesmo, ¡alá vostede! Pero esta é a resposta que lle están dando.

Preocúpannos ademais algunhas decisións concretas. Rectificaron a creación da figura de pediatras de área, pero seguramente terían evitado esa rectificación se tramitaran por unha vía normal a modificación lexislativa necesaria.

Atención primaria desapareceu como estrutura autónoma hai uns anos. Xa sabemos cales son as súas consecuencias: unha perda progresiva de peso para o que é a principal porta de entrada no sistema, para a atención á cronicidade. Voulle dar dous datos. En 2009 había 9.610 prazas en atención primaria; en 2018, 8.361; 190 millóns de euros menos para atención primaria e 1.250 profesionais menos. E entre 2018 e 2019 os profesionais en atención primaria descenden en 58, nun contexto de recuperación económica. Esa é a prioridade que lle dan a esta porta do sistema. E as fundacións de investigación sanitaria funcionan como máquinas de fabricación da precariedade. Aos MIR afortunados, cando rematan a súa formación, ofréceselles un contrato en condicións absolutamente precarias para seguir facendo o mesmo que estaban facendo, é dicir, funcións asistenciais a metade de prezo. Para iso valen as fundacións de investigación sanitaria. Nós facemos unha emenda para que vostedes integren isto no Sergas e acaben con esa máquina de fabricación de precariedade.

E no Hospital de Vigo, señor Feijóo, ten vostede unha oportunidade para revisar a decisión que tomou no seu momento e aforrar 20 millóns de euros cada ano, que significarían para a área sanitaria de Vigo 500 profesionais adicionais, rematando cos notables déficits asistenciais que hai nesa área. Xa sei que moitas veces é inútil preguntar pero...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...eu estou seguro de que a xente está demandando respostas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Efectivamente, señor Leiceaga, o señor Ernest Lluch ten un busto no Servizo Galego de Saúde, na colocación do cal tiven a honra de participar como presidente da Xunta.

Señoría, desde que nós tivemos a oportunidade de falar nas dúas últimas semanas, houbo dúas noticias na sanidade que creo que ben vale a pena.

O equipo do Hospital de Vigo Álvaro Cunqueiro de cardioloxía implantou por primeira vez en España e por cuarta vez no mundo unha válvula tricúspide, fabricada á medida do paciente, sen necesidade de abrir o peito. Unha noticia, 10 de novembro. Segunda, 14 de novembro. Poñemos a disposición do Hospital da Mariña 6.000 metros cadrados de superficie hospitalaria, o que significa incrementar un 33 % o Hospital da Mariña. ¿Para que? Para facer hospitalización e áreas cirúrxicas, e hospitais de día, para facer máis de 33 cubículos

de consultas externas, para facer salas de endoscopias dixestivas, unha nova área de oftalmoloxía... Non está mal en quince días.

Por exemplo, este paciente que foi atendido en Vigo só podería ter esta asistencia sanitaria en dous lugares do mundo: en Suíza e en Alemaña. E engadimos: e en Vigo.

E non está mal o do Hospital da Mariña, señor Leiceaga, que, cando había diñeiro en Galicia —vostede era portavoz do seu grupo—, do Hospital da Mariña non se acordaba ningún, vostede tampouco.

Por iso, señoría, hai dúas afirmacións que están claras. O primeiro, hoxe hai máis recursos, máis servizos, máis prestacións e máis infraestruturas na sanidade que nunca. E a segunda é que hoxe hai máis presuposto e máis recursos humanos na sanidade pública que nunca. Lamento que vostede non o vexa así, será porque ou non consulta o presuposto ou porque non lle permite na súa pregunta aceptalo: 3.784 millóns de euros foi o presuposto inicial do ano 2018. Estamos rozando os 4.000 millóns de euros no presuposto do ano 2019.

Porcentaxe de orzamentos: máis do 41 %. Fala vostede de persoal: 1.544 persoas máis. Médicos de familia: 167 máis, un 7 %. Persoal de enfermería: 583 profesionais máis, un 6 %. ¿De que me fala, señor Leiceaga?

Fálame vostede de pediatras. Acaba de saír o mapa de prazas de pediatría ocupadas por médicos de familia: en Galicia, o 12 %; na maioría das comunidades socialistas rozan o 25 % e o 30 %. É dicir, en Galicia hai moitos máis pediatras que en Andalucía, que en Extremadura, que en Castela-A Mancha, que en Madrid,... (Aplausos.) Moitísimos máis pediatras ocupando a súa praza que nas comunidades autónomas socialistas.

Mire, señor Leiceaga, nunca antes se investira tanto en sanidade, nunca antes houbera tantos presupostos en sanidade, nunca antes tiñamos unha plantilla tan ampla como agora na sanidade, e nunca antes houbo menos esperas de cirurxía e de consultas externas que agora. E nunca antes, señoría, nunca antes na sanidade pública houbera tantos servizos, tantas vacinas, tantos tratamentos, tantos medios diagnósticos e tanta tecnoloxía como agora. Por iso non sei exactamente de que se trata. Se do que se trata é de seguir mellorando a sanidade, conte vostede con nós. Se do que se trata é de seguir dicindo que a sanidade pública galega está peor que nunca, señor Leiceaga, iso non o cre nin vostede, nin vostede.

Señor Leiceaga, falar do presuposto do ano 2009 e non *sonrojarse* é cando menos sorprendente.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Saber que deixaron 2.000 millóns de euros sen pagar —e tivo que recordarllo o conselleiro de Facenda o luns—, que deses 2.000 millóns de euros que deixaron de pagar do presuposto 2008-2009 —cheo de buratos— levamos xa pagamos máis de 1.100 millóns de euros, é cando menos un sarcasmo.

Señor Leiceaga, celebre connosco que temos a mellor sanidade pública que nunca tivo Galicia, iso si, comprométome —nós con vostedes— a seguir mellorando a sanidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Eu xa dixen onte que o problema é que vostedes non se toman en serio os seus orzamentos. Porque eu todas as cifras que lle dei de persoal son sacadas dos libros dos orzamentos. Entón, claro, a partir de aí, é que non se toman en serio nin sequera o que poñen eses libros. Non me estraña, porque son en moitas ocasións unha novela, como dicía onte, fantástica. (*Aplausos.*)

Pero mire, precariedade sanitaria. Xa lle fixen as contas da precariedade algunha vez a partir dos datos do IGE, que din no seu pé «tomados directamente do Sergas», «facilitados directamente polo Sergas». Agora o que fixen foi poñelo nun gráfico. 2011 —para que non me diga que é o 2009— igual a 100. A porcentaxe de eventuais está en 180 nos últimos datos publicados, 180, sendo 2011 igual a 100. Esta é a súa xestión. O persoal fixo, como ve, vai descendendo. Esa é a súa xestión, señor Núñez Feijóo.

E a precariedade pódese solucionar, pero hai que ser ambiciosos, hai que crear 10.000 prazas en catro anos, son necesarias 10.000. Voulle dicir por que: porque hai que compensar as xubilacións; porque hai que incrementar en 2.000 as prazas necesarias para poder atender as necesidades dunha poboación que, aínda que está estable, cada vez é maior en termos de idade e, polo tanto, necesita máis coidados sanitarios. E porque necesitamos transformar os case 7.000 persoal precario que ten hoxe o Sergas nunha cifra moito máis manexable. Eu propoñoille en catro anos reduci-lo a 1.000 por ano. Para iso necesitamos 10.000 persoas adicionais.

Pero fíxese vostede: se resulta que a cuestión na sanidade vai tan ben, ¿por que son vostedes tan alérxicos a permitir que a comisión de investigación funcione? (*Aplausos.*) Queixábase o seu portavoz parlamentario de que queríamos abrir en canal a xestión sanitaria. Para iso serven as comisións de investigación, para saber o que pasa. Abrir en canal significa poder saber de verdade qué está ocorrendo na sanidade, por exemplo no PAC da Estrada. E non é un problema nin o número total de comparecentes nin o equilibrio entre o Partido Popular e os grupos da oposición. Iso tiñámolo resolto. É que vostedes non queren que veñan aqueles que nós propoñemos. E como se nun xuízo a defensa decide quen vai testificar pola acusación, e iso non podemos aceptalo. (*Aplausos.*) E esa é a súa responsabilidade. Aínda está a tempo de darlle ordes ao seu grupo para que mañá acepten a proposta da oposición e poñamos ter unha comisión de investigación en condicións de normalidade. Porque se do que se trata é de domesticar a oposición, saiba que con nós non vai contar.

Pero o peor é que iso vai provocar que haxa máis escurantismo en relación coa sanidade, o cal non é bo. A transparencia é boa porque permite eliminar disfuncións, permite eliminar problemas. A taxa de precariedade é excesiva, os déficits asistenciais tamén.

Fálame vostede dos 6.000 metros cadrados da Mariña. ¿Canto persoal adicional vai ter o Hospital da Mariña...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...para utilizar eses 6.000 metros cadrados? Cero, ese é o problema, señor Núñez Feijóo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Leiceaga, a min sorpréndeme, porque non pasa nada por ser serio, señor Leiceaga, ¡se lle vai a vostede moi ben sendo serio e isto simplemente é un plantexamento...! Non sei quen lle pide facer este tipo de cousas. ¡Pero se vostede sabe perfectamente que a maior porcentaxe de estabilidade dos servizos de saúde de España a ten o Servizo Galego de Saúde! ¡Se vostede sabe que a menor porcentaxe de temporalidade está no Servizo Galego de Saúde! ¡Se vostede sabe que non podemos sacar todas as ofertas de emprego que nos gustaría porque tiñamos unha lei de presupostos que cerceaba as posibilidades da oferta pública de emprego, precepto básico da lexislación estatal! Pero, señor Leiceaga, ¿de que se nos acusa? ¿De ter o menor número de interinos de España?

Pois mire, mañá levamos unha oferta pública de emprego só para o ano 2018: 1.461 prazas no Servizo Galego de Saúde. *(Aplausos.)* Temos pactadas cos sindicatos, señorías, as ofertas públicas de emprego e agora resulta que o señor Leiceaga quere substituír as organizacións sindicais na defensa dos traballadores. É unha pena que non dea unha volta por Andalucía. Aí si que están en folga, señor Leiceaga, aí si que están en folga, toda a atención primaria. E, por certo, tamén a televisión andaluza, diso do que lle gusta a vostede falar tanto, da televisión. Vostedes teñen dous asuntos, a televisión e a sanidade. Prosigan, insistan, a min non me parece mal. As propostas da oposición escólleas a oposición.

Fala vostede do Hospital de Vigo e fai os números do gran capitán. Os números do gran capitán estamos acostumados a verllos facer ao Partido Socialista nas concesións e nos choios que lle dá a Audasa, aí si que estamos acostumados. *(Murmurios.)*

Pero mire, señoría, se vostedes fixeran o que fixo, por exemplo, o Concello de Pontevedra, do BNG, ceder a parcela, facer as acometidas eléctricas, facer os abastecementos, os saneamentos e os viais, xa tiñamos máis de 20 millóns de euros. E vostedes negáronlle á sanidade pública de Vigo a auga e o sal, simplemente non nos deixaban facer o hospital público de Vigo porque non soportaban que fixeramos o mellor hospital público de España, señoría. *(Aplausos.)* Esa é a súa aportación ao Hospital de Vigo.

Señoría, este mesmo mes, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia volveu ratificar a verdade sobre o hospital público Álvaro Cunqueiro, dicindo por sentenza que ese hospital é público cen por cento. *(Murmurios.) (Protestas.)* Vostedes contaron a mentira... *(Murmurios.)* Señorías,

desde que teñen vostedes deputados que non saben nada de dereito e que din que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ten que aprender do economista señor Losada, é algo sorprendente. Pero, en fin, sigamos. *(Aplausos.)* Sigamos por aí, señor Leiceaga.

Miren, señorías, vostedes na sanidade contaron a maior mentira en trinta anos de autonomía, 150.000 metros cadrados de mentira, que é a superficie do hospital público de Vigo. Pero agora resulta que non queren volver á realidade, nin sequera no Parlamento. Teñen vostedes un secretario xeral que non quere estar no Parlamento, que nin sequera vén ao debate do estado da Autonomía. ¡Sorprendente! Teñen vostedes a presidenta da Deputación de Pontevedra, que simplemente ningunea e se nega a render contas aos galegos neste Parlamento. E abandonan vostedes as dúas comisións de investigación creadas por proposta da oposición, as dúas. ¡Sorprendente! A pregunta en todo isto non é para que serve o Parlamento, a pregunta é: ¿para que serve o Partido Socialista Obreiro Español de Galicia? Esa é a pregunta. *(Murmurios.)*

Mire, señoría, no Parlamento de Galicia hai dúas comisións de investigación por proposta da oposición. Nas dúas comisións de investigación a maioría dos comparecentes son por proposta da oposición. Na Comisión de Sanidade eu mesmo pedín participar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e estar nesa Comisión de Sanidade. ¿Verdade que sería imposible que isto ocorrera en Vigo? *(Murmurios.)* ¿Unha comisión de investigación no pleno de Vigo? Imposible, ¿Que compareza o alcalde de Vigo? Imposible.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Que a oposición poida plan-tejar unha comisión de investigación? Imposible.

Mire, señoría, para non deixar en evidencia o Concello de Vigo están deixando en evidencia a todo o Grupo Parlamentario do Partido Socialista, e a vostede, especialmente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Leiceaga, sobre sanidade, mentira e Partido Socialista de Galicia son sinónimos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

*(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)*

¿Para que quere a palabra, señor Leiceaga?

**O señor PRESIDENTE:** Déanlle voz ao escano do señor Leiceaga. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor, silencio.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, para simplemente compensar algo o tempo adicional que tivo o presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Non. Tivo o mesmo.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Non, non, pero voulle dicir...

**O señor PRESIDENTE:** Tivo o mesmo.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Non, non, hai que ler as propostas que fai o Partido Popular para a Comisión de investigación da sanidade, que é unha documentación...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, xa está. ¡Non, iso non é! Ese debate concluíu...

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...que vén ao caso para este Parlamento, e verán...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, esta pregunta está pechada, por favor. Non é unha cuestión de orde esa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdón, este debate xa está feito, señor Leiceaga, este debate está feito. Grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, está feito, señor Leiceaga. Grazas. (*O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, este debate xa concluíu, xa concluíu.

Grazas, señor Leiceaga. Terminou, xa está. Non é o asunto.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as políticas que vai levar a cabo o Goberno galego para rematar cos condicionantes de xénero na desigualdade económica e garantir os dereitos reprodutivos das mulleres**

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señor presidente.

Non sei se recollerei o sentido e o sentimento do señor Leiceaga con estas palabras, pero acaba de dicir o señor presidente da Xunta de Galicia que el se postula voluntario para acudir á Comisión de Sanidade, pero o voceiro do Partido Popular hoxe dixo na comisión que vetaban varios nomes, entre eles o dun familiar da persoa falecida no PAC da Estrada. E eu preguntome: ¿pensa vostede que co seu testemuño pode suplir o testemuño do familiar do falecido na Estrada? (*Aplausos.*) Se é así, volveremos á comisión. Se vostede considera sin-

ceramente iso, volveremos á comisión; e, se non, entenderemos que é un veto inasumible para o control democrático que nós temos que exercer sobre a acción de goberno.

Dito isto, explico o sentido da nosa pregunta de hoxe.

Esta semana coñecemos un informe da Fundación Adecco que destacou que un 81 % das vítimas de violencia machista se atopa desempregada ou traballa na economía somerxida. Son datos dunha enquisa propia e, ademais, combinados con datos oficiais do Consello Xeral do Poder Xudicial. Un estudo a nivel europeo revelou ademais que 6 de cada 10 vítimas de violencia estaba desempregada no momento de sufrir a violencia machista. Datos de ambos informes que afirman unha tendencia, e é que existe certa relación entre a situación de desemprego, de precariedade laboral e social, e as situacións de violencia contra as mulleres. Así, un 65 % das mulleres enquisadas manifesta atoparse desempregada, xunto a un 16 % que admite desempeñar algún tipo de ocupación pero sen contrato ou en condicións de absoluta desprotección.

Segundo este mesmo informe, en moitas ocasións é a propia violencia a que afasta as vítimas do mundo laboral debido ao bloqueo de acceso ao emprego que exerce o propio agresor, de tal maneira que o emprego se alza como recurso clave para facer fronte á violencia machista, ao constituír o único elemento que empodera transversalmente as mulleres incrementando a súa autonomía, a independencia e a autoestima. O desemprego convértese así nun dos principais freos para que as mulleres dean o paso e denunciem. En efecto, o 71 % das mulleres destaca o paro e as situacións de precariedade como principais freos para denunciar.

Ante esta situación, a Xunta de Galicia, entendemos desde En Marea, debería actuar xa fronte á fenda salarial de xénero en Galicia no marco dunha política urxente de incremento dos salarios galegos, que son dos máis baixos do Estado. Soamente unha cifra: entre mulleres e homes a diferenza é de máis de 5.000 euros en cómputo anual, o que supón un 29 %. Unha fenda salarial que, ademais, como se pode ver, diminuíu durante a crise. Non porque as mulleres cobrasen máis, senón porque os homes, que eran os que máis cobraban, foron ao desemprego. En canto o emprego volveu medrar despois da recesión, son os homes os que volven traballar máis e os que volven cobrar máis. Polo tanto, a fenda salarial vólvese incrementar. Por iso urxen políticas que acaben con esta fenda salarial e de xénero no noso país.

Estando, pois, cada vez máis clara a relación entre paro e precariedade feminina e violencia, cuns datos que revelan unha alta precariedade laboral e social das mulleres en Galicia, a pregunta que cómpre facerse e que queremos trasladar é: ¿como intervén a Xunta de Galicia para avanzar cara á igualdade de xénero? E nós respondemos á pregunta vendo os orzamentos de 2019: con tacañería, reducindo os orzamentos. Miren, no programa titulado «Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social» o gasto no ano 2019 vai ser dun 69 % inferior ao que había hai unha década, pasando de 5,1 a 1,6 millóns. Outro programa, o titulado «Acción para a igualdade, protección e promoción da muller», caerá un 76 % en relación con hai unha década, o cal implica unha caída de 23 millóns de euros. Só hai un programa que se incrementa —porque hai que dicilo todo—, que é o de «Protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero», que acada os 14 millóns de euros fronte aos 3 millóns de euros da década anterior.



Hai unha conclusión en termos globais. Si, porque lles estamos recoñecendo todos os datos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...todos os datos.

Remato.

O gasto dos programas correspondentes á muller pasaron globalmente de 39 millóns de euros hai unha década a supoñer 23 millóns de euros nos vindeiros orzamentos do ano 2019. É unha caída, neste caso, do 41 %.

A pregunta é clara: ¿considera vostede que esta tacañería orzamentaria é suficiente para acabar coa desigualdade económica entre mulleres e homes? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.

Moi ben, señor Villares, falemos de datos.

Efectivamente, nós estamos de acordo con que a maior causa de desigualdade económica é a falta de emprego, sen dúbida. E por iso creo que ben vale a pena lembrarlle como está evolucionando o emprego en Galicia: 23.294 afiliados máis que hai un ano e case 17.000 parados menos que hai un ano. Así é como está evolucionando o emprego. Pero o que aquí importa é o emprego feminino. E, no caso das mulleres, hoxe en Galicia hai 11.353 afiliadas máis á Seguridade Social que hai un ano e 7.600 mulleres paradas menos hoxe que hai un ano.

Eses son os datos. E por iso, como a vostede agora parece ser que lle interesan os datos —a min sempre me interesaron—, hai que dicirlle que a taxa de paro en Galicia é o 2,8 % menos que no conxunto de España —taxa de paro feminino—. E hai que dicir que Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior porcentaxe de mulleres con traballo completo, a tempo completo, de España, a segunda comunidade mellor. E hai que lembrarlle que a taxa de mulleres con contrato indefinido en Galicia supera a media de España en máis de dous puntos.

Sigamos. En afiliacións, hoxe hai máis mulleres afiliadas á Seguridade Social das que había no ano 2009; e, en paro, hoxe hai menos paro feminino do que había no ano 2009.

Polo tanto, en materia de emprego imos bastante mellor que a media de España e bastante mellor que na Xunta que atopamos no ano 2009. Eses son os datos, señor Villares. Como vostede parece ser que agora consulta os datos, estes son os datos.

Pero por suposto que en materia de desigualdade e en materia de violencia machista e en materia de oportunidades da muller teñen moito que ver as conciliacións e os programas de

conciliación. Mire, o bono concilia, o bono coidado e as casas niño non existían co Bipartito. Simplemente nin se sabía o que eran, non existían. Escolas infantís en polígonos industriais non existían co Bipartito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, existían. ¡Moi ben! E o primeiro Plan de conciliación e corresponsabilidade foi aprobado por este Goberno.

Mire, señoría, imos pegar un repaso. En bono concilia, hoxe hai 4.400 familias beneficiarias; no bono coidado —co Bipartito, cero—, hai 400 familias beneficiarias; en casas niño —co Bipartito, cero—, hai 61 concellos; nas escolas infantís, co Bipartito había 12.000 e agora máis de 24.500. En taxa de cobertura de escolas infantís o óptimo da Unión Europa é o 33 %; en Galicia, o 42,6 %.

Señor Leiceaga, sigamos... (*Murmurios.*) Perdón, señor Villares. ¿Redúcese a taxa de pobreza? A resposta é que si. Somos a segunda comunidade autónoma coa taxa de pobreza máis baixa desde o ano 2008. ¿Redúcese o número de fogares con dificultades para chegar a fin de mes? Si, temos a estatística máis baixa da serie histórica.

Agora ben, se me di vostede: ¿vostede está satisfeito con esta situación? A resposta é que non, de ningún xeito. Pero se vostede quere falar, e quere falar de datos, e quere falar de comparación de Galicia consigo mesma, de Galicia co resto de España, aí hai que dicir, señor Villares, que debería vostede estar razoablemente satisfeito, porque estamos mellor que no ano 2009 e estamos mellor que a media de España.

Sobre o orzamento, señor Villares, non se deixe enganar. O que facía o Bipartito era sumar os orzamentos, as conciliacións e o que gastaba nas escolas infantís. Eu por iso lle daba toda esa cantidade. O que gastaba o Bipartito eran 2,6 millóns de euros. E o que gastamos nós son 14 millóns de euros, con menos diñeiro que o Bipartito.

Señoría, menos paro feminino, máis afiliacións á Seguridade Social femininas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e mellor situación do emprego da muller en Galicia hoxe que no ano 2009 e que na media de España. Eses son os datos, señor Villares. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¡Carai!, podería dar a sensación, escoitándoo a vostede, de que está todo feito, ou case todo feito. Eu fíxenlle unha pregunta concreta que vostede deixou sen contestar, que era sobre as políticas orzamentarias para reducir a fenda salarial entre mulleres e homes. Vou dar o dato, non vaia ser que a vostede se lle olvide.

En Galicia, as mulleres cobran de media, no cómputo anual, 15.730 euros, mentres que os homes cobran 20.243 euros. Esa diferenza supón practicamente un 29 % de fenda de xénero,

de fenda salarial de xénero entre mulleres e homes. Deixou vostede sen contestar esta cuestión. E deixou vostede sen contestar a que se orientan as súas políticas para acabar con esta fenda. ¿Ou é que a vostede lle parece ben que exista esta fenda e que se agrande dende o ano 2014? Deberá explicar iso.

Mire, como os datos que nós lles damos non lles valen, vou tomar agora os datos que ofreceron os colectivos convocantes da folga feminista do 8M en Galicia, que sacaron o maior número de mulleres —tamén de homes, pero de mulleres— ás rúas na historia democrática do noso país, e explicar os motivos polos que saíron. Saíron por tres motivos principalmente.

En primeiro lugar, por determinados recortes orzamentarios en todo o relacionado coa promoción da igualdade, cunha redución global de máis dun 300 % en programas destinados a accións para a igualdade, a protección e promoción das mulleres, cunha redución á metade das axudas por fillas e fillos menores de 3 anos, e pola paralización do Plan galego de emprego feminino, contemplado no ano 2007; por recortes de servizos; pola desaparición do segundo Plan galego de inclusión social, do Programa Entendo —que daba resposta xurídica, médica e psicolóxica ao colectivo LGTBI—; pola desaparición do programa Preescolar na casa, polo desmantelamento dos centros Quérote, pola cancelación da posta en marcha do servizo Canguros, e pola subida das taxas de garderías e dos comedores escolares. Así como pola retirada do orzamento para o Plan de desenvolvemento cigano, que escolarizaba numerosas nenas da comunidade.

Por se isto fose pouco, a denuncia estendíase tamén ás restricións dos servizos sanitarios relacionados coa muller. Abandonaron os plans de saúde de atención á muller e a consulta xinecolóxica regular, eliminando a prevención.

Especialmente cuestionables, polo seu sesgo conservador e reaccionario, son algunhas das súas medidas en materia de maternidade, que trataron e tratan as mulleres coma se non tivesen capacidade para decidir sobre as súas propias vidas, negándolles a liberdade que non lles negan aos homes. É o caso do Plan integral de apoio á muller embarazada, unha escusa para financiar entidades conservadoras relixiosas. Ou ben os plans de apoio á familia que fan de menos as mulleres, coma se non tivesen capacidade de decidir.

Estas preocupacións non son de En Marea, son as preocupacións de toda unha sociedade que saíu á rúa —vou rematando—. Por iso estamos preocupados, por isto e tamén pola deriva conservadora e paternalista, e ata patriarcal, do líder do seu partido, Pablo Casado, que anunciou recentemente a súa vontade de derrogar a Lei do aborto do ano 2010, unha lei que aumentou a seguridade xurídica, o nivel de educación sexual e afectiva, que aumentou o ámbito de libre decisión da muller sobre o seu propio corpo e o recoñecemento dunha serie de garantías sanitarias, físicas e psicolóxicas para adoptar unha decisión plenamente libre e sen coaccións —por certo, ocasionando un descenso do número de abortos—. Casado quere, na nosa opinión, mandar as mulleres a unha caverna, mandalas á caverna da historia, quitándolles o dereito conquistado a decidir libremente sobre o seu propio corpo, impondo os rosarios sobre a razón, e volvendo perseguir penalmente as mulleres por tomar decisións que soamente a elas lles corresponden.

Polo tanto, a pregunta neste ámbito é clara.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, rematou o seu tempo.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¿Comparte vostede esta volta á caverna que propón para as mulleres Pablo Casado?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta de Galicia.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** É que non dou creto. Despois de escoitar, tiven que mirar exactamente de que ía a pregunta. (*Risos.*) ¡Pero alá vostede!

Mire, déixeme lerlle este párrafo, este párrafo intelixente: «*La brecha salarial no se explica tanto por la diferencia de remuneración en los mismos puestos, sino por la fuerte segregación de las mujeres en el mercado de trabajo. Ellas trabajan en sectores peor remunerados, y evolucionan a un ritmo menor que ellos hacia categorías laborales mejor remuneradas.*»

¿Parécelle ben este plantexamento ou non? (*Murmurios.*) Comprendo que vostede iso non o vaia contestar ata decembro, pero ¿parécelle ben ou non? É a proposta de Podemos, señor Villares, leo literalmente. ¿Está de acordo entón con isto? Entón, se vostede está de acordo con isto, igual lle vai mellor na súa pugna interna. E, se non está de acordo con isto, é que simplemente vostede non fala en serio. Eu estou de acordo con esta reflexión de Podemos, efectivamente.

Pero escoitar aquí que un plan de atención á embarazada é un guiño aos temas relixiosos é, cando menos, sorprendente; é dicir, que coidar a muller embarazada é un tema ideolóxico. Coidar unha muller embarazada que vai ter un bebe é un tema ideolóxico, da caverna do Partido Popular. É dicir, os xinecólogos e os pediatras que coidan as mulleres embarazadas son todos uns talibáns ideolóxicos, e o que hai que facer é non coidar as mulleres embarazadas. ¡Pero se ese é un tema ideolóxico! (*Murmurios.*) Facer un *screening* de cancro de cérvix, ¿iso tamén é un tema ideolóxico? Evitar miles de mortes de cancro xinecolóxico é un tema ideolóxico, segundo o señor Villares. ¡Pero vostedes en que país viven! ¿Que respecto lles teñen ás mulleres? E ¿que respecto lles teñen aos profesionais sanitarios, que o único obxectivo que teñen é coidar as mulleres? (*Aplausos.*)

¡Pero como se poden dicir semellantes cuestións, señoría! ¡Como poden vostedes falar aquí de que o Plan de atención á embarazada é un asunto ideolóxico do Partido Popular de Galicia! ¡Pero se iso vai en contra xa non dun plantexamento mínimo de ética, vai en contra do dereito natural! Pero ¿como é posible, señor Villares, que vostede non rectifique ao finalizar esta intervención e pedir que desapareza do *Diario de Sesións* esa referencia?

Imos seguir atendendo as mulleres embarazadas en Galicia con todos os recursos dispoñibles, e imos seguir facendo *screening* en cancro xinecolóxico, porque evitamos miles de mortes.

Señor Villares, están no *Diario de Sesións* todas as consideracións que vostede fai desde o punto de vista ideolóxico en relación co embarazo, en relación coa muller e en relación co dereito á vida que ten un neno ou unha nena, e por suposto unha nai a ser nai cando lle pete e non cando lle manden vostedes. (*Aplausos.*) ¡Ata aquí podíamos chegar neste plantexamento!

Mire, a min non me gusta falar por falar. Na ampliación dos permisos de paternidade e maternidade somos a primeira comunidade autónoma de España; na ampliación das axudas de redución de xornada, a primeira comunidade autónoma de España; na ampliación do apoio á conciliación nos concellos, un 36 % máis de presuposto. Sobre a ampliación do orzamento destinado a escolas infantís, cando estamos dando financiamento ás escolas infantís, ¿non estamos facendo o que hai que facer coas mulleres e cos pais? ¿Non? Mire, no ano 2019 volve subir nada máis e nada menos que 3 millóns de euros; o cheque infantil, 28,5 millóns de euros. A «tarxeta benvida» non existía en épocas de bonanza económica; e os 100 euros por doce meses para o primeiro fillo —e incluso chegar ao segundo e ao terceiro ano— non existía. E non hai ningún goberno máis progresista coas mulleres e coa conciliación laboral que o Goberno do que formo parte. ¡Ningún, señor Villares, ningún! (*Aplausos.*)

Por iso me sorprende, señoría, que me estea falando agora das políticas de conciliación. ¡Benvidos ás políticas de conciliación! Mire, os mozos, 46.000 mozos en Galicia, teñen unha tarxeta de transporte gratuíto. Ningún alcalde das Mareas lles ofrece transporte gratuíto aos mozos nas cidades onde gobernan. As bonificacións ás familias numerosas no transporte metropolitano interurbano facilita a conciliación laboral aos matrimonios que teñen fillos. En canto aos apoios á maternidade no Sergas, mire, señoría, é a primeira vez que un servizo de saúde, cando unha muller embarazada está de baixa, lles paga as gardas e os turnos aos que estaban antes como médico ou como enfermeira, ¡ningún servizo de saúde, e agora si! E é a primeira vez que na oferta pública de emprego, e nos concursos de traslados, se com-putan como servizos prestados as excedencias e as reducións de xornada.

Señor Villares, se quere vostede sumar, a favor. Pero dicir as barbaridades que dixo vostede do Plan do embarazo na sanidade é indigno dun deputado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Continuamos agora co punto 4 da orde do día, que se corresponde co de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non se presentaron emendas, e, para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Antes de comezar o debate, polo que acabamos de observar e de escoitar, creo que é oportuno facer unha lectura dun documento. O señor presidente dixo literalmente: «As propostas da oposición escólleas a oposición». E quero ler a proposta do plan de traballo do Partido Popular na comisión de investigación:

«Carmen López, Abelardo Sánchez, Laura Quintas —representante do Consello de Contas—, Beatriz González, Juan Gestal, Enrique Castellón, Serafín Romero, Rafael Matesanz, Víctor Manuel López, Rafael López, José Manuel Olivares, Sandra Vidal, Rosendo Bugarín, Antonio Martínez Calvo, Sergio Vázquez, Juan Turnes, Manuel Delgado, Fernando Jorge Mora, Felipe Calle, Manuel Bernárdez, Jorge Aboal, Antonio Fernández Campa, Valeriano Martínez, Jesús Vázquez Almuíña, Alberto Núñez Feijóo.»

Esa é a proposta do Partido Popular para a comisión de investigación. Lembro que o presidente acaba de dicir que as propostas da oposición as escolle a oposición. Vou ler o plan de traballo aprobado —e non me fai falta cambiar de documento porque é exactamente o mesmo—. (*Aplausos.*):

«Carmen López, Abelardo Sánchez, Laura Quintas —representante do Consello de Contas—, Beatriz González, Juan Gestal, Enrique Castellón, Serafín Romero, Rafael Matesanz, Víctor Manuel López, Rafael López, José Manuel Olivares, Sandra Vidal, Rosendo Bugarín, Antonio Martínez Calvo, Sergio Vázquez, Juan Turnes, Manuel Delgado, Fernando Jorge Mora, Felipe Calle, Manuel Bernárdez, Jorge Aboal, Antonio Fernández Campa, Valeriano Martínez, Jesús Vázquez Almuíña, Alberto Núñez Feijóo.»

E volvo lembrar que o presidente dixo: «As propostas da oposición escólleas a oposición». E é rotundamente mentira. O señor Núñez Feijóo é un mentiroso. (*Aplausos.*) E o único que debería facer, e apelando a isto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tranquilo, señor Pazos, é vostede como o Gabriel Rufián do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O único que ten que facer o presidente é facer que sexa verdade a súa afirmación. Se as propostas da oposición as escolle a oposición, estaremos de acordo. A outra opción é que as propostas da oposición as escolla o Grupo Popular, e iso é inaceptable en calquera sistema parlamentario.

Polo tanto, o que ocorre na comisión de investigación é sinxelamente que o Partido Popular está tapando a alguén. (*Aplausos.*) Por certo, probablemente porque o señor Feijóo mentiu neste Parlamento cando dixo cousas, por exemplo, sobre o PAC da Estrada, como que había unha convocatoria feita de médicos... Haberá que saber quen convoca eses médicos, quen os cita, como se fai e se é verdade o que se dixo. Probablemente non, e por iso se está tapando a alguén. É certo que tamén ás veces, como dicían en *El Padrino*, hai que ter coidado coa familia.

Señores do Partido Popular, viñamos hoxe a falar de sanidade e de atención primaria. A verdade é que as intervencións que se fixeron aquí por parte do presidente son un pouco... tal. Só unha aportación, se me permiten: se o hospital de Vigo é plenamente público, ¿a quen lle estamos pagando os 70 millóns de euros ao ano de canon? ¿A quen? (*Murmurios.*) ¿Aos mé-

dicos? Non, aos médicos, non, que van polo capítulo I, de persoal. *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)* ¿A quen lle estamos pagando un canon de 70 millóns de euros ao ano por un hospital, que se supón que é público? Iso si, ten CIF privado e cobra 70 millóns de euros ao ano de todos os galegos e galegas. ¿A quen lle estamos pagando 70 millóns de euros ao ano? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)* ¿A quen?

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**O señor TORRADO QUINTELA:** Porque hai uns orzamentos que din que lle estamos pagando 70 millóns de euros ao ano a alguén que resulta que non existe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**O señor TORRADO QUINTELA:** Polo tanto, ¿pódenme explicar a quen lle pagamos o canon se o hospital é público? ¿E pódenme explicar de quen é o CIF? Porque, se é público, o CIF será o da Xunta, que non o é. *(Fortes murmurios.)*

Por certo, unha das persoas que nós propoñiamos para que viñera era o representante da concesionaria. Tampouco pode vir a esa comisión, porque o PP di que hai xente que non pode falar. Pero debe ser que non queren escoitar que nos digan a realidade. ¡En fin...!

Plantexamos un debate sobre a atención primaria, que non é dende logo un debate menor. Dende o noso punto de vista hai un punto de partida de consenso, de gran consenso, entre todos os grupos parlamentarios. Si, hai un consenso, e é que discrepamos. Tamén está ben ás veces encontrar o punto de consenso no que discrepamos. O problema no que discrepamos está en que —como acaba de ser visto, dada a intervención do señor Feijóo— do Partido Popular un non se pode fiar nin do que di. Porque hoxe di unha cousa, mañá pola tarde dirán outra e mañá pola mañá, outra. E hoxe pola tarde igual din a contraria. Un, cando está instalado na mentira, corre o risco de mentir sobre si mesmo. Pero, en definitiva, o que plantexamos é que neste tema da atención primaria hai algunhas cuestións que son chamativas.

Os orzamentos da Xunta —eses que está visto que o señor Feijóo tampouco os cre, e debe ser que eses 70 millóns de euros resulta que van para a atención primaria pero non o sabe ningún— din que o persoal que temos en atención primaria neste ano respecto do ano anterior diminúe, e que do ano anterior ao anterior diminuíu máis. Ou, o que é o mesmo, que en tres orzamentos que ten esta lexislatura —é o terceiro que se vai aprobar, previsiblemente o mes que vén— perdemos en atención primaria 317 profesionais sanitarios. Por certo —dino os orzamentos—, se hai eses 1.500 máis —que hoxe xa non se citaron, ¡non vaia ser!— que están, segundo notoriamente di o señor Feijóo moitas veces, na sanidade pública, ¿de onde se lles paga? ¡Porque nos orzamentos non están! ¿Hai 1.500 profesionais máis que están sen cobrar? ¿É un novo modelo explotador laboral, é dicir, imos contratar 1.500 profesionais na sanidade pero non lles pagamos? E despois pagámoslle 70 millóns de euros a alguén e non se sabe por que, porque o hospital é público. Estáselle pagando 70 millóns a quen non é e están deixando de cobrar 1.500 profesionais. *(Aplausos.) ¡Misterios da contabilidade! (Aplausos.)* Tamén é certo que, en termos de contabilidade, o Partido Popular non é moi de fiar.

Hai un problema coa sanidade pública en xeral, e coa atención primaria en particular. E hai un problema —como dicíamos— de concepto que leva a un déficit de planificación. A eliminación das xerencias por parte do Partido Popular foi un claro síntoma. E ese problema é de planificación; é dicir, non hai hoxe ninguén nas estruturas organizativas que dirixa directamente a atención primaria e que se encargue de coordinar. En centros de saúde ¿quen organiza os turnos de substitucións dos profesionais? Por certo, unha cuestión moi interesante para saber o que pasou no PAC da Estrada. ¿Quen organiza os turnos de substitución do persoal? ¿Como? Queríamos preguntarlle á xerente da EOXI, responsable do PAC da Estrada, pero non se pode porque neste Parlamento hai xente que non pode falar. Lembren.

Nós o que plantexamos é que, como non hai esa coordinación, hai tamén unha perda de recursos. Se ninguén pula ou defende os recursos da atención primaria, pois ninguén vai existir para que poida concedelos. Porque, se ninguén pide, ninguén concede. E isto lévanos a dúas cuestións esenciais que traemos a través desta iniciativa, en termos de persoal e en termos de centros de saúde, de infraestruturas.

En termos de persoal —como mencionabamos— hai 1.249 profesionais menos nos orzamentos que en 2009, pero incluso hai 317 profesionais menos que nos primeiros orzamentos desta mesma lexislatura, 317 en dous anos. Polo tanto, o que nós plantexamos sinceramente é que hai unha redución intencionada de persoal. ¿A que leva? A que non se substitúan profesionais, a que non exista a capacidade de cubrir todas as baixas ou vacacións e a que, polo tanto, se estean agrupando os servizos, que esa é a intención final: concentrar, concentrar dende os centros de saúde no rural ata as cabeceiras comarcais; e concentrar nos servizos dos hospitais dende os comarcais ata os grandes hospitais. Porque a concentración facilita a atención a unha parte da poboación, si, á que ten mellores e máis fáciles accesos; pero difícilíllala á maior parte da poboación, nomeadamente, a aqueles que viven no rural e, especialmente, a aqueles que usan habitualmente a atención primaria; especialmente —que o son— a aquelas persoas maiores que ademais viven nun entorno moi disperso. E, polo tanto, o que estamos é calculando a nosa atención primaria dende un despacho, pechadiños cun *google* e cunha folla de *excel*. E hai que atender pensando nas persoas que van aos centros de saúde.

Pero ademais do tema do persoal, desa precariedade increíble, temos un problema cos centros de saúde. E témolo debatido tantas veces que eu creo que o mellor, ás veces, son os exemplos. Miren, A Estrada vai contar —previsiblemente, polo que hai anunciado— cun novo centro de saúde, terá dous centros de saúde. A Estrada terá dous centros de saúde, Caldas aínda non ten o centro de saúde que necesita, ou Vilagarcía —con máis poboación que A Estrada— terá un só centro de saúde de hai case cincuenta anos. ¿Saben cal é a diferenza entre A Estrada, Caldas e Vilagarcía? Que na Estrada goberna o PP. (*Aplausos.*)

Pero non se preocupen que pode ser estatisticamente un caso, e unha cousa pois pode ser anecdótica. En Melide vai haber un novo centro de saúde. En Ribadavia ¿cantos anos se leva reclamando un centro de saúde? ¿Saben cal é a diferenza? Que en Melide goberna o PP. (*Murmurios.*) En Rubiá vai haber, despois das reclamacións, máis médicos. En Cuntis, con máis poboación e a mesma reclamación, menos que en Rubiá. ¿Saben cal é a diferenza? ¿Quen goberna? Esta déixollela elixir, a ver se a saben.



O CAR de Lalín, ¡fantástico o CAR de Lalín!, foi prometido por un conselleiro hoxe no Goberno —que é de Lalín—, cun investimento absolutamente necesario, prioritario —antes dunhas eleccións municipais, ¡eh!—. Non se fixo nada en catro anos, chegaron as seguintes eleccións e volveu prometerlo. ¡Prioritario, absolutamente necesario! ¡Imos ser os primeiros en demandar o CAR de Lalín! ¿Que pasou naquelas eleccións do 2015? ¡O PP perdeu o goberno! ¿Sabem que dixo —por escrito— o Goberno da Xunta agora nesta lexislatura? Que o CAR de Lalín non é prioritario. ¿Por que? Porque antes gobernaba o PP.

Pero, por último —por poñer un exemplo, porque é que algúns exemplos son paradigmáticos—, na mesma Comisión 5ª hai apenas uns meses debateuse sobre catro centros de saúde que traían basicamente a mesma preocupación. Os centros de saúde teñen un problema de mantemento e ademais teñen problemas coa non substitución de persoal. E había, na escala que corresponde aos centros de saúde, unha proposta parecida á que traemos hoxe os socialistas aquí. Eran catro centros de saúde: Pontearreas, As Neves, Mondariz e Pazos de Borbén. O Partido Popular aprobou algún e votou en contra doutros. Ante a mesma reclamación —e, créanme, eu estiven alí e seguro que hai máis deputados que estiveron—, e probablemente serían incapaces de diferenciar un centro de saúde doutro porque as situacións son semellantes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...¿saben cal foi a diferenza? Que se aprobou aquel onde goberna o PP e que se rexeitaron os demais. Iso é sectarismo, é sectarismo —con todas as letras—, e ademais é noxento.

Polo tanto, o que nós plantexamos é que non fagan unha sanidade na que a xente do PP lle pregunte á xente do PP que tal o fai a xente do PP. Fagan unha sanidade pensando en que é necesario un servizo que os cidadáns consideran moi propio e ademais moi necesario. E, polo tanto, deámoslles as ferramentas aos profesionais —que están moi ben valorados porque o merecen— para que traballen dignamente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** E para que poidan facer deste servizo un servizo igualitario.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** E un servizo que traballe en equidade. E iso é o que planteamos na nosa iniciativa de hoxe.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Se para algo está servindo esta posta en marcha da comisión de investigación é para poñer en relevo o que xa se sabía, e é que o Partido Popular non soporta a máis mínima proba do algodón. E a proba do algodón é que están instalados nesa posverdade de fabricar a súa realidade virtual. E logo, cando hai a máis mínima posibilidade de que se poida ir máis alá desa fabricación desa realidade virtual, entón é que entran en pánico, entran en auténtico pánico, e vese claramente. É dicir, o Partido Popular é que ten auténtico pánico a que neste Parlamento se poida escoitar algunha realidade da situación real da sanidade pública en Galiza. E hoxe vimos claramente como o presidente do Goberno, Núñez Feixóo, foi incapaz, máis alá de dicir que el vén aquí a comparecer, de comprometerse a deixar que funcione unha comisión de investigación cun pouco de normalidade. Porque o Partido Popular non é capaz de deixar unha comisión de investigación á que veñan aquí comparecer profesionais dos PAC. ¿Como se pode investigar o que pasou no centro de saúde da Estrada sen que veñan aquí os familiares da persoa que faleceu ou os profesionais dos PAC, e escoitando exclusivamente a versión do Partido Popular?

Teñen pánico a que se poida investigar o que pasou en Povisa, ou teñen pánico a escoitar o que pasa coas privatizacións da electromedicina ou do mantemento —que veñan os profesionais que están no día a día e que ven o que está pasando—; ou a escoitar os profesionais do 061 e das ambulancias, ou que poidamos preguntarlle á supercurmá, a Eloína Núñez, que pasa ou que responsabilidades ten no que pasou no PAC da Estrada.

Entón, se non queren faltar á súa palabra, pois deberían comprometerse a deixar que á comisión de investigación veñan comparecer as propostas que facemos a oposición e que escollemos a oposición. Porque menten descaradamente cando din que as propostas da oposición as escolle a oposición. (*Aplausos.*) ¡Menten! Non soamente menten descaradamente senón que van de rebaixa en rebaixa, algo nunca visto. É dicir, un Partido Popular que —insisto— entra en pánico de que neste Parlamento... (*Murmurios.*) Se non teñen pánico, ¡abran as portas do Parlamento para que veñan aquí contar o que teñen que dicir todas esas persoas! (*Aplausos.*) Se non teñen ningún pánico, deixen que veñan aquí.

Eu, dende logo, escandalízome cando o señor portavoz do Partido Popular, o señor Puy, vai aos medios de comunicación dicir que a oposición quere abrir en canal a sanidade pública. ¡Claro! Claro que queremos abrir en canal a sanidade pública. Queremos que se saiba o que pasa na sanidade pública. (*Aplausos.*) Queremos que se saiba o que está facendo o Partido Popular coa sanidade pública. ¡Claro! (*Aplausos.*)

O Partido Popular di que eles van traer os expertos en recortes, e nós queremos traer os que están sufrindo os recortes. ¡Claro! ¡Nós queremos traer os que están sufrindo os recortes! Aí está a diferenza. (*Aplausos.*) E a iso é ao que teñen pánico, a que aquí, onde queda constancia, se saiba o que pasa coa sanidade pública. Igual que teñen pánico a que veñan os datos —e vou un momento á iniciativa que trae hoxe aquí o Partido Socialista— do que é o que pasa coa atención primaria. Teñen pánico a que veñan os profesionais falar do que pasa coa atención primaria no noso país.

A atención primaria é a auténtica porta de entrada ao sistema. E desde o ano 2009 o Partido Popular deixou de investir en atención primaria máis de 2.000 millóns de euros; 2.000 mi-

llóns de euros menos investidos na sanidade pública do noso país en atención primaria, só en atención primaria, desde o ano 2009.

No ano 2009 ían para atención primaria no orzamento 1.437 millóns de euros. No orzamento do ano 2019 —que están en tramitación neste Parlamento— van 1.248, un 13,13 % menos de orzamento en atención primaria. Entón, con menos orzamento, con menos profesionais, con menos recursos, evidentemente, iso ten consecuencias. E o que ten como consecuencia son as listas de espera. Hoxe dicíame pola mañá unha persoa: «Chamei para pedir cita a semana pasada para o meu médico de atención primaria e déronme cita para o día 28» —o día 28 é o mércores da semana que vén—. Esa é a realidade da atención primaria. *(O señor Núñez Centeno pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non é un caso puntual, non. Señor Núñez Centeno, se quere abran a porta da comisión de investigación e deixen que veñan as persoas contar esas cousas que lles pasan todos os días. *(Aplausos.)* ¡Deixen que veñan contar esas cousas! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ¡Deixen que veñan contar esas cousas!, que esa é a situación da atención primaria, todos, absolutamente todos, os días...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...que é como teñen sometida a atención primaria.

E por iso entran en pánico e non queren que se veña falar a este Parlamento, que se escoiten neste Parlamento...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...esas cousas que pasan todos e cada un dos días.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Miranda.

**A señora MIRANDA PENA:** Moitas grazas, señor presidente.

É unha honra para min subir a esta tribuna para defender a atención primaria galega, porque eu, antes que deputada, son médica de familia de razón, de corazón, de vocación e tamén de paixón. A atención primaria —dixose aquí moitas veces hoxe pola mañá— non é a porta de entrada ao sistema sanitario galego, é o corpo, é a sala de máquinas, é o salón de estar, é o lugar de encontro de todas as persoas que contactan co sistema sanitario.

Non é un lugar de paso, é onde se detectan, se manexan e se xestionan os problemas de saúde da xente, con visitas puntuais ás consultas hospitalarias, con ingresos circunstanciais; pero a primaria é o lugar de referencia das persoas enfermas. «Non me mande ao hospital, doutora», escoiteino ducias de veces. Moito se fala do avellentamento da nosa poboación. ¿Cando foi a última vez que visitaron unha sala de espera dun centro de saúde rural galego? Ningún lugar coma ese para visualizar o devalo demográfico. Atreveríame a dicir que incluso é un lugar de encontro social e de arroupamento dos nosos maiores, eses sobre os que o Consello Galego de Bioética nos alarma de que se atopan nunha situación de vulnerabilidade.

O centro de saúde debe ser un dos lugares máis accesibles do noso territorio. A primaria ofrece atención sanitaria, mais tamén ofrece sostén, acompañamento, manexo de problemas médicos e tamén sociais, emocionais, culturais e de relación. Nela as persoas non levan entidades clínicas, levan as súas vidas; e as súas profesionais non sabemos só de medicina, sabemos da xente e da precariedade, e da desigualdade —desa da que tan pouco lle gusta falar á xente do Partido Popular—.

Pero este non é o modelo que lle interesa a quen, máis que frecuentar as salas de espera dos centros de saúde rurais, frequenta a alfombra vermella de Amancio Ortega —quen, por certo, non se fixo rico por un alarde de filantropía—. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

A saúde das galegas e dos galegos —e as que veñen, porque nós cremos na universalidade— é un negocio para quen aposta por crear a necesidade da súa privatización, co abandono dun sistema de cobertura accesible, xusto e equitativo. Isto, señoras deputadas, é un problema de ideoloxía, ou de política, se vostedes queren. A atención primaria representa ese chanzo accesible, humano, menos intervindo pola economía de mercado, ese que non lle interesa demasiado á industria tecnolóxica; ese onde hai menos negocio; ese que a nós si que nos interesa porque é onde chega a xente coas súas necesidades; ese que con pouco resolve moito, ese que xestiona o 90 % dos problemas de saúde da xente; ese que quedou sen estruturas de xestión e que ten orzamentos minguantes, como vimos ultimamente; ese que ten unhas profesionais absolutamente comprometidas que rematan totalmente exhaustas as súas consultas. Pódolles asegurar que sei do que falo, desas que coñecen as persoas polo seu nome, polos seus apelidos, pola súa familia, que saben do seu traballo, dos seus problemas, dos seus malos tratos e ata dos seus apuros económicos. «Continuidade asistencial e lonxitudinalidade», chámanlle os expertos. Eu chamaríalle arroupar as persoas enfermas, diagnosticalas, tratalas e acompañalas nos seus procesos; mesmo devolverlles a autonomía propia coa súa saúde e previr que non enfermen, con xustiza, con equidade e con perspectiva de xénero.

A atención primaria non interesa —interesan as válvulas tricúspides— a pesar de ser o lugar idóneo para manexar as desigualdades de saúde con maior equidade. Como di o noso ideólogo de referencia, Tudor-Hart, para darlle máis a quen menos ten.

Claro que apoiaremos estas iniciativas, señor Torrado, claro que estamos a favor de mellorar as infraestruturas dos centros de saúde e, sobre todo, claro que pulamos e traballamos por unha xestión dos recursos humanos necesaria e suficiente para garantir non só as necesidades integrais de saúde das persoas, senón tamén a propia dignidade profesional.

Sabemos que as compañeiras dos centros de saúde e tamén as dos PAC están esgotadas de xornadas extenuantes, con ausencias sen cubrir, con cupos desbordados, con listas de agarda. Estamos do seu lado, somos elas. Sabemos que se comprometen cos seus traballos a custa da súa saúde, da súa tranquilidade e dos seus insomnios.

As compañeiras dos PAC están en pé de guerra reivindicando unhas condicións de traballo que non rolden a explotación, dignas para elas pero tamén dignas para os pacientes que atenden, para que non se volva reproducir o que pasou este verán na Estrada con José Manuel Brey Brea. Igual vostedes non queren investigalo en condicións, pero asegúrolles que nós sabemos do que falamos. As nosas nenas e os nosos nenos tamén saben do que falamos, e os seus pediatras.

Estes días comparecía na Comisión 5ª o director xeral de Asistencia Sanitaria, o doutor Aboal, falando da estratexia de atención á cronicidade. Vendeu fume. ¿Saben cal é a mellor estratexia? Deixar que as profesionais traballen, darlles tempo, que é o recurso diagnóstico e terapéutico por excelencia, o tempo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora MIRANDA PENA:** Remato.

E permitir que desenvolvan todo o seu potencial formativo no primeiro eslabón, na atención primaria. Saben máis do que lles deixan facer. Fagámolo e gañaremos saúde, eficiencia e benestar para a xente e para as profesionais.

Dignifiquemos a primaria, señoras, a saúde é o ben máis prezado e non debe ser obxecto de especulación. Seguro que diso sabe o señor Santalices, o señor Centeno, a señora Amigo, sábémolo todos. Non é de recibo desatender a quen sofre nin sobrecargar a quen traballa para palialo. Non é digno nin merecente dun país coma o noso.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**A señora MIRANDA PENA:** Votaremos a favor da iniciativa.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Miranda.

Saudamos os alumnos do CEIP de Sigüeiro, na Coruña, alumnos e alumnas de 5º de Primaria, e tamén os profesores, que hoxe nos acompañan.

Benvidos ao Parlamento.

E agora si ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Saúdo tamén os alumnos e profesores do centro de Sigüeiro.

Ben, dá a sensación de que o señor Torrado e a señora Prado tiñan moi pouco interese en falar da atención primaria. Pola súa parte, a voceira de En Marea, efectivamente, falou de atención primaria. Se queren falar da comisión de investigación, señorías, veñan á comisión de investigación. Tamén malinterpretan as palabras do señor Puy. O señor Puy dixo textualmente: «Abrir en canal a sanidade galega indefinidamente». Olvídaselles esa última parte da frase do señor Puy.

Respecto da comisión, eu quero falar o mínimo. Ofertamos unha proposta que levaba máis persoas da oposición que do grupo do Goberno, co número máis alto de comparecentes da historia nunha comisión de investigación no Parlamento de Galicia. Punto. O Parlamento, efectivamente, contempla a posibilidade de crear unha comisión de investigación, pero non de facer o que queiran os grupos minoritarios.

O señor Torrado falou de dicir unha cousa hoxe e mañá outra, ou unha pola mañá e outra pola tarde. Creo que se estaba a referir ao presidente Sánchez, ao Goberno do Partido Socialista, que creo que é o máximo expoñente de dicir unha cousa hoxe pola mañá e outra pola tarde. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Tamén falou do canon do Hospital de Vigo. Eu non sei se o señor Torrado ten hipoteca ou non. Eu cando tiña hipoteca pagaba todos os meses o meu canon da miña hipoteca. Non sei se agora esa é a moda da nova política.

E falando de atención primaria, señor Torrado, Ribadavia en outubro aprobou unha agregación de parcela para facer un centro de saúde, o cal quere dicir que era imposible facelo sen esa parcela. Caldas acaba de aprobar o plan xeral de ordenación municipal e non ten parcela cedida. En Lugo, con goberno socialista, a residencia non ten licenza para facer o centro de saúde proxectado na residencia.

Ben, eu creo que o señor Torrado non ten que convencerme a min da importancia da atención primaria. A señora Miranda é médico de familia, e eu tamén son médico de familia dende hai moitísimos anos. Desde logo, eu o que podoo percibir —e traballei co Insalud— é que todos e cada un dos gobernos de Galicia aportaron melloras á atención primaria. ¿Que problema temos hoxe? Dous: o primeiro é a situación demográfica e o segundo é a escaseza de profesionais. Ese incremento da esperanza de vida e os avances na medicina fan que moitas enfermidades que antes eran agudas agora se cronifiquen. Pero, claro, houbo moitísimos avances tecnolóxicos para facilitar o traballo en primaria: a historia clínica, a imaxe radiolóxica, a e-consulta, a receita electrónica, a consulta telefónica e, máis recentemente, a plataforma Telea para a atención dos enfermos crónicos monitorizados no seu propio domicilio.

¿Que ocorre? Que aquí o señor Torrado engancha un mantra e xa non o solta nunca. Empezou a falar da contratación de médicos residentes e a súa estabilización laboral. Acaba de dicir o presidente que Galicia é a comunidade autónoma que ten unha porcentaxe máis alta de estabilidade. Pero, claro, é que agora o Partido Socialista goberna en Madrid, e agora pódese cargar a taxa de reposición —que, por certo, aprobou o señor Zapatero—. Neste momento de mellora económica —aínda que non sabemos o que pode durar esa mellora económica co que estamos a ver— pódese retirar. Se se retira esa taxa de reposición, si sería posible in-

crementar o número de postos de traballo fixos na sanidade pública. Eu creo que iso é lexislación básica.

O que si é evidente é que hai dificultades para acadar profesionais para cubrir eventualidades: para baixas e para substitucións de todo tipo. E, de xeito especial, este mes, porque hai unha OPE convocada para esta próxima fin de semana con 241 prazas de médicos de familia. E a xente que se vai presentar á oposición non quere facer substitucións nestas datas —con todo o dereito, por suposto— porque queren presentarse á oposición. Esa escaseza de profesionais xa ocorreu noutros anos, nos anos 2007, 2008 e 2009, e non soamente en medicina de familia, senón en pediatría e noutras moitas especialidades. Pero eu o que si teño é o dato de que, de 69 médicos de familia que remataron a especialidade en maio, 55, o 79,7 % están contratados actualmente no Sergas. E ¿que ocorre? Que hai moitos médicos que veñen a Galicia a facer a especialidade, porque, claro, a pesar do que se di aquí da sanidade galega, os hospitais galegos teñen moita fama no resto do Estado. E a xente vén de fóra a Galicia para facer a especialidade, incluso doutros países veñen a Galicia a facer a especialidade. E ¿que queren?, ¿escravizalos?, ¿obrigalos a quedar en Galicia? Esa xente tamén terá dereito, e trata de retornar aos seus países ou ás súas comunidades autónomas.

Tamén nos fala habitualmente do barómetro sanitario, pero, claro, dun dato, ¡dun dato puntual! Outros datos: porcentaxe de galegos que afirman que a atención primaria está igual ou mellor que nos últimos cinco anos, o 84 %; o 90 % de galegos e galegas que acudiron no último ano ao médico de cabeceira afirman que a atención recibida foi boa ou moi boa. Son cifras similares dende o ano 2012, e, por suposto, moito máis altas que as doutros anos nos que non gobernaba o Partido Popular. O barómetro di que a porcentaxe de galegos que prefiren a sanidade pública á privada en atención primaria é do 83 %, fronte a unha media estatal do 69,6 %. E a valoración, efectivamente, é unha valoración moi baixa, porque os galegos somos moi exixentes, pero é a máis alta da serie histórica e, por suposto, moitísimo máis alta que a doutros gobernos.

Hai realidades. Falou o presidente: 1.500 traballadores máis, 167 médicos de familia máis e 538 profesionais de enfermería. Esas son realidades e o resto son medias verdades.

Respecto de exemplos da xestión socialista na sanidade, o primeiro acábo de dar o presidente. Andalucía: «Folga ‘salvaxe’ da atención primaria en Andalucía para pedir mellores condicións laborais e retributivas». O segundo exemplo é a Memoria de la Consejería de Sanidad de la Comunidad de Valencia —esa consellería que dirixía a señora Montón, que foi ascendida a ministra, efémera, polos méritos contraídos en Valencia—. Cifras da propia memoria: entre os anos 2015 e 2017 reduciron o orzamento, as camas dos hospitais, o número de profesionais de enfermería, incrementaron as listas de espera e as derivacións. Señorías, ¿saben vostedes cantos centros de saúde fixo a Comunidade de Valencia co goberno socialista, despois daquel goberno malo, malísimo, do Partido Popular? ¿Saben vostedes cantos fixo? Ningún. Fixo un consultorio nunha lexislatura. (*Murmurios.*) Unha cousa é predicar e outra é dar trigo, e parece que á oposición lle gusta máis predicar que dar trigo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

¿Sabe o que fixo a conselleira Montón? Coller o Hospital de Alcira, que vostedes privatizaron igual que o Hospital Álvaro Cunqueiro, e devolveo ao sistema público. *(Aplausos.)* Eu non teño hipoteca, aínda vivo de alquiler. Tereina algún día, supoño. Aínda vivo de alquiler. Pero as hipotecas concédenas os bancos, non Acciona, que é a dona do hospital de Vigo, non Acciona. *(Murmurios.)* Claro, porque se o conceden ás construtoras, que son as que constrúen e son as que participan da dirección do hospital, e as que o rexistran —por iso teñen un CIF, que é o que pasa no hospital de Vigo—, entón a propiedade non é da Xunta. Pero, en fin, vostedes saberán a quen lle estamos pagando os 70 millóns de euros. Igual agora se enteran de que hai 70 millóns de euros e chega aquí Bárcenas e di: «*son míos*». *(Risos.)* Pode ser. Vostede ri, *pero a mi Bárcenas non me hace ninguna gracia. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, en fin... *(Murmurios.)*

Señor Núñez Centeno, vostede cita sempre... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor TORRADO QUINTELA:** É que é mencionar a Bárcenas e a cousa aliméntase... *(Fortes murmurios.)* Igual lles queda máis cercano Pablo Crespo, ¡home!, pero tampouco pasa nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, non... En fin...

**O señor PRESIDENTE:** Non dialoguen, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Non, se eu non dialogo, pero eles falan e eu, por ser educado... Xa que vostede non os corta, eu, por ser educado... *(O señor presidente da Cámara pronuncia palabras que non se perciben.)* Xa vexo. *(Murmurios.)* Non, tranquilo, se a culpa vai ser miña.

¡Vamos alá, exacto!

Vostedes citan aquí habitualmente varias cousas, como, por exemplo, os 1.500 profesionais máis no sistema sanitario. Eu linlles o orzamento da Xunta. Pero ¿que nos están dicindo?, ¿que o orzamento da Xunta é mentira? O orzamento da Xunta di que este ano temos 58 menos que o ano pasado en atención primaria, e que temos 317 menos que hai dous anos. Pero iso di o orzamento, que o fan vostedes, creo. Igual llelo fai Acciona, pero é o seu orzamento. Son 58 menos este ano, 317 menos que hai dous anos nesta lexislatura. Pero é o seu orzamento. ¿Ou é que vostedes poñen un orzamento aí nos papeis e despois veñen aquí a dicir o que lles peta —que tamén pode ser—. Pero, polo menos, teñan un pouco se sentido común coas cousas que fan vostedes.



Non me falou nada dos centros de saúde e daquela cuestión... Casualidade, como di aquel, a casualidade de que sempre se fan... Tíñalle máis exemplos, jeh!: Pereiro de Aguiar, que se vai facer agora. Pero non en Bouzas, que lle queren facer unha cousa pequena que non vale. Onte citábanse Os Resentidos. A min gústanme Los Enemigos: *No amanece en Bouzas*. E con este conselleiro parece que non vai amencer nunca.

Pero da comisión de investigación tamén me falan, é curioso. Mire, lin os comparecentes, pero, se queren, lea a documentación. E a documentación do plan de traballo do PP e a documentación que se aproba finalmente é, curiosamente, a mesma. O PP fixo unha proposta: 21 informes, 26 comparecentes. A proposta que está aprobada cos votos do Partido Popular é: 21 documentos, 26 comparecentes, a mesma. Vostedes fixeron unha comisión de investigación para esconder as cousas porque lles dá vergoña saber o que pode pasar, ou sábeno e dálles vergoña que se saiba. Se se avergoñan diso, non é o noso problema. (*Aplausos*.) Pero deixen de facer este esperpento de dicir que hai moita máis xente... E se non teñen unha facilidade, ¿se non é un problema de número!, ¿se xa se reduciu o número!, ¿se xa hai unha proposta axeitada!, ¿se xa vostedes asumiron que o tempo non é o problema! Vostedes dixeron literalmente: hai xente aquí que non pode falar. Por certo, imos ver se é certo que hai xente que non pode falar neste Parlamento. Imos velo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Remato xa, presidente.

Polo tanto, eu lembro outra vez o presidente: «as propostas da oposición escólleas a oposición». Veremos se vostedes son capaces de manter esta afirmación un día, só ata mañá. Un día, é o que lles plantexamos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** E así veremos que queren facer coa comisión de investigación, se facerlle caso ao presidente ou facerlle caso ao que de verdade o presidente quere facer, que é esconder algunha xente e esconder as súas propias mentiras.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Verémolo mañá, é un día só. (*Aplausos*.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Prezas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día a todas e a todos.

Imos falar dunha proposta que directamente podería poñer en marcha a Xunta de Galiza sobre violencia machista, que era hora de centrar un pouco o debate no noso país.

Menos lazos morados, máis recursos económicos; menos declaracións institucionais, máis orzamentos; menos palabras, máis feitos. Ese podería ser o resumo das razóns que nos levan desde o Bloque Nacionalista Galego a insistir, unha vez máis, e xa advirto de que o faremos todas as que cumpran, en traer esta proposta á Cámara (*Aplausos.*) e incrementar os orzamentos específicos de violencia machista ata o 1 % do total, que na actualidade suporía aproximadamente 100 millóns contra un problema social que nós entendemos que é de primeira orde; unha violencia salvaxe que custou xa no noso país, no que vai de ano, tres vítimas mortais.

Elas tres son as primeiras razóns que hoxe debemos ter en conta diante deste debate, pero o certo é que detrás hai moitísimo máis. Hai que ser conscientes de que cada asasinato é un fallo do sistema, é unha responsabilidade colectiva tamén, en última instancia, de todos e todas nós. E non debemos perder de vista algo moi importante: aínda que ogallá que no ano 2019 non haxa nin unha soa asasinada no noso país, iso non significará que non haxa cada minuto moitas mulleres que están a sufrir diversas formas de violencia, porque a sombra do patriarcado é moi intensa e ten moitas facianas.

Facemos esta proposta neste Pleno porque ademais entendemos que é o momento para que non poidan operar esas desculpas, eses filibusteirismos, que escoitamos tamén o luns no Pleno de orzamentos, sobre que se quita un euro de aquí, que se esta partida non está ben consignada e demais. Para que se vexa claramente se hai vontade política ou se non a hai.

Estamos, señorías, ás portas do 25 de novembro, e iso lévanos a que nesta semana hai moitos actos, moitas accións simbólicas, moitos xestos, moitos lazos lilas, moitas chapas nas lapelas e demais. Nós entendemos que iso, con todo, é positivo, pero ten un risco: a rutina e a consolidación desta data. E nós entendemos que, por riba dese risco, está que o feminismo foi quen de condicionar a axenda política, que iso é moi positivo, e que é importante que cada 25 de novembro todos e todas nos volquemos nestas cuestións. Pero tamén entendemos que hai que dicir con sinceridade que tamén nestas datas vemos moitas incoherencias e moitas hipocrisías. Por iso é importante para o BNG que nestas datas teñamos en conta e debatamos en todas as institucións —e así o estamos impulsando— a cuestión de fondo, que son os recursos económicos, porque sen recursos económicos esas palabras non pasarán nunca á realidade. Porque para facer real a afirmación de que isto é unha prioridade, para facer ben todo aquilo que dicimos que imos facer, e para facer todo o que di a nosa lei que temos que facer, son necesarios eses recursos.

Señorías, temos un marco legal moi importante nacido do debate e do consenso. Falamos moito disto onte durante a comparecencia do señor Rueda. E eu insistía —e díxeno literalmente— que hoxe, en 2018, o Estado español segue a incumprir o Convenio de Istambul, un convenio no que nós fomos pioneiros e pioneiras na aplicación dos preceptos que despois foron incorporados. Polo tanto, a mellor forma de agradecerlles ás persoas, aos colectivos que forxaron esa lei, esa arquitectura institucional, a mellor forma de agradecerlles o seu traballo é sermos ambiciosas e mellorar a súa aplicación. Porque é certo que este marco é importante, pero non é menos certo tampouco que está infradesenvolvido nestas alturas.

Eu penso que é importante tamén sinalar que temos unha sociedade exixente que pide respostas. Neste 2018, o feminismo saíu repetidamente —con grande éxito, ademais— neste país ás rúas. Nunha folga histórica o pasado 8 de marzo, pero tamén cando houbo que contestar as patriarcais sentenzas arredor da Manada; cando houbo que responder a cada un dos feminicidios; cando houbo que responder as agresións sexuais no noso país. E isto ten que significar tamén un antes e un despois no combate da violencia machista.

Despois destas mobilización, o Partido Popular dixo que ía tomar nota, pero a verdade é que podemos confirmar a estas alturas que foi unha cuestión declarativa. Pouco máis tivemos alén dun Plan de corresponsabilidade cuxo orzamento é escasísimo e que ademais é pouco concreto.

Nós entendemos que isto non chega. Hai que centrar tamén a resposta na violencia machista, polo tanto, temos que estar á altura. Porque nós estamos convencidas de que hai manadas camufladas no que vén sendo o sistema, ás que hai que quitarlles a carauta porque non sempre se responde como debera. E temos que poñer á disposición todo o posible para corrixilo.

Queremos respostas, e esas respostas hai que orzalas, hai que dotalas de contido económico. E este marco legal importante e esta sociedade exixente son dúas patas fundamentais do combate da violencia machista. Pero é necesario algo máis, porque a forza do patriarcado que temos que mudar é tan profunda e o seu peso é tan esmagador que necesitamos un punto de apoio máis.

Necesitamos un terceiro punto de apoio que sexa un incremento substancial dos recursos económicos. Máis recursos económicos que nos permitan acelerar este proceso que nós entendemos que é de cambio histórico. E estamos convencidas de que tamén parte da rabia que canalizaron as últimas mobilizacións ten detrás de si a frustración e a fartura tamén de levarmos ás nosas costas unha década de crise que as mulleres non causamos pero que tivemos que estar pagando. E nós preguntámonos ¿ata cando imos seguir pagando ese prezo?

Só por poñer un exemplo, a Xunta de Galiza en Igualdade recortou nesta década 243 millóns de euros —¡243!—, e nós entendemos que agora é o momento de darlle a volta a esta situación por varios motivos: porque é necesario, porque tamén é unha exixencia da sociedade, porque temos tamén —hai que dicilo— maior capacidade orzamentaria neste momento. No 2017 o orzamento da Xunta medrou en máis de 400 millóns; no 2018 en máis de 260; e para o ano que vén en máis de 360. Polo tanto, pensando só nesta lexislatura, pensando só nestes aumentos, ¿é tanto 100 millóns de euros?, ¿é tanto? Nós pensamos que, desde logo, non. E

entendemos que ademais é a continuación necesaria dun proceso histórico de evolución democrática, de evolución do que temos feito neste país.

Hoxe pola mañá dicíase o pouco que tiña destinado o Goberno bipartito á cuestión da violencia machista. Menos destinaba o Goberno Fraga, que nin sequera tiña esa partida incorporada nos seus orzamentos. Pero nós non queremos centrar a discusión niso. É lóxico que hai dez anos a contía inicial fora pequena. Hoxe en día, desde logo, o BNG non formaría parte dun goberno que non priorizara adecuadamente nos seus orzamentos esta cuestión. Pero isto é froito dunha evolución na que fomos aprendendo, na que fomos deseñando ferramentas e fórmolas mellorando. Pero cremos sinceramente que podemos ir moito máis rápidos se hai vontade política e se hai compromiso económico. E ademais estamos convencidas de que desde as bancadas do Partido Popular son conscientes desta cuestión e comparten parten da nosa reflexión. É necesario, e sábeno, porque vostedes mesmos, por darse conta —quero pensar— da necesidade e tamén pola presión social e política, foron aumentando nesta lexislatura, por exemplo, as contías destinadas á partida orzamentaria da violencia machista. E iso é así porque é unha necesidade, porque sobran ámbitos nos que investir ese diñeiro. Desafortunadamente, queda moitísimo por facer.

A verdade é que a nós o que nos defrauda é que o incremento deste ano —eses pouco máis de 8 millóns— basicamente sexa o que achega o Estado. Onte debatemos longo e tendido co señor Rueda, e dicíanos, por exemplo, que estaba preocupado por se as dependencias xudiciais, o que é o deseño das infraestruturas, non ían poder sufragalos con eses recursos. Ben, é unha preocupación lóxica na organización orzamentaria. Pero o certo é que Galiza ten capacidade orzamentaria para poñer oito millóns de euros máis e para poñer cen millóns de euros máis —se quixer— á disposición de cuestións relacionadas coa violencia machista. Nós temos autogoberno, e cando o Estado falla —porque leva fallando todas estas décadas—, temos capacidade propia. Polo tanto, xa que vostedes están tan preocupados porque igual non hai orzamentos no Estado, pois aquí teñen un argumento máis.

Vimos onte que había cuestións —como dixo o señor Rueda—, como o recurso de acollemento, que experimentaron dificultades este ano, e falaba de 500.000 euros. ¿Por que non dispoñibilizar máis recursos cando o PIB leva medrando en Galiza varios anos? Se podemos aumentar o que destinamos para o pago da débeda, eu pregunto, se vale para o pago da débeda, ¿que pasa? ¿que é máis prioritario que o combate da violencia machista?

En último lugar, nós entendemos que isto é necesario tamén porque as feministas e as nacionalistas deste país non deixamos de insistir nunha cuestión. Nós queremos que Galiza sexa vangarda en materia de defensa contra a violencia machista, e para iso necesitamos máis recursos para mellorar o que xa temos e para aprobar cuestións novas.

E niso quero rematar. Temos moitísimos ámbitos nos que centrar esa maior capacidade orzamentaria se están dispostos a dotar o noso país. Poderíamos ampliar as axudas ás vítimas de violencia machista para que realmente sexan un recurso económico forte para sacalas da súa situación. Poderíamos facer que se cumpra a lei, por exemplo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...no artigo 25, a atención psicolóxica na primaria; poderíamos reformar os puntos de encontro familiar, que teñen moitísimos problemas; poderíamos levar programas a todos os centros de ensino e non só a uns cantos; poderíamos mellorar con recursos propios as oficinas de atención á vítima.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Poderíamos facer moitísimas máis cuestións, e despois afondarei nalgunha proposta máis. Poderíamos cumprir a nosa lei, poderíamos desenvolvela e poderíamos melloralala.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Polo tanto, nós entendemos —remato, señor presidente— ... Decía o señor Feijóo —vouno citar—: «alá cadaquén coa súa catadura moral.» Para nós un de cada cen euros, desde logo, para un problema que custa a vida das persoas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas. Xa rematou o seu tempo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...da maioría deste país non é excesivo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten vostede despois outro turno.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Antes de nada, unha lembranza para esa muller recentemente agredida, rociada con ácido pola súa ex-parella en Tenerife. Unha constatación máis de que a violencia contra as mulleres non sabe de descansos. (*Aplausos.*)

Falabámolo onte, na intervención durante a comparecencia do señor vicepresidente: é imprescindible que este Goberno empurre na mesma dirección que o Goberno do Estado. E non pode ser que agarde a que este lle pase o financiamento para poñer en marcha as medidas reflectidas nos plans e na propia Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Porque o foco da violencia apunta a todos e a todas, e, polo tanto, é unha tarefa que implica as institucións autonómicas, os concellos, o Goberno do Estado, pero tamén a cidadanía. E sabendo que o feito ata o momento é insuficiente, é preciso que as aportacións se incrementen por parte de todos.

Diciamos onte tamén que a aportación económica da Xunta de Galicia para a partida de loita contra a violencia para o vindeiro 2019 está incluso por debaixo do 3,8 % do incremento xe-

neralizado dos orzamentos. Volvo insistir, os 14,11 millóns totais do orzamento para a violencia deste ano só poden explicarse pola aportación dos 8,54 do fondo de repartición do Pacto de Estado. Isto é, 60,5 % de aportación do Estado, 39,5 % de aportación da Xunta de Galicia. E onte xa llo dicía tamén ao señor Rueda, este Goberno non pode quedar durmido baixo a sombra do Estado, ten que xogar un papel máis activo e aportar, cando menos, en igual medida que o Estado.

Por tanto, desde o Partido Socialista non sabemos se é preciso falar dunha aportación do 1 % dos orzamentos da Xunta, máis ou menos que ese obxectivo porcentual, para atender as políticas contra a violencia de xénero. Pero si que compartimos a idea de que no pasado 8 de marzo houbo unha petición explícita das mulleres galegas para que as cousas mudasen, para que o compromiso dos gobernos sexa real, e é imposible responder a tal demanda sen unha aportación extraordinaria que impulse de modo claro novas medidas e accións.

Hai que lembrar tamén que o señor Feijóo falaba o propio día 8 de marzo, ante a incontestable presenza das mulleres nas rúas, de tomar nota. E non sabemos que pasaría con esa nota porque o que vemos un ano máis é que a aportación para loitar contra a violencia non só non medrou, senón que incluso se relaxou, agardando que sexa papá Estado quen lles saque as castañas do lume. Aportación da repartición dos fondos do Estado que, por certo, é a quinta máis alta de España, e o 40 % da mesma vén xustificada pola condición rural de Galicia. *(Aplausos.)* Sen embargo, e a pesar do anuncio de onte do señor vicepresidente de traballar en políticas para o rural, nada é concreto, nin na memoria, nin no desglose dos orzamentos. Nin unha sola palabra ao respecto. Onte comentáronse axudas para a atención de mulleres vítimas no rural en colaboración, por exemplo, coas federacións de mulleres rurais, pero sen cuantificar a aportación. Así como medidas de prevención no rural tamén a través de asociacións de mulleres.

O Goberno pídenos que nos poñamos as gafas da confianza e que creamos nas verbas e nos anuncios, pero o grao de incumprimento deste Goberno é tan grande que nos é realmente difícil confiar. Nós pedímoslles que concreten as medidas e as contías, e así poderemos coñecer canto máis é preciso aportar. E como a nós tamén nos gusta que as cousas sexan palpables, concordamos co BNG en que é preciso impulsar un aporte maior en materia de loita contra a violencia para que se poida cumprir, en coherencia cos obxectivos dos fondos do Estado e coas particularidades, ademais, coas que conta Galicia.

O noso Grupo é o primeiro que está disposto a chegar a acordos, a seguir avanzando nas políticas de igualdade, a deixar ao lado os partidismos, porque cremos que o fin da igualdade e a loita contra a violencia de xénero está, e debe estar, por riba de todo. Pero entenderán tamén que eses documentos cheos de verbas terán que ser referendados tamén cos números que os convertan en posibilidades reais de ser levados a cabo.

Onte mesmo, o vicepresidente do Goberno anunciou a posta en marcha de catorce medidas, reflectidas, por outro lado, no Pacto de Estado, o que, por certo, nós entendemos que non é un mérito, senón unha obriga, pero quedan preto de 280 medidas por implementar. O Goberno do Estado xa se comprometeu a duplicar a partida destinada aos concellos para o ano que vén e apoialos así dun modo máis firme, pero seguirá sendo insuficiente sen o aumento considerable da aportación económica tamén por parte da Administración autonómica.

Incrementen os fondos, e entón si que podermos comezar a falar de posibilidades das medidas e non de desexos. Aí terán sempre ao Partido Socialista, disposto a apoiar e a impulsar a conquista da igualdade real e efectiva, que entendemos que é vital para as mulleres de hoxe e do futuro deste país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Nós imos apoiar esta iniciativa, que é unha demanda na que concordamos totalmente e sobre a que xa nos temos manifestado en diferentes ocasións, en diferentes iniciativas, unha demanda tamén dos propios colectivos feministas, que a veñen facendo tamén, así como de boa parte da sociedade, que podiamos escoitar como se coreaba este 8 de marzo e noutras mobilizacións: «*Menos discursiños e máis diñeiriños*».

Concordamos na necesidade de incrementar, e moito, os recursos; fundamental para mellorar a intolerable situación de desigualdade e fundamental para que as mulleres que sofren violencias machistas poidan saír desta situación con acompañamento integral e con recursos suficientes.

É preciso incrementar, e moito, os orzamentos en formación aos axentes implicados; no ensino, aos docentes e ás docentes; no campo da xustiza e dos corpos de seguridade do Estado. É preciso incrementar, e moito, as partidas para a concienciación e sensibilización; o mesmo que apostar decididamente por un ensino en igualdade; e é preciso incrementar, e moito, os orzamentos de acompañamento ás mulleres que viven situacións de violencia.

Concordamos coa necesidade de incrementar e concordamos tamén coa cifra proposta, que é a mesma que vimos propoñendo tamén o noso grupo, como este primeiro paso para amosar un verdadeiro compromiso na loita pola igualdade e contras as violencias machistas, porque os discursos están ben, os minutos de silencio están ben, pero o que se precisa, e moito, é incrementar os orzamentos nesta materia.

O pasado 8 de marzo supuxo un punto de inflexión nas demandas dunha sociedade e dunhas mulleres que dixeron ¡basta! Basta de desigualdade, basta de brecha salarial, de vivir con medo, basta de ser asasinadas e basta dun machismo que sempre campou ás súas anchas, pero que agora se atopa con milleiros de mulleres que se poñen enfronte para defender unha sociedade máis igualitaria e, polo tanto, máis xusta.

Ese triunfo das mulleres o 8 de marzo, e ao longo deste ano, supuxo un cambio no discurso do Partido Popular. E con iniciativas como esta, e con outras moitas iniciativas que veñen a este

Pleno e que defendemos noutras ocasións, o que se busca é que o Partido Popular pase dos discursos, pase das palabras, aos feitos, porque, vindo de onde veñen, non van convencer con máis palabrería, porque vostedes veñen de boicotear permanentemente a loita pola igualdade.

Aínda onte vimos á señora Prado, na súa primeira intervención en temática de igualdade, como o primeiro que fixo foi atacar e criticar a campaña *En negro contra a violencia*; criticar e atacar a 102 concellos e a 3 das 4 deputacións pola súa campaña *En negro contra a violencia*. Unha campaña apoiada e respaldada polos colectivos feministas, non así a campaña da Xunta de Galicia, cosificadora, de *O máis grande de Galicia es ti*. Campaña que aínda non rectificaron e, polo tanto, non cambiaron a súa dirección.

Vostede veu aquí onte ridiculizar a campaña que están facendo todas estas institucións. E vimos tamén como o señor Tellado, antes do 8 de marzo, lles estaba dicindo ás mulleres feministas e aos colectivos feministas o que é e o que non é feminismo, amosando que, ou non entende absolutamente nada sobre esta cuestión, ou que si o entende pero lles gusta unha sociedade patriarcal e machista, onde os señores lles din ás mulleres o que teñen e non teñen que facer o 8 de marzo.

Señor Tellado, machista é dicirlle aos colectivos feministas e ás mulleres o que teñen que facer o 8 de marzo, a ver se empeza a entendelo.

Todas vimos como o Partido Popular fixo todo o posible para boicotear o 8 de marzo. Aquí en Galicia o señor Tellado Hernando, e a nivel do Estado o señor Maroto, que mesmo saíu a dicir que a folga feminista estaba convocada por Pablo Iglesias, porque, claro, débelle sorprender a vostedes moitísimo que as mulleres soas sexan capaces de convocar unhas mobilizacións.

Deulles igual... (*Murmurios*.) ¿Pódelle dicir ao señor Tellado que cale un pouco? (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Pois iso, cale. Pida un turno de palabra despois, se quere.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor CAL OGANDO:** Deulles igual. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)

**O señor PRESIDENTE:** Escoitamos a quen está no uso da palabra. ¡Silencio, por favor!

**O señor CAL OGANDO:** Ao Partido Popular deulle igual que a convocatoria fose unha convocatoria internacional, deulle igual que estiveran todos os colectivos feministas impulsando no Estado e en Galicia, deulle igual que os sindicatos se sumaran, vostedes saíron a mentir deliberadamente dicindo cousas que non eran para boicotear o 8 de marzo. Saíron por terra, mar e aire a boicotear esta mobilización. Mesmo puidemos saber recentemente como a Xunta de Galicia non respectou o dereito á folga das mulleres na Administración na RTVG. Esa é a práctica do Partido Popular cando teñen que pasar dos discursos aos feitos. Estas son as cousas que fan vostedes.

Podemos seguir tirando do historial do Partido Popular e podemos falar de Baltar, do alcalde de Sanxenxo, de Vilanova ou de Noia, e de como non só teñen vostedes cargos institucionais



que teñen manifestacións e comportamentos machistas, senón que a propia dirección do seu partido sae branquealo, normalizalo e quitarlle importancia, e desta maneira fraco favor lle fan vostedes á defensa da igualdade.

E remato xa dicíndolle que os compromiso amósanse premendo o botón verde cando teñan que votar esta iniciativa e as distintas iniciativas que veñen a este Pleno de igualdade. Amosen aí se teñen ese compromiso.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidente.

Señorías, esta mañá viamos como a voceira do Bloque Nacionalista Galego exhibía a Lei galega integral de prevención da violencia de xénero, do ano 2007, e apelaba ao seu cumprimento.

Eu son deputada desta Cámara dende o ano 2009, cando gañamos as eleccións aquel 1 de marzo ao Goberno bipartito. As primeiras iniciativas que se rexistraron nesta Cámara naquelas datas, no 2009, no 2010 e no 2011, sobre todo polos grupos da oposición, ían todas destinadas ao cumprimento daquela lei da que non se desenvolvera nin un só artigo.

Lembro debates aquí para crear o Consello Galego das Mulleres, o Observatorio Galego de Violencia de Xénero, o Centro de Recuperación Integral das Mulleres, que viñera a esta Cámara anualmente a secretaria xeral de Igualdade a presentar un informe sobre o desenvolvemento da Lei integral de violencia de xénero, a creación das oficinas das vítimas. Pois ben, durante todos estes anos, o Goberno galego do Partido Popular fixo todas e cada unha desas cuestións que vostedes reclamaban xusto despois de saír do Goberno *(Aplausos.)*

Esta evolución de avances tamén levaba consigo unha reformulación dos órganos de goberno da Xunta de Galicia. Cando vostedes tiñan dous organismos destinados á igualdade, porque tiñan que cumprir con dúas faccións da súa organización política, coa UPG e coa parte máis moderada do Bloque Nacionalista Galego, e por tanto tiñan nun lado a Secretaría Xeral de Igualdade e no outro a Dirección Xeral do Servizo Galego de Igualdade, a partir de aí houbo unha reunificación e fíxose un só organismo, con moitos menos custos, para poder destinar máis cartos ás mulleres, á loita contra a violencia de xénero e á igualdade.

Entón, vostedes a partir de aí empezaron a dicir que tiñamos menos orzamento. ¡Claro!, porque nós non temos metidas as escolas infantís no orzamento de Vicepresidencia, que vostedes si tiñan. ¿Queren que metamos as escolas infantís no orzamento de Igualdade? ¡Claro!, é que a señora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Dicía a señora Presas que o Plan de corresponsabilidade tiña un orzamento cativo, raquítico creo que dixo. Señora Presas, ¿parécelle pouco 848 millóns de euros, cando hoxe vostede vén aquí pedir 100 millóns? ¿Parécelle pouco que para o ano 2019 o Plan de corresponsabilidade teña 200 millóns de euros? Se iso forma parte do discurso da igualdade, xa ten aí os seus 100 millóns multiplicados por dous. Pero nós imos máis alá.

A partir dese momento, os avances da Xunta foron cumprindo a lei, e foise cumprindo a lei que vostedes aprobaron pero non desenvolveron, entón empezaron a dicir que había que incrementar o orzamento. E o ano pasado dixeron: imos poñer unha cantidade, o 1 % do orzamento. E nós preguntabámonos, ¿en que partida queren meter eses 100 millóns de euros? Pois este ano vostede revelárono, porque vostedes presentaron unha emenda parcial para violencia de xénero no concepto 470, destinado a empresas privadas.

Eu non sei como desenvolverían vostedes os 100 millóns de euros para empresas privadas en materia de violencia de xénero. Dende logo que nós con isto non estamos de acordo. Pero, dito isto, señora Presas, nesa emenda vostedes poñen «*Pacto Galego contra a violencia de xénero*» ¿Queren vostedes substituír o traballo da Comisión parlamentaria de estudo da igualdade? ¿Queren vostedes substituír os traballos que estamos facendo para establecer as conclusións e as recomendacións, e, consecuentemente, en cada unha delas o seu orzamento? Nós non. Nós queremos debatelo. Nós non imos consentir que seis deputados do Bloque Nacionalista Galego substitúan o traballo de setenta e cinco deputados desta Cámara, porque todos temos algo que dicir respecto desas medidas que queremos implantar en violencia de xénero.

E como dixo onte a señora Quinteiro, e estou totalmente de acordo con ela, a loita contra a violencia de xénero non só é destinar recursos para ás vítimas: hai que sensibilizar, hai que previr e hai que dotar tamén. E vostede sábeo, señora Presas, porque vostede leu os traballos da comisión. Vostede sabe que as representantes dos centros de información á muller viñeron aquí dicir que era fundamental ter recursos de conciliación. E vostedes, deses 100 millóns, non destinan nin un euro a medidas de conciliación. Por tanto, creo que é importante que a Comisión decida cales son as medidas que hai que adoptar e que decida o orzamento para cada medida. Non vai vir o Bloque Nacionalista Galego aquí decidir que e onde se meten os cartos dun traballo que temos que facer entre todos, non o Bloque Nacionalista Galego.

E, señor Cal, onte eu non critiquei unha campaña, eu critiquei como se contrata esa campaña. Critiquei que o señor Martiño Noriega lle dea a dedo a unha empresa centos de miles de euros e que, ao mesmo tempo, desmantelara o Centro de Información á Muller, sen asesorada xurídica durante uns meses. (*Aplausos.*) Iso é o que critiquei. Iso é o que critiquei. Está no *Diario de Sesións* e pode vostede comprobalo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRADO DEL RÍO:** Non.

E mire, non lle vou consentir que diga que no Partido Popular non temos sensibilidade coas mulleres. O noso secretario xeral, ao que vostede se referiu, o señor Miguel Tellado, ten moitísima máis catadura moral que o seu secretario xeral, o señor Pablo Iglesias, cando di que ás mulleres hai que azoutalas ata que sangren.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado del Río.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** En fin, unha vez máis, bronca do Partido Popular por traer unha proposta para debater en materia de violencia machista. É certo que temos chegado a moitos consensos —vostede sábeo, señora Prado—. ¡É increíble! A quen vexa este debate pode parecerlle increíble que teñamos chegado a consensos. Pero a verdade é que non imos desistir. Non se preocupe que nós imos seguir traendo, cando non traia o Grupo Parlamentario do Partido Popular propostas centradas no ámbito galego —porque agora a obsesión é o Pacto do Estado—, nós imos seguir poñéndolle deberes á Xunta de Galiza se vostedes non o fan. (*Aplausos.*)

En todo caso, eu fixen unha proposta construtiva e fixen algunha crítica fundamentada en datos, pero tampouco vin aquí soltar historial de agravios: non falei do señor Casado e da ideoloxía de xénero, non falei de que a primeira lei que aprobou o Partido Popular foi a de Red Madre neste Parlamento galego. (*Aplausos.*) E que desde entón impulso cero de lexislación propia en materia de violencia machista, foi o BNG quen tivo que facer ese traballo.

Eu non vin aquí recordar que as primeiras cuestións que fixeron foi recortar as axudas ás vítimas de violencia machista. (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, señora Prado, *Diario Oficial de Galicia*, eliminaron o tramo de máis do 1,5 do IPREM. (*Aplausos.*) Si, porque debe pensar vostede que unha muller que cobre máis de 900 euros neste país non ten dereito a axudas por violencia machista. Nós non pensamos iso, e imos traer de novo unha proposta para corrixir esta cuestión. A ver que votan vostedes entón cando, en vez de 100 millóns, falemos dun e medio. A ver que votan vostedes, porque o señor Feijóo hoxe dedicouse a faltar ao respecto e non lle respondeu neste aspecto á señora Pontón.

Eu tampouco vin dicir que tamén contribuíron a cargarse o Servizo Galego de Benestar. Eu non me centrei nesas cuestións porque creo que temos moito do que falar en positivo, e veñen vostedes aquí inventar: que hai 200 millóns de euros para ese plan de corresponsabilidade para este ano —que é mentira—; que levan gastados 400 millóns de euros en violencia machista —que é mentira—. Nós falamos de 100 millóns específicos para esta área, señora Prado. E creo que non deben falar vostedes de conciliación cando recortaron un 70 % nesta área, ou cando hai galescolas ficticias que inventa o señor Núñez Feijóo nos polígonos deste país —nos polígonos de Ourense, en ningún hai unha soa—. Incumpriron a planificación, señora Prado. Creo que a intención inicial era partir de sete e hai catro a día de hoxe —non recordo o dato exacto—.

En todo caso, logo vén vostede cunha falacia de que nós queremos impoñer non sei que. Primeiro baseou o seu discurso en que a emenda estaba mal feita. Pero é que isto non é o debate da emenda aos orzamentos que xa votaron onte. Pero como onte estaba tan mal feita e somos tan estúpidas, por iso traemos hoxe unha PNL, para poder implementalo coa súa gran arquitectura e habilidade de artellar os orzamentos. Pero tamén están en contra.

E a maior falsidade —e remato porque se me esgota o tempo— é que din que queremos impoñer unha axenda. Non, non, non, pero explíqueme vostede ese pacto que estamos intentando consensuar e que, de feito, intentamos todas telo listo para esta data, e non fomos capaces, porque temos unha gran responsabilidade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora Presas, remate, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio.

Remate, por favor. E posiciónese sobre a emenda. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ¿Como ese pacto vai ser unha realidade se non o dotamos de recursos económicos? *(Murmurios.)* ¿Como?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio. Señora Presas, posiciónese sobre a emenda e remate.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ¿Acaso non hai medidas, señora Prado, que custan recursos económicos? ¿A sensibilización é gratuíta? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Non require de diñeiro? Pois ¿por que non un de cada cen euros? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿De verdade, con sinceridade, pensa vostede que é tanto? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Isto non é un diálogo, señorías. Por favor, remate e posiciónese sobre a emenda.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Empezamos cunha poxa, se queren, rebaixando de cen millóns para abaixo. En fin.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non, non, non poden preguntar e contestar.

Por favor, posiciónese sobre a emenda, señora Presas.

Perdoe, ¿sobre a emenda, que non lle escoitei?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** É que non hai ningunha emenda.

¡Hai tan pouco interese en que isto saia adiante! Non se abre un debate sobre esta cuestión porque ninguén emendou isto. *(Risos.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten vostede razón que non había emendas, estaba lendo a páxina seguinte. Desculpe.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei si que se presentou unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 39495)*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o punto 3 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*<<3. Desenvolver un estudo detallado das dotacións comerciais de gran superficie existentes en Galicia, os niveis de saturación a nivel das áreas urbanas e a posibilidade de establecer unha moratoria na autorización de macrocentros comerciais e aprobar un Plan sectorial de equipamentos comerciais e de promoción do comercio tradicional.>>*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Quero comezar dándolles a benvida e enviando un saúdo ás persoas que nos acompañan no público, que están aquí tamén para defender o monte veciñal, a calidade de vida e os dereitos da xente de Mos, de Tameiga e de Pereiras.

Vimos aquí falar dunha falcatruada, dunha canallada, dun atropelo, dunha cacicada e dun chanchullo monumental. Dun chanchullo tan descomunal, tan grande como unha montaña, como o monte de Pereiras e de Tameiga do que queren apropiarse para facer negocios.

Vimos aquí falar da crónica dun pelotazo anunciado con esta fotografía do 15 de decembro do ano 2017; unha fotografía na que están o presidente da Xunta e a alcaldesa de Mos avallando un gran pelotazo e un gran negocio a custa dos intereses da veciñanza

Nese día presentouse o proxecto da cidade deportiva do Celta en Mos; anunciouse, polo tanto, unha decisión política e despois púxose a maquinaria administrativa a funcionar para poder levar a cabo ese proxecto. E xusto ao día seguinte, curiosamente, o Celta SA e o Concello de Mos asinan un convenio para levar a cabo unha modificación do plan xeral; unha auténtica falcatruada, porque o que pretenden perpetrar con esta modificación é que o Celta compre

terreos co valor de terreos rústicos e que despois o Concello e a Xunta os recualifiquen como terreos de usos terciarios e equipamento para facer negocios. Se isto non é desvío de poder, se isto non é prevaricación, a verdade é que se parece moito a iso.

Teñen que modificar o plan, teñen que facer estes cambios, e tamén parece que queren vender aquí a pel do oso antes de cazalo. Por exemplo, dan por feito que van ter todos os informes sectoriais e das distintas administracións a favor. Dan por feito que vai ser o Celta o beneficiario desta operación. Así o teñen escrito nese convenio que asinaron ao día seguinte da famosa foto. Poñen o carro, polo tanto, diante dos bois. Iso si, fan deseños moi rechamantes de realidade virtual, pero a realidade, a verdadeira realidade, é que a cidade deportiva do Celta é a tapadeira dun xigantesco e dun succulento negocio dun macrocentro comercial de 120.000 metros cadrados e tamén dun parque de ocio privado de 290.000 metros cadrados no monte comunal de Tameiga e de Pereiras; un centro comercial, por certo, moi ben comunicado, estratexicamente situado ao lado da autoestrada AP-9, da A-55 e da AG-57.

Pero, claro, cando xa tiñan todo cociñado, resulta que lles saíu unha pedra no zapato. Resulta que lles apareceu aquí unha aldea gala, unha aldea resistente, a parroquia e a comunidade de montes de Mos, que lles dixo que non. Que os montes veciñais son indivisibles, son inalienábeis e son inembargábeis, que só poden ser obxecto de expropiación forzosa —que é o que pretenden facer aquí— se se declara a utilidade pública, o interese público desta actuación. Pero, claro, isto non é un hospital público, non é unha residencia de maiores, non é un instituto; isto é un macronegocio dunha sociedade deportiva, do Celta SA, que é unha empresa que hoxe ten un propietario e que mañá pode ser propiedade dun fondo de investimento qatarí ou dun fondo chinés que vai quedar con todo o negocio. E aquí algo cheira a podre, nesta operación hai intereses escuros, hai cousas moi pouco nidias.

Aquí o que hai é intereses para un macronegocio, para arrasar terreos de protección forestal co fin de construír un macrocentro comercial. ¿E quen está detrás desta operación especulativa? Pois están os grandes grupos investidores internacionais que levan tempo, moitos anos, como voitres pairando, sobrevoando a área de Vigo para colocar un macrocentro comercial, e viron aquí a súa oportunidade despois de fracasar en Monte Cabral. E no Concello e na Xunta o que fai o Partido Popular é xestionar e protexer os intereses destes especuladores, destes espoliadores dos recursos do país. Son uns vendepatrias, señores e señoras do Partido Popular, iso é o que son.

Este proxecto é unha cacicada, é unha desfeita, é un despropósito, e non o dicimos nós. Miren, neste documento —que é o documento previo para a avaliación ambiental estratéxica que fixo a Dirección Xeral de Calidade Ambiental— hai máis de trinta razóns para botar abaixo este proxecto. Non teño tempo aquí para lerllo, pero podería detallarlle razóns de carácter ambiental, de mobilidade, de impacto sobre o patrimonio. Miren, só porque van intentar arrasar un enclave romano que está afectado polo sistema viario e tamén pola zona do centro comercial, só por este motivo xa habería razóns para desbotalo. Pero tamén pola necesidade de recursos hídricos, pola necesidade de mobilidade, polo destrozo que se vai facer polos movementos de terras. Hai ducias de razóns para paralizar esta modificación do plan.

E, claro, despois de todo isto, de todos estes chanchullos... Había no século XIX en Pontevedra unha rúa que lle chamaban a rúa do Chanchullo, despois chamouse a rúa dos Bancos. Pois ben, a este monte tamén lle poderían chamar o monte do chanchullo a partir de agora, co que pretende facer aquí o Partido Popular. Porque, despois de todo isto que acabo de dicir, aínda vén a traca final deste contubernio, deste auténtico contubernio, entre esta operación, este macronegocio, e a Administración do Concello e da Xunta, que é a proposta infame de modificación da Lei do solo para outorgarlles a estes promotores privados os beneficios da Administración para poder facer a expropiación forzosa, ¡que xa é o colmo!

Claro, vostedes asinan un convenio co Celta que di que o Celta poderá ser beneficiario da expropiación forzosa, que se farán as modificacións necesarias para iso. E, claro, fan a modificación pola porta de atrás, vía Lei de acompañamento dos orzamentos. ¡Isto é desviación de poder! ¡Isto é algo moi próximo á prevaricación! ¡Isto é dereito de pernada medieval aplicado ao urbanismo do século XXI! Isto é o que queren facer vostedes con esta modificación.

Miren o que di o texto da modificación da Lei do solo: «Poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboándose o xusto prezo, e executen as obras de urbanización».

E fíxense o que di a estipulación terceira do convenio asinado en decembro do ano 2017: «O Real Club Celta comprométese a realizar as actuacións necesarias para alcanzar a condición de beneficiario ou concesionario do sistema de expropiación». ¡Que curiosidade! Vostedes fan na Lei de acompañamento o que asinaron co Celta nesta estipulación terceira do convenio asinado hai case un ano! Isto chámase, desde logo, chanchullo e chámase falcatuada. Chámase... en fin, ¡incualificable o que pretenden facer aquí!

Isto é, desde logo, unha monumental volta atrás en materia urbanística. Lembra moito a figura do axente urbanizador que tivo efectos absolutamente devastadores en Valencia e noutras zonas do Estado. E, por certo, que agora tamén nos queren colar coa nova Lei de ordenación do territorio con esa figura dos proxectos de interese autonómico, para darlles tamén aos promotores privados a capacidade para arrasar co territorio, para arrasar cos nosos montes, como o levan facendo nos últimos anos tamén coa lei de depredación e outros cambios legais.

Se chega a aprobarse isto —que nós estamos convencidos de que non se vai poder aprobar—, acabará sendo anulado por unha resolución xudicial, como acaba de pasar, por certo, co proxecto do estadio do Atlético de Madrid, co Wanda Metropolitano, que un tribunal acaba de anular a modificación do Plan xeral de Madrid e fala precisamente de desvío de poder, de que se puxeron os intereses privados por diante do interese público, que é o que queren facer xustamente vostedes aquí. E tamén sabemos o que pasou —sábeno ben vostedes porque foron os promotores— co caso Fadesa en Miño.

A Xunta e o Concello, en definitiva, o que están é apoiando e facilitando un xigantesco peotazo urbanístico, poñendo os intereses dos grandes depredadores e dos grandes especuladores por riba do interese público, por riba do comercio local —que tamén vai ser un dos

grandes prexudicados por esta actuación—, dos dereitos da veciñanza da contorna, dos propietarios dos terreos e dos usos tradicionais, dos usos sociais, ambientais e produtivos do monte. Esta vai ser unha batalla dura e unha batalla longa, pero a veciñanza de Mos e da parroquia de Tameiga está concienciada, está unida en contra deste proxecto, e ten o apoio tamén das forzas políticas da oposición.

O próximo venres vai haber unha mobilización en Mos. Imos dar a batalla en todas as fronteiras: na rúa...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...nas mobilizacións, nos parlamentos, nos plenos dos concellos, e onde faga falta, para parar esta auténtica aberración. E esta batalla, este partido...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...aínda que queiran cambiar as regras polo medio, ímolo gañar. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, primeiro quero dar tamén a benvida aos veciños de Tameiga e de Pereiras, que manifestaron a súa posición en contra deste proxecto. A verdade é que o de intervir os mércores despois das intervencións do presidente da Xunta sempre aporta novas visións da realidade política e económica do país.

A verdade, estamos ante un pelotazo evidente, pero non é o primeiro da zona. Falou aquí o señor Feijóo, amparándose no TSJ, do carácter público do Hospital Álvaro Cunqueiro. A min recórdame moito os círculos budistas, estes nos que as empresas lle pagan en «B» ao Partido Popular e despois o Partido Popular lles paga en «A» ás empresa, neste caso a Acciona. *(Aplausos.)* Entón, a min gustaríame saber exactamente en calidade de que se lle dan. Dos 70 millóns de euros, hai unha parte, para ser preciso, que é de actividades concesionadas, pero hai unha parte, aproximadamente 40 millóns de euros, que se lle dan a esa sociedade concesionaria. Gustaríame saber, se é público o hospital, en función de que se lle dan. Gustaríame que mo explicara alguén, porque a verdade eu non chego a entendelo. É verdade que non son xurista, pero tampouco son imbécil —creo—.

Este tema, efectivamente, sitúase nese marco xeral de actuación: de facer leis *ad hoc* para satisfacer iniciativas empresariais absolutamente fóra de todo o que sería unha mínima calidade democrática.



Onte mesmo, respostoume o Goberno galego a unha pregunta escrita sobre esta cuestión, na que me di que, por suposto, as actuacións en relación con esta modificación no concello de Mos deberán fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas. Fai referencia constantemente á Lei do solo do 2016, e reconece explicitamente que o planeamento urbanístico é unha competencia exclusivamente municipal.

Ben, pois como ben dixo o señor Bará, efectivamente, isto modifícase claramente con esta lei de acompañamento, no anteproxecto de orzamentos, cunha redacción detallada de todo o procedemento, e, sorprendentemente, cunha emenda do Partido Popular que sintetiza ou resume bastante esta situación, déixao exclusivamente no primeiro parágrafo. A min sorprendeume, a verdade é que dixeran eu: polo menos deixan aberta unha porta a mecanismos de control. Pero, efectivamente, aí está o anteproxecto da Lei de ordenación do territorio de Galicia, que é un auténtico escándalo, que está sometido a información pública, colgado na páxina web da Consellería e que, entre outras cousas, dentro deses proxectos de interese autonómico, di textualmente no seu artigo 51.2: «Os proxectos de interese autonómico, que poden ser públicos ou privados...», —insisto, ou privados, ou sexa, como dicía o señor Bará, non falamos de hospitais, de universidades, de residencias de maiores, en fin— «poderán desenvolverse en calquera clase de solo.» Punto e seguido. Ou sexa, non hai ningunha matización: en calquera clase de solo. E no mesmo parágrafo: «Comportará a modificación directa das correspondentes determinacións do planeamento municipal.»

Eu creo que máis claro... Non son xurista, reconezo que non son xurista, pero é exactamente un anteproxecto de lei que vai permitir... Eu agradezo... —insisto, a min pásame sempre que veño aquí— moito as aportacións intelectuais dos deputados e deputadas do Partido Popular. Saio sempre un pouco máis sabio deste atril.

Miren, é tan evidente que é un pelotazo que nin o señor Mouriño o nega. É tan evidente que é un pelotazo que nin o señor Mouriño o nega. Volvo repetir. E claro, iso tamén é verdade, mentres fan estas, estas todas, vía lei de acompañamento, novas leis, modificacións da Lei do solo de maneira absolutamente constante, o que están facendo é outra cousa, paralizando a dotación de chan industrial e comercial na área urbana de Vigo de maneira absolutamente escandalosa. O caso da PLISAN é paradigmático, falamos aquí moitas veces del. ¿Acórdase? Esa na que ían instalar empresas en xaneiro do ano 2017. Estamos en xaneiro do ano 2019 e teño aquí as fotos, pero xa me canso de ensinalas. A lagoa segue no mesmo sitio, a depuradora segue sendo subterránea e non hai chan industrial.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Polo tanto, eu creo que este pelotazo urbanístico, unido a unha agresión constante e consciente á cidade de Vigo, porque ao final do que se trata é de utilizar pola porta de atrás unha ferramenta para, efectivamente, agredir a cidade de Vigo —pensando que agriden o alcalde de Vigo pero agriden a cidade de Vigo—, pois concordo neste caso co señor Bará en que non vai saír adiante.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Presentamos unha emenda que, en caso de ser aceptada —votaremos a favor en todo caso—, cremos que modula un pouco...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Tamén bos días á xente da comunidade de montes e das comunidades de traídas de auga de Mos que veñen aquí escoitar este debate.

Dicía o señor Bará, non sei se con segundas, que é unha proposta pouco nidia. Eu creo que é unha proposta moi nidia —moi Feijóo, moi nidia— nas dúas acepcións. Moi clara, porque é unha das cacicadas maiores que teño visto nos últimos anos, e iso que houbo varias aquí, neste Parlamento, que viñeron a debate. Pero pensei que este tipo de propostas xa pasaran, que eran doutro tempo, daqueles tempos previos ao estoupido da burbulla inmobiliaria; tempos da especulación absoluta e da supeditación do interese xeral ao interese privado. Pero esta é unha das maiores cacicadas fraudulentas que se pretenden facer neste país e que agardo que non se fagan. Creo, sinceramente, que é imposible, cumprindo a legalidade, que isto vaia para adiante. En tal caso, sería unha fraudulenta operación.

Porque os feitos son así, xa moi ben explicados. Hai unha iniciativa privada dunha empresa —será deportiva, pero dunha empresa— que quere ocupar 87 campos de fútbol —sempre que falamos de hectáreas, fálase de campos de fútbol— maioritariamente de solo rústico de especial protección, sobre todo forestal, a metade del pertencente a comunidades de montes veciñais, para facer unha cidade deportiva; e xustifica, no documento que manda o Concello de Mos —que xa é o último—, a necesidade da recualificación de 142.000 metros cadrados para uso terciario —é dicir, para unha superficie comercial con 120.000 metros cadrados de teito edificable—, para darlle viabilidade ao proxecto. É dicir, non só pretenden utilizar a declaración de utilidade pública co sistema de expropiación para conseguir terreos baratos, senón que, aínda por riba, queren que lle recualifiquen 142.000 metros cadrados para que lles saia gratis. ¡Así calquera! E está a presidenta do Pontevedra moi atenta porque ela tamén pediría e se apuntaría para facer unha cacicada coma esta, seguramente, para o seu club deportivo. ¡Así calquera! É un escándalo, un auténtico escándalo, unha cacicada que cheira a corrupción por todas as partes.

É dicir, se un le o informe do documento de inicio presentado, fala de que a proposta —como xa dixen— se xustifica na necesidade da viabilidade económica dunha sociedade privada. É dicir, supeditan a actuación pública ao interese privado. O lóxico é que haxa unha planificación pública que defenda o interese xeral, e, dentro desa planificación e ordenación pública, se desenvolva a actividade das empresas privadas ou a iniciativa privada, e non ao revés. Aquí

é ao revés. Aquí hai unha iniciativa privada, que ademais excede moito o que é o ámbito municipal, que afectará a nivel de mobilidade e de comercio local, como aquí se dixo, e que medioambientalmente excede os límites do concello de Mos. Ben, pois esa entidade privada o que fai é propoñer un negocio suculento, e aí vai o Partido Popular, co señor Feijóo á cabeza e cunha alcaldesa do Partido Popular, a mover Roma con Santiago a nivel lexislativo para aplanarlle o camiño a esta cacicada.

Moitas veces, evidentemente, non poden porque os pillan nas patacas, porque hai unha sociedade viva neste país que lles vixía as súas cacicadas, ¿verdade? Por iso a Xunta de Galicia nos trouxo aquí unha reforma da Lei do solo, esa reforma que en dous anos e medio xa leva catro modificacións, que di: «De acordo cos principios de transparencia, publicidade e concorrencia, poderá atribuírse a condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas para que adquiran a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no ámbito de actuación». Isto é unha cacicada. Poñer o Goberno galego a traballar para un empresario, iso é o que están facendo aquí vostedes. Como os pillaron nas patacas, como xa o denunciámos, agora traen unha emenda que retira esta parte pero que deixa aberto o camiño de todas maneiras, a ver se aínda así poden valerse deste sistema de expropiación.

Non se xustifica. ¡A ver como se xustifica ese sistema de expropiación, como se xustifica o interese xeral e como se xustifica a prevalencia do uso privado de 800.000 metros cadrados por riba do uso que lle dan as comunidades de montes veciñais en man común ao lado da cidade de Vigo! ¡A ver como o fan! Quero e espero —é verdade— ansioso saber a resposta do Partido Popular ante iso. Quen veña aquí defender iso vai ter que, ou ben defender que esta modificación non pode ir adiante, ou ben tragar moita quina para vir defender tamaña cacicada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Feita a comprobación, o que me puxeron era auga e non quina. Vou ver se despois de saudar as persoas que nos acompañan hoxe aquí, conseguimos explicar un pouco o que está acontecendo.

Sempre que o BNG nos trae unha iniciativa a esta Cámara, vén darnos algunhas leccións. Hoxe, *maese* Bará veu darnos tres leccións en concreto nesta iniciativa: unha lección de democracia, unha lección de tramitación urbanística e unha lección sobre a defensa do pequeno comercio.

Respecto da democracia, é certo que as leccións do BNG son sinxelas de entender. Fundaméntase a súa concepción da democracia en dous principios básicos: todo o que non lle gusta ao BNG está prohibido; e todo o que lle gusta ao BNG é obrigatorio. Fin da constitución nacionalista.

Mire, como non lle gusta... (*Aplausos.*) ¡Claro! Como non lle gusta o proxecto do Celta en Mos, á tramitación ordinaria dun expediente urbanístico debemos denominala «cacicada» ou

«pelotazo». Iso si, como ao BNG lle gustaría paralizar ese proxecto saltándose todas as leis e saltándose o procedemento administrativo, deberíamos chamar xustiza social ao que en calquera sociedade moderna da nosa contorna se chama prevaricación. Porque vostede o que nos trae aquí, señor Bará, é unha proposta de prevaricación. ¡As cousas polo seu nome!

Que eu saiba, as autorizacións urbanísticas son actos regrados, de obrigada concesión se se cumpren os requisitos legais, e que obrigadamente deben ser paralizados se non se cumpren. Polo tanto, a cidade deportiva do Celta en Mos será posible se cumpre todos os requisitos legais, e, se non, non será. Tan sinxelo como iso. É fácil de entender.

Pero claro, veñen aquí darnos leccións de urbanismo, e para darnos leccións de urbanismo teñen que descualificar unha actuación urbanística absolutamente normal. Teñen que descualificar os seus promotores. E para xustificar esta insidia manipulan datos, ocultan información, intoxícase a veciñanza.

Acúsannos de facilitar a expropiación mediante unha modificación da Lei do solo a través da Lei de medidas —ocultando, por suposto, que xa foi emendada—, e sen contar, iso si, que a propia alcaldesa Nidia —por certo, Nidia, non Lidia, agradezo que xa aprendera o nome, señor Bará— manifesta: «*La expropiación forzosa no es una herramienta válida para mí, y en este proyecto en concreto defendiendo que debe ser por consenso. En Pereiras ha habido acuerdo con los vecinos y en Tameiga creo que hay margen para el acuerdo*». Pero disto non din nada.

Claro, acúsannos de cometer un atentado medioambiental contra cento oitenta mil metros cadrados de monte común. Iso si, ocultan que a oferta do Celta é unha permuta de trescentos sesenta mil metros cadrados de monte reforestado, o dobre do monte afectado. E, claro, o señor Bará non dubida en cualificar de «voitres» os que intentan impulsar —cito literalmente— «unha área comercial na área metropolitana de Vigo, sexa en Mos agora ou antes no monte Cabral».

Claro, o que oculta o señor Bará é que foron o BNG e o PSOE os que recualificaban o monte Cabral no PXOM de Vigo —ilegalmente aprobado— para permitir ese uso comercial. ¡Quiñentos mil metros cadrados! (*Aplausos.*) E agora acúsannos de dar atallos legais, cando unha modificación puntual está sendo sometida ao informe de impacto ambiental, os mesmos que aforraron ese trámite —ilegalmente, iso si— na aprobación do PXOM da primeira cidade de Galicia. ¡Están vostedes para dar leccións de exquisitez urbanística! Vostede non é un señor fiable, señor Bará, vostede o que é é un chanchulleiro desmemoriado, non é outra cousa. ¿É que non se acorda das que fixeron?

E, claro, como estaban ocupados en atacar o PP e en construír fábulas, olvidáronse de falar algo do pequeno comercio que tanto lles preocupaba na súa iniciativa. Mire: eu creo que os graves riscos que afronta o pequeno comercio están relacionados neste momento, probablemente, co comercio electrónico e cos novos hábitos dos consumidores. E a Xunta aí vai seguir traballando, como fixo ata agora, da man do comercio, para que sexa competitivo.

Pero eu tamén quero recoñecer que, no que fai referencia á defensa do pequeno comercio, o BNG non resulta de todo inútil; nisto, polo menos, serve de mal exemplo. Mire: afirman

estar en contra das grandes superficies porque prexudican o pequeno comercio. Iso si, cando gobernaron —observen— (*O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da Cámara.*) triplicaron a superficie comercial dos grandes centros en Galicia, triplicaron cento vinte e un mil metros cadrados, un cento corenta e cinco por cento máis do que existía en Galicia.

É o modo do BNG. O BNG está en contra da educación concertada, entón aumenta os concertos (*Risos.*); está en contra da sanidade concertada, entón blindada Povisa; e como está en contra dos centros comerciais, triplica a superficie. O día que nunha asemblea destas se comprometan vostedes ao voto de castidade temos resolto o problema demográfico en Galicia. É que fan sempre o contrario do que prometen. (*Aplausos.*) É un escándalo, de verdade. ¡É un escándalo!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Remato xa.

Só, brevisimamente, para o señor Losada. No caso do PSOE o problema é outro, o problema é que están vostedes nas súas dúas cuestións: na doma e castración dos concellos da área metropolitana que non lles son afíns e en tapar as vergoñas. Mire vostede cal é o motivo do seu problema: «*Abel Caballero ha acusado hoy al PP de querer llevarse los centros comerciales de Vigo*» para que «*se vayan a Mos*». ¡Ah, que os centros comerciais son de Vigo!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Porque ¡claro!, o proxecto é moi gravoso para o pequeno comercio se se constrúen cento vinte mil metros comerciais en Mos. Se se fan quiñentos mil en Vigo ou se se aproba, como fixeron vostedes, Vialia, Valadares, Recaré, etc., ¡iso é un choio!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Miren: nós imos asumir o que digan os tribunais, e espero que en Vigo sexan capaces vostedes de dicir exactamente o mesmo, cuestión que agora mesmo non cre ningún. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Decía o señor Pazos no comezo da súa intervención que quería comprobar se lle puxeran quina na bebida. Eu creo que lle puxeron inquina (*Aplausos.*), que é o que bebe todos os días o señor Pazos, e con ela sae aquí a falar a esta tribuna. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Claro, di o señor Pazos: é que o BNG está en contra de todo o que non lle gusta. Mire: aquí o problema non é que non lle guste ao BNG, a cuestión aquí é que non lle gusta á xente de Tameiga. (*Murmurios.*) Vostede díxoo aquí: o BNG tamén se puxo en contra de Porto Cabral,

apoiando a veciñanza de Cabral (*Aplausos.*), porque o que estaba no Plan xeral non é o que querían perpetrar vostedes. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, por favor. ¡Silencio!

**O señor BARÁ TORRES:** Mire: dixo vostede que a señora Pouco Nidia dixo que isto se tiña que facer con consenso e que na parroquia de Tameiga aínda había posibilidade para o consenso. Pois voulle dicir cal é a opinión da parroquia de Tameiga: unha asemblea veciñal dos comuneiros, dos que de douscentos cincuenta e tres, douscentos corenta e sete dixeron non, tres abstivéronse e tres votaron en contra. ¿Chégalles? ¿Chégalles isto ou que queren? ¿Que queren que lles diga a veciñanza de Tameiga?

Pero é que, ademais, xa lle dixen que o informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental é absolutamente demoledor, baseándose en informes do Instituto de Estudos do Territorio, da Dirección Xeral de Urbanismo, da Confederación Hidrográfica, da Dirección Xeral de Patrimonio, do Concello de Vigo, do *sursum corda*... (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Todos lle din que isto é unha auténtica barbaridade. As Directrices de Ordenación do Territorio din que isto é unha barbaridade, que vai ter un impacto, que non está xustificado o sistema de expropiación, que non está xustificada a utilidade pública, que non está xustificada a asociación dun macrocentro comercial a unha cidade deportiva. Se se quere facer unha cidade deportiva, hai terreos no concello de Vigo para empezar e para poder facela. Póñanse a traballar nesta opción.

Mire o que lle digo, señor Pazos. E antes quero —sen que sirva de precedente— dicirlle ao portavoz do Partido Socialista, o señor Losada, que imos aceptar a súa emenda —aínda que sexa por primeira vez— porque plantexa unha cousa razoable; cando se plantexan cousas razoables dicímoslle que si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Queren facer un estudo sobre o impacto das grandes superficies comerciais: a nós parécenos que é un impacto brutal e destrutivo no tecido comercial —no pequeno comercio, no comercio tradicional—, na vida e na cohesión das cidades, dos núcleos urbanos. Non hai moito que estudar aí, pero imos aceptarlle esa emenda. E queremos que se faga un plan sectorial de apoio ao comercio tradicional, ao comercio local.

Se non lles quedou claro nesta intervención, vóullelo dicir outra vez: se había razóns para paralizar ese despropósito que era o campo de golf en Baredo, en Baiona, que vostedes ao final acabaron gardando nun caixón, aquí hai cen veces máis, e non o imos consentir, non o vai a consentir a veciñanza de Tameiga, non o vai consentir a xente do pequeno comercio de toda a contorna, que non quere esta barbaridade no monte de Tameiga e de Pereiras, en Mos. ¡Non llelo imos consentir, que se enteren xa dunha vez! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse emendas por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160.1 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39685).*

*Emenda de modificación*

*Proponse unha nova redacción para o punto 1, da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:*

*1. Levar a cabo as reformas lexislativas aprobadas e recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero coa máxima celeridade, apelando á vontade dos grupos parlamentarios para favorecer a súa aprobación.*

*Emenda de adición.*

*No punto 2, da parte resolutiva da iniciativa débense engadir in fine as seguintes palabras:*

*“2. .... para o ano 2019.”)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Proponse engadir o seguinte texto:*

*“4. Incrementar cando menos no dobre as contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o ave-llentamento.*

*5. Ter en conta nos criterios de reparto de recursos económicos para as comunidades os baixos niveis de salarios e pensións medias das mulleres galegas así como elementos como a dispersión e o ave-llentamento á hora de fornecer os servizos.*

*6. A inclusión da Xunta de Galiza en todos aqueles organismos de coordinación que arbitre, así como a ter en conta os preexistentes na comunidade de cara a evitar duplicidades.*

*Así mesmo, O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a:*

*1. Remitir nos dous primeiros meses de 2019 unha avaliación elaborada a través do grupo de traballo creado pola Xunta de Galiza no seo da Comisión Interdepartamental de Igualdade para realizar un*

*seguimento do cumprimento das medidas incluídas no Pacto de Estado, a respecto do grao de cumprimento durante 2018.*

*2. Remitir, ou incorporar como addenda no vindeiro informe anual que se elabora ao abeiro da Disposición Adicional Cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero información detallada sobre a concreción das actuacións financiadas polo Estado, de forma que se poida avaliar o alcance da aplicación do Pacto Estatal por parte dos ámbitos implicados na prevención e no tratamento da violencia machista.”)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora García Míguez.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Bos días, señorías.

Durante o tempo de debate de dúas proposicións non de lei nesta cámara cincuenta e cinco mulleres son maltratadas en España, dez mulleres chaman ao 016, vinte mulleres acoden a unha comisaría de policía a denunciar o seu maltratador e, ademais, prodúcense dúas agresións ou dous abusos sexuais. Os datos non son esperanzadores. Nunca houbo en España tantos asasinatos con denuncia previa en tan pouco tempo como no pasado mes de setembro. Non quero dicir con isto que sexa o Partido Socialista, que está no Goberno actualmente, o responsable deste setembro negro, pero si que a realidade é que estou segura de que todos e cada un dos partidos políticos que estamos nesta cámara fariamos todo o posible para rematar coa violencia machista se calquera deles estivese no Goberno.

Estamos escoitando aquí un discurso moi duro, de moitos ataques, e creo que hoxe non é o día diso, é o día de falar contra a violencia machista. Para iso, señorías, convidámoslos a que se sumen á foto, a foto do Partido Popular, a foto que inspirou o Pacto de Estado contra a violencia machista, a foto do consenso, a foto da unidade, a foto da eficacia e a foto da coordinación. Son eses, e non outros, os piares básicos para rematar co machismo; non esquecemos que o inimigo é a violencia.

No día de hoxe quero trasladar todo o noso apoio —e creo que de todos os grupos desta cámara—, a nosa solidariedade e tamén o noso compromiso de traballo a todas as vítimas —os nenos e as nenas, as familias, as nais, os pais e as persoas que perderon a vida— de que loitaremos e traballaremos arreo contra a violencia machista.

Toda a sociedade está chamada a reverter esta situación. Veu aquí comparecer a presidenta do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero, e, dende logo, os datos informaban de que a sensibilización e a prevención están facendo os seus efectos. O número de denuncias medrou, co cal, creo que o dato de que toda a sociedade está implicada e de que a prevención e a sensibilización están facendo o seu labor é algo moi importante para ter en conta.

Dende logo, o Partido Popular, onde goberna, amosa e amosou por primeira vez na historia de España a busca de consenso contra a violencia machista sen ter en conta a cor política, escoitando, chegando a acordos e buscando a unanimidade, como así é o pacto.



España ten o maior orzamento contra a violencia machista este ano 2018, con catrocentos oito millóns de euros. Lembren que o orzamento en vigor é noso, é do Partido Popular, señorías. Cando se aprobou a primeira lei contra a violencia machista en España, no ano 2004, tiñamos un orzamento de dez millóns de pesetas, nin sequera un millón de euros, e hoxe falamos de catrocentos oito. Nunca houbo tantos recursos para atender as vítimas, tampouco nunca houbo tanto respecto á diversidade e ás persoas LGTBI, que elas tamén sofren violencia. Nunca houbo tanta formación, sensibilización e prevención en todos os sectores.

Por certo, señora Pierres, vostede fixo onte —eu creo— unha apreciación que lle vai custar ter que retractarse, porque mente. Mente cando di que dos corenta e tres profesionais, dos corenta e tres técnicos que traballan na Xunta de Galicia, que traballan en Vicepresidencia e en Igualdade no eido das políticas da violencia de xénero e no eido da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, só catro deles teñen formación en igualdade. Xa lle anuncio que non, e non se pode vir aquí desacreditar o traballo do persoal técnico da Xunta de Galicia e de ningún funcionario que estea traballando neste ámbito. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, non esquezamos o contexto onde estamos: o das fotos en casoplóns, onde eses falabaratados din que frustrarían unha muller ata facerlle sangue; o das fotos nos jets que cren privados e que pagamos todos; o dos consellos de ministras, si, o das ministras ás que non lles gusta traballar con mulleres; o das presidentas de deputación que cren que elas son a igualdade, que queren protagonismos e que lles vale todo. Non o queremos, non queremos ese xeito de traballar contra a violencia machista. Estamos, señorías, falando dun tema moi serio, mais as novas do Goberno do señor Sánchez, con esta base que temos, non son esperanzadoras.

Mire, onte relataba o vicepresidente que houbo un acordo: aprobouse no Congreso dos Deputados o Pacto de Estado a finais do ano 2017 —aprobárono todos os grupos políticos, excepto Podemos—, e foi en xaneiro do 2018 cando se constituíron os grupos de traballo, seis grupos de traballo para coordinar as accións e desenvolver a implementación e as medidas prioritarias dentro deste pacto, as preto de trescentas medidas de actuación. Neses seis grupos de traballo, en todos eles, están representadas as comunidades autónomas. Galicia está en dous grupos: está no grupo 2, de resposta institucional, coordinación e traballo en rede, xunto coas comunidades autónomas de Aragón, Castela e León, Madrid, Extremadura e a Cidade Autónoma de Melilla; e tamén a nosa comunidade autónoma está no grupo 6 de traballo, que é de compromiso económico e seguimento do pacto, onde están as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Illas Baleares. Aí estamos nós.

Mentres este pacto se pon en funcionamento e se dota orzamentariamente, prodúcese o cambio de Goberno no mes de xuño deste ano 2018, e a partir dese momento hai un xiro de trescentos sesenta grados, e non para ben. Publícase o decretazo contra a violencia machista co que pretendían cambiar o Código civil. Esa chapuza lexislativa tivo moitos titulares: «Alarma entre os xuristas polo decretazo». Rómpeuse o consenso político, porque este decreto foi aprobado polo Goberno pola porta de atrás, sen consensuar coas comunidades autónomas, sen consensuar coa Federación Española de Municipios e Provincias nin co poder xudicial, nin sequera coas forzas e corpos de seguridade do Estado. A ministra afirmaba que o decreto do mes de agosto fai un desenvolvemento impecable das medidas do pacto, e este

decreto é un copia e pega literal —que o PSOE sabe moito diso— da proposición de lei (*Próncianse palabras que non se perciben.*) que presentou a señora Marta González, deputada no Congreso dos Deputados; unha proposición de lei precisamente para levar a cabo as medidas do pacto. Era unha proposición de lei, e se se presenta así pode haber medidas que queren propoñer os outros grupos, ten que haber un acordo e ten que haber unha votación no Congreso. Pero se se fai a través do decreto, como fixo o Goberno, pois non hai opción a iso. Co cal, fixeron un copia e pega, pero faltaban dúas medidas que son moi importantes. Entón agora decidiron que vai ser a través dun proxecto de lei; o decreto xa non. Os bandazos neste eido lexislativo son, de verdade, para ter moi en conta.

O traballo político do Partido Socialista para levar a cabo este pacto contra a violencia é un auténtico estropicio, señorías: non informan nas comunidades autónomas das medidas postas en marcha; fan o traballo de xeito arbitrario e sen coordinación, e os concellos no día de hoxe non saben nin cando, nin como, nin canto van percibir, non se sabe canto van recibir. E as comunidades autónomas teñen os cartos, pero como non queren reunirse para dicirlles se se pode investir aí, se se pode investir aquí ou se no 2018 xa hai que investilo todo... Ben, pois así estamos.

Non volveu reunirse tampouco o Goberno do señor Sánchez cos grupos de traballo, non volveu haber unha reunión para facer ese seguimento e ese control e guiar as medidas acordadas nos orzamentos. O 31 de xullo convocouse unha reunión sectorial para informar as comunidades autónomas da cantidade de cartos que ían recibir; o 4 de agosto publícase no *BOE* a cantidade e estes recursos económicos que son aportados para o Pacto de Estado, e o 6 de setembro remite unha carta a secretaria xeral de Igualdade á delegada de Goberno para a Violencia de Xénero, porque como non se sabe nada dende o 31 de xullo, no mes de setembro, despois de ver que estaban publicados os orzamentos, pediulle unha reunión, e solicita textualmente: consideramos fundamental manter un encontro técnico, ben cos membros do grupo de traballo 6, no que está a Comunidade Autónoma galega, ben coa totalidade das comunidades autónomas e esa delegación do Goberno de cara a lograr a mellor xestión e destino dos fondos.

Ben, a resposta —case un mes despois— da delegada do Goberno é: o foro máis axeitado para explicar e concretar aspectos contidos na resolución podería ser a Comisión Técnica de Igualdade e a Conferencia Sectorial de Igualdade. Xa está previsto convocar proximamente a nova Conferencia Sectorial de Igualdade. Hoxe é 21 de novembro e non se sabe nada desa reunión.

Señorías, non queremos estes desconcertos, non queremos estas faltas de información, non queremos plaxios, non queremos bandazos nin as políticas de portas pechadas.

Dende o Partido Popular chamámoslos ao berce da nosa lei orgánica do ano 2004, tal e como dixo onte o vicepresidente: unidade, man tendida, coordinación e consenso. Súmense, señorías, á foto do Partido Popular contra a violencia de xénero, que somos exemplo non só no resto de España, senón no resto de Europa, como ben dixeran moitos dos comparecentes na Comisión de Igualdade nesta cámara, especialistas de todos os ámbitos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora García Míguez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Eu, de verdade, xa a estas alturas da mañá... Quédanos unha tarde enteira e a paciencia xa se me empeza a esgotar.

Vén aquí a voceira do Partido Popular falar de que leva toda a mañá escoitando un discurso de ataque; non, señora Míguez, ataque non, exixencia, ¡exixencia! (*Aplausos.*) Porque mire: voulle dicir algo que igual lle sorprende, pero é que a nós as galegas e os galegos non nos escolleron para lavarlles a cara e non nos escolleron para aplaudirilles, senón para facer que o que aparece escrito nas leis se cumpra, para facer que iso se mellore e para avanzar contra a violencia machista, non para vir aquí e aplaudirilles cando vostedes poderían facer un esforzo moito maior.

E que veña vostede falar de fotos... Pois claro, é que igual, precisamente, iso é parte do problema, que están preocupados vostedes polas fotos, por facer fotos de actos, por facer fotos de carreiras de non sei que, en lugar de facer cuestións que deberan depender nun maior grao de vostedes.

A nós non nos preocupan as fotos, o que nos preocupa é avanzar en materia de violencia machista. E quedou demostrada aquí cal é a vontade do Partido Popular, porque onte o señor Rueda verbalizaba algunha posibilidade de acordo. A ver que fan vostedes coa emenda que presentou o BNG, porque igual, se estiveran menos preocupados polas fotos, poderían facer unha proposta mellor que a que traen.

Miren: nós, desde o BNG, nunca facemos —contrariamente ao que fan vostedes— avaliación da calidade das propostas, porque entendemos que cada grupo é autónomo e di o que realmente lle apetece. Pero vostedes, constantemente, basean as críticas ás iniciativas da oposición en que somos tontos e tontas directamente, en que falta rigor, en que non sei que..., permanentemente. E logo vostedes teñen os narices de vir aquí, sendo o partido de goberno, poñerlle deberes só ao Estado, como se vostedes non tiveran que facer nada, cando teñen case o cen por cento das competencias e das cuestións que afectan á violencia machista, e veñen aquí con inconcrecións e inexactitudes.

Entón, nós o que facemos, por responsabilidade, aínda que estamos xa aburridas de falar do Pacto de Estado, que realmente para Galiza aportaría ben pouco, porque sabe vostede —e falámolo onte— que máis da metade do que vén nese pacto xa temos capacidade para facelo e xa vén na nosa lei; aínda así, por responsabilidade, melloramos a súa proposta. ¿E que propoñemos? Pois cuestións ás que o señor Rueda se comprometía verbalmente onte co BNG; a ver que fan vostedes cando haxa de poñelo por escrito.

Nós entendemos que hai que incrementar as contías, porque o que máis nos pode achegar ese Pacto de Estado son recursos económicos; recursos económicos que, ademais, lle faltan a Galiza, porque vostedes son coniventes cun sistema de financiamento lesivo para a nosa comunidade. Entón, nós propoñemos que se revisen os criterios tamén, porque entendemos

que non é o mesmo dar os servizos no noso país, co grao de dispersión que temos e co grao de avellentamento que temos, que dalos noutro lado. Galiza ten unha realidade específica. Dicía vostede onte: «Galicia, sitio distinto»; eu cómprollo —e vivan Os Resentidos tamén, de paso—, pero, polo tanto, precisamos recursos adaptados.

Fala vostede da incerteza dos concellos, que non saben canto e cando van recibir. Home, canto si, a miseria que van recibir xa a saben. Nós o que queremos é que vostedes poñan enriba da mesa, como país, que xa os nosos concellos teñen un importante infrafinanciamento, canto máis haberá que ter en conta cuestións como a dispersión. Se vale para negociar a contía da Comunidade Autónoma, ¿por que non vale para negociar a contía dos concellos?

Poñémoslles propostas na nosa emenda, ata o punto de que, claro, vostedes onte estiveron azoutando toda a mañá con que o subdelegado do Goberno non os convidara a unha mesa. A nós parécenos incorrecto que non os convide, xa o dixemos; pero é que, á parte de dicilo, hai que poñelo enriba da mesa. É que a súa iniciativa é tan extemporánea, pese a ser rexistrada polo proceso de urxencia, que nin sequera piden que a Xunta de Galicia estea nesa mesa. De pouco vale patexar se despois non son capaces de poñer as cuestións negro sobre branco para construír.

E tamén, ¿que pedimos? Información e seguimento de que fai Galiza con eses recursos. Onte o señor Rueda comprometeuse a facelo, a ver se vostedes hoxe van volver votar en contra de que veña a esta cámara información a este respecto, porque é algo que tamén lles gusta pouco, o de render contas e información.

En fin, nós entendemos que coa nosa proposta facemos que esta iniciativa sexa máis coherente e que achegue medidas e cuestións concretas que beneficiarían o noso país. Agora que vostedes xa case abrazan o independentismo porque en Madrid goberna o Partido Socialista, pois polo menos empéñense en que este país reciba os recursos económicos que necesita para combater a violencia machista, e que o Estado español deixe de ser un hándicap tamén para ese ámbito.

O BNG é coherente, señora Míguez, nós ímoslle exixir o mesmo ao señor Sánchez que ao señor Rajoy, exactamente o mesmo. Pero iso non vai implicar en ningún momento que nos esquezamos de que temos unha lei moito máis avanzada que o marco estatal nin que nos esquezamos de que a maioría das competencias pertencen ao noso ámbito. Ámbitos como a sanidade, como o ensino e unha boa parte da xustiza dependen directamente de vostedes, e aí deberían ter un cargo de responsabilidade e un cargo de conciencia. Non debería vir aquí, cando hai propostas en positivo, dicir que vimos atacar, etc., porque imos un pouco fartas. Atacar non, exixir, señora Míguez. E se estivera menos preocupada polas fotos e máis preocupada pola violencia machista e por chegar a acordos con este grupo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...temos demostrado no pasado que é precisamente e historicamente o feminismo, a esquerda e o nacionalismo deste país quen impulsa as medidas máis avanzadas en materia de violencia machista.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Saudamos os alumnos e alumnas de segundo da ESO do IES Primeiro de Marzo, de Baiona, en Pontevedra, e tamén os profesores que os acompañan. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Vou recoñecer que, en certo modo, estou un pouco anonadada con esta iniciativa. Onte a voceira do Partido Popular reprochaba precisamente ao Partido Socialista recoller propostas presentadas noutras comunidades por este mesmo grupo, e resúltame sorprendente cando esta iniciativa que hoxe presenta o Partido Popular emula a que este grupo presentou en setembro do 2017. (*Aplausos.*) A diferenza é que daquela se xustificaba porque non había nin unha soa medida en marcha, nin un só carto posto á disposición das comunidades nin dos concellos e ningún criterio de reparto dos fondos, porque o pacto estaba paralizado. E si, deuse un xiro de trescentos sesenta graos, señora Míguez, que permitiu desbloquealo por parte do Partido Socialista.

Quede claro que en ningún caso nos imos opoñer a propostas que soliciten ao Estado todo o que estea na súa man para que as medidas contempladas no Pacto de Estado sexan unha realidade o máis axiña posible. Tampouco nos imos opoñer a que se vele polo reparto máis xusto e eficaz dos medios e recursos, nin para que se establezan os mecanismos de supervisión e aportacións que desde as diferentes autonomías se poidan exercer para o bo desenvolvemento do pacto.

Dito isto, permítanme que degrañe cada unha das peticións, comezando polo final. Falan de reactivar os grupos de traballo creados no seo da comisión técnica: por un lado, sorprende que este interese naza exactamente na data do 5 de novembro —ademais con carácter de urxencia— e non antes do 2 de xuño; e, por outro, que falen de activar eses grupos, precisamente cando Galicia —que, efectivamente, forma parte de dous dos grupos— fixo unha aportación ao grupo de compromiso económico e seguimento do pacto a través da plataforma virtual eRoom, que se puxo en marcha precisamente para permitir compartir, discutir e tomar decisións. Polo tanto, vostedes mesmos verificaron que existe unha canle para que eses grupos funcionen. En todo caso, se se entende que os grupos non están funcionando ou hai falla tamén de implicación, parécenos ben que Galicia, como parte interesada, exerza ese dereito a reclamar maior participación de todas as comunidades e axentes implicados nestes grupos de traballo.

Respecto á segunda petición, piden concretar a forma e o prazo sobre a formalización da distribución dos créditos correspondentes ao Pacto do Estado contra a violencia de xénero tanto ás comunidades autónomas como ás entidades locais. Francamente, nós non entendemos que realicen esta petición, tamén con data de rexistro do 5 de novembro, cando xa foi resolta na conferencia sectorial do 31 de xullo, da que onte mesmo o propio vicepresidente

recoñecía que participou e, ademais, confirmaba que na data do 18 de outubro se executou esa transferencia do setenta e cinco por cento dos fondos das comunidades autónomas. E, por certo, cuns criterios de reparto que si teñen en conta as especificidades que apunta o BNG na súa emenda; polo tanto, xa contempladas. Outra cousa será discutir, por suposto, se esas cifras a repartir son as indicadas en cada un dos criterios en vindeiros anos. E se a súa dúbida é como se efectuará a transferencia aos concellos, podemos adiantarlles que será moi en breve e que a única causa de que non se realizase xa é porque se efectuará mediante unha transferencia directa, incluíndo o IVE, a cada un dos concellos de toda España, que son algo máis de oito mil; algo que, como poden imaxinar, é burocraticamente complexo, pero en todo caso será en breve.

Nós, en todo caso, se a intención da petición que vostedes fixeron hoxe se refire aos fondos do 2019, entón estamos de acordo en que se poida efectuar o antes posible. Pero para iso sería interesante que insten tamén o seu grupo parlamentario para que apoie a aprobación dos orzamentos. Así, na Conferencia Sectorial de Igualdade que se convoque poderanse convenir os criterios de reparto deses novos cartos entre a FEMP e as comunidades autónomas, tal e como se fixo en xullo deste ano.

E xa por último, piden levar a cabo as reformas lexislativas aprobadas e recollidas no Pacto de Estado antes de que finalice o ano. Vostede sabe que o prazo establecido para este fin é de catro anos, e quero lembrarlles tamén que o pasado ano, onde na nosa iniciativa pediamos que se acurten os prazos establecidos, vostedes incluso solicitaron mudalo por un «que se cumbran e axilicen na medida do posible os prazos establecidos», e accedemos.

Eu pídolles que sexan serios e razoables, señora Míguez, ou non poderemos apoiar algo que se torna francamente imposible. E, por favor, teñan un pouquiño de pudor político e non falen da falla de apoios ou de disposición a chegar a acordos en materia de igualdade, cando son vostedes os que derruban sistematicamente, e incluso insultan, as propostas e iniciativas da oposición e, con elas, as problemáticas reais das mulleres galegas. E non fale tampouco de sumarnos a fotos do Partido Popular. Nós sumarémonos ás demandas das mulleres para que ningunha delas teña que ver a súa foto na portada dun telediario. Esa é a nosa verdadeira preocupación, e non a de saír nas súas fotos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Antes de entrar a falar da propia iniciativa, temos que facer unha reflexión. Neste Pleno houbo bastantes debates de igualdade, e podería ter servido para avanzar en determinados debates sobre cuestións de igualdade. Pero, por desgraza, non foi así, para o único que serviu este Pleno foi para atacar, para mentir, para utilizar demagogia, e sobre todo para colgarse medallas. E eu, cada vez que falemos de cuestións de igualdade ou de cuestións feministas,

gustaríame que fixeramos unha reflexión: a ver se lles recoñecemos un pouco máis o esforzo a todas as mulleres que saíron a organizarse —non só este ano senón que levan moitos anos, xa que é grazas a elas que moitas mulleres podemos estar aquí hoxe—, a ver se lles recoñecemos o esforzo a todas as mulleres que levan reivindicando moitas cuestións para acabar coas violencias machistas e deixamos de colocarnos tantas medallas os partidos políticos. Porque a verdade é que é bastante lamentable, sobre todo cando o 8 de marzo as mulleres demos unha lección bastante importante. (*Aplausos.*)

E despois teríamos moitas cuestións que dicir, contestándolle a Paula Prado e contestándolle ao presidente. No de hoxe non vou entrar, simplemente me parece bastante alucinante as mentiras que se poden dicir en sede parlamentaria sen ningún tipo de pudor. Hoxe o Partido Popular deu mostra de que todo está marabillosamente ben, de que todo se está facendo. Pois é mentira, hai moitos anos de políticas públicas que o único que conseguiron foi recortar dereitos a moitas mulleres. Entón, bueno, daría para falar moito do tema.

Pero, por entrar na propia iniciativa, cremos que é un bo exemplo do cinismo do Partido Popular cando falamos de determinadas cuestións. A nós parécenos curioso, cando menos, que despois de máis dun ano desde a aprobación do pacto de Estado nunca se dixera neste Pleno absolutamente nada, nunca se falara de exixirle ao Goberno absolutamente nada, e que agora, de repente, cando curiosamente cambiou o Goberno, vaíamos exixirle todo. A nós parécenos estupendo, nós seguimos pensando o mesmo que cando se aprobou este pacto de Estado. Seguimos pensando o mesmo cando empezaron os traballos e cando remataron. E meses despois a realidade dános a razón: este pacto de Estado é totalmente insuficiente, é un pacto de Estado que non contemplaba medidas orzamentarias nin contemplaba calendarización. E iso levámolo dicindo nós dende o principio: nin o Partido Popular nin o Partido Socialista se preocuparon diso, nin o Partido Popular nin o Partido Socialista quixeron dotar orzamentariamente como era debido este pacto de Estado. A nós o que nos parece curioso, a verdade, é que sempre se acuse a oposición de facer partidismo con estas cuestións cando o Partido Popular trae hoxe unha iniciativa —xustamente cando cambiou o goberno do Estado— para exixir unhas cousas que hai meses non exixía. Hai meses non se falaba absolutamente de nada desta cuestión. Hai meses o pacto de Estado era marabilloso, cando do pacto de Estado non se desenrolara nin unha soa medida, cando non había nin un só desenrolo lexislativo, cando non se puxera ningún euro. Prometéronse 200 millóns de euros que se puxeron nunha memoria de orzamentos que despois non tiñan ningunha translación real. Entón ¿de que estamos falando? ¿Realmente queren que este pacto de Estado sexa un pacto de Estado? Non o é porque faltan moitas cousas, por iso moitas veces din: Estamos de acordo.

Claro, se din que están de acordo na prevención, por exemplo, das violencias machistas, en que a cuestión da prevención é fundamental pero despois neste pacto que se negociou quixeron deixar fóra as cuestións de prevención, ¿de que estamos falando? Non serve de nada que veñan aquí dicir que a prevención é fundamental se despois á hora da verdade, cando estamos poñendo unha cuestión en concreto no papel, dínnos literalmente que as cuestións de prevención non porque isto non é un pacto de igualdade, é un pacto contra as violencias machistas. Iso non pasou aquí neste Parlamento, pasou no Congreso dos Deputados. Pero entón vaíamos dicilo. Eu espero que cando avancemos no traballo do pacto galego non teñamos estas preocupacións. E tamén espero que nos sirva de aprendizaxe se agora estamos

dicindo que o problema fundamental do pacto era que o desenvolvemento orzamentario e o desenvolvemento lexislativo non estaba concretado. E cando vaiamos pór aquí as nosas propostas, de verdade, oxalá poidamos concretar orzamento e calendarización. E aí vannos atopar, por suposto. Nós non nos negamos a facer pactos, o que non nos vale son os pactos que unicamente son literatura e que despois non teñen unha translación real.

E sobre este pacto —como dixen no seu momento e como dixemos xa cando foi esta cuestión— non se aceptou incorporar o fundamental, e o fundamental xustamente, como nós dicíamos, é pór unha data concreta. Non vale dicir como se vai desenvolver cada unha desas medidas. Iso foi no que máis insistiu o noso grupo parlamentario. Acusáronnos de moitísimas cousas por abstermos —que, por certo, non votamos en contra, o pacto saíu adiante—. Pero abstivémonos e xustamente un ano despois a realidade dános a razón. Un ano despois ¿en que lles serviu este pacto a tantísimas mulleres do noso país? Esperemos que agora, dunha vez por todas, se empecen a desenvolver algunhas das medidas e que, dunha vez por todas, se empecen a destinar orzamentos a todas estas cuestións. Pero ata o momento, ata o día de hoxe, temos que dicir que este pacto foi totalmente insuficiente e non foi un pacto verdadeiramente feminista e verdadeiramente aberto.

Porque tamén —como dicía ao principio, e volvo insistir—, para rematar, recoñezámoslles algo ás mulleres que están mobilizándose no noso país, contemos con elas, fagamos unha comisión de seguimento que teña algún sentido e que escoite a xente que está fóra. Escoltemos as mulleres feministas, non fagamos unha comisión de seguimento unicamente conformada polos grupos parlamentarios. Se de verdade queremos facer un pacto aberto e que sexa un pacto para o conxunto da sociedade, tamén teremos que empezar socializando as cuestións.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora García Míguez.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Bos días novamente.

Eu quero agradecerlle á señora Pierres que fixera de portavoz da delegada do Goberno en Violencia de Xénero, porque nos acaba de aclarar aquí como se van destinar os fondos das entidades locais, como van ser distribuídos, onde van ser distribuídos, e que en breve xa os terán. Farémonos portavoces para todas as comunidades autónomas destas boas novas que nos acaba de dar a nova portavoz da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero de España.

Vostedes falan de pudor político, e eu creo que non é un bo momento para falar de pudor político neste momento, pola súa falta de consenso, de coordinación e de rigor.

Os deberes da Xunta de Galicia, señoría, púxoos o propio vicepresidente onte, e non só ao Estado, os deberes non os pon só ao Estado. Non leron hoxe os titulares. Voulles relatar cales



son as medidas que vai poñer enriba da mesa, dende a Vicepresidencia, a Secretaría Xeral de Igualdade de cara ao pacto de Estado: «Galicia activa o Plan contra a violencia machista. Hai un programa de 14 medidas novas para implementar este ano 2018» —porque hai que gastar os fondos deste 2018— «A Xunta de Galicia facilitará o acceso á vivenda das vítimas de violencia. Os fillos das mulleres asasinadas terán unha indemnización de 7.000 euros, medida pioneira e universal para os menores de 25 anos».

Respecto do Bloque Nacionalista Galego, sorpréndeme que a vostedes non lles importe este pacto, que digan que é un pacto que nin vai nin vén. Mire, a min sorpréndeme que vostede diga isto cando trae exactamente cinco puntos nunha emenda, aporta cinco puntos para a consideración do pacto porque ve que é insuficiente o que se está a facer. ¡Algo debe importar!

Onte falaba da Meseta, que non hai que ver para a Meseta. Hai que ver para a Meseta para pedirlle máis cartos, para pedir un aumento e para que teñan en consideración a idiosincrasia da nosa comunidade autónoma para o reparto de cartos. Para aí hai que ver para a Meseta, ¿non? (*Murmurios.*) En realidade hai que ver. Pero ¿hai que ver ou non hai que ver? Para unhas cousas si pero para outras non. Eu creo que hai que ser moi coherentes neste tema. Temos que ir todos da man, como ben lles dicía.

E, señora Pierres, simplemente unha mensaxe. Dicía vostede que o Goberno empurre na mesma dirección que o resto do Estado. Eu creo que é ao revés, o Partido Popular, o Goberno do Partido Popular, é o que está empurrando contra a violencia machista na nosa comunidade autónoma. Así o fixo o Goberno co señor Mariano Rajoy, cuns orzamentos que nunca houbo na historia de España, cunha aposta importante para o pacto de Estado, con 408 millóns de euros contra a violencia machista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Sobre as emendas, por favor?

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Temos unha transacción.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Hai unha transacción? ¡Vale! ¡Perfecto! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Agora, cando chegue o momento da votación, veremos como vai. Ela díxome que había unha transacción, que sobre esta última proposición non de lei había unha transacción. Xa se pronunciarán vostedes a ver cal é o acordo e cal é a situación.

***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Imos votar.

Peche as portas, por favor.

Comezamos votando as proposicións non de lei. A primeira é a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de 65 anos.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e non a do Grupo Parlamentario Popular. *(Pausa.)*

Perdón. Paremos isto.

Pároo eu, pero teño un problema eu aquí de tecnoloxía. Son doutra xeración, a min xa me colleu isto un pouco lonxe, fóra desta cousa.

Señora García Míguez, vostede pide a votación por puntos.

Señora Blanco, ¿vostede acéptalle a votación por puntos, si ou non?

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Querería saber que puntos quere votar á parte o Partido Popular.

**O señor PRESIDENTE:** Pregúntalle que puntos quere separar.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** O 1, 2, 3 e 4 xuntos, e o 5 por separado.

**O señor PRESIDENTE:** Déanlle voz ao escano da señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** A ver se entendín eu ben, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** O 1, 2, 3 e 4 nun bloque, e o outro separado.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Estame dicindo, señora García Míguez, que quere votar todos os puntos da iniciativa do Partido Socialista, que trata sobre detección de protocolos específicos para atender a persoas maiores de 65 anos, e en contra... *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, vamos ver.

Perdón. *(Fortes murmurios.)*

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ¡E un punto dunha emenda a favor! *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Iso non é votar a favor da iniciativa... *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Non! ¡Silencio!

Señora Blanco, isto modéroo eu. *(Fortes murmurios.)* *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, señora Blanco, non ten o uso da palabra.

*(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Blanco, xa non está no uso da palabra. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, ¡xa está!

A pregunta é moi concreta. ¿Non acepta vostede? *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pero se eu lle pregunto se acepta o 1, 2, 3 e 4, e o 5 por separado, dígame si ou non. O outro xa formou parte do debate. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*  
¡Xa está! Non aceptou. *(Protestas.)*

Non, ¡xa está! *(Fortes murmurios.)*

Non se acepta a votación por puntos.

Votamos. *(Fortes murmurios.)*

Atención ás votacións; se non, pode haber despois erros.

*Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para combater a violencia de xénero contra as mulleres maiores de 65 anos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Luca Chao, sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a existencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo.*

*Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non a do Grupo Parlamentario Popular. (A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

*¿Ningunha? (A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.) Eu onte entendinlle que aceptaba a do Bloque. (A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Non? Pois entón entendinlle mal*

Entón non acepta ningunha emenda. (A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.) Pero é que a súa dou por feito que, se a fai vostede, vai aceptala, (Risos.) non a vai tombar. ¡Digo eu!

*Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre a implantación e aplicación polo Goberno galego das medidas normativas e regulamentarias necesarias para evitar, a partir do curso 2018-2019, a exixencia polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** A seguinte proposición non de lei é do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Jacobo Moreira, sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha o máis axiña posible do servizo de transporte urbano.

Hai unha transacción que me fixeron chegar. ¿Lea vostede, señor Moreira, ou léoa eu? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Léaa vostede.

**O señor MOREIRA FERRO:** Si, simplemente é aceptar a emenda do Partido Socialista e engadila como punto número 2.

**O señor PRESIDENTE:** Aceptar como punto 2 a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Correcto

*Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e oito deputados/as máis, sobre o requirimento polo Goberno galego aos concellos de Ferrol e Pontevedra da realización dos trámites necesarios para a posta en marcha, o máis axiña posible, do servizo de transporte urbano.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 19.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Luis Villares, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais.

¿Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Popular? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.*

**O señor PRESIDENTE:** Agora votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde.

Non hai emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Agora votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas, sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Non se presentaron emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre o incremento polo Goberno galego da contía destinada de xeito específico á prevención, tratamento e loita contra a violencia machista ata chegar, cando menos, ao 1 % do total no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E agora votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de aprobación da modificación puntual do Plan urbanístico do Concello de Mos para executar un proxecto deportivo e comercial nas parroquias de Tameiga e Pereiras.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Ángeles García Míguez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero.

Parece ser que hai unha transacción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Non hai transacción? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, se non hai transacción, nada, hai que votar e punto. *(Murmurios.)* Pero se non hai transacción...

*(A señora García Míguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano da señora García Míguez.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Aceptariamos unha emenda que presenta o Partido Socialista, unha emenda de modificación e de adición. Incluiríamos os dous puntos dentro da nosa proposta. Entón a emenda de... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Foi así, unha emenda de adición, efectivamente, do Partido Socialista... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** A ver, por favor, non entendín moi ben agora eu. Estou un pouco confuso hoxe eu tamén

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Non hai transacción e aceptamos a emenda de adición do Partido Socialista.

**O señor PRESIDENTE:** Pero é que eu antes, cando lle preguntei, díxome que había unha transacción. E non hai transacción.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Non hai transacción.

**O señor PRESIDENTE:** Ben, pois se non hai transacción... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Si, claro, a emenda do PSOE aceptámola.

**O señor PRESIDENTE:** Pero entón, se acepta a emenda do PSOE, hai que dicilo. ¿Acepta a emenda do PSOE?

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** No punto 1 hai unha emenda de modificación do PSOE e no punto 2 hai unha emenda de adición do PSOE.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acéptanse as dúas cousas?

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** A emenda do PSOE aceptámola.

**O señor PRESIDENTE:** Acepta a emenda do PSOE.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Os dous puntos da emenda.

**O señor PRESIDENTE:** Entón acepta os dous puntos. Vale.

¿Está correcto isto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E do Bloque ¿non acepta nada? Pregunto eu.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Non, do Bloque non.

**O señor PRESIDENTE:** Ben, correcto.

Votamos entón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que figura? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu xa preguntei. Agora volvo preguntar. Non pasa nada con que os deputados tamén falemos disto para que quede claro.

Agora imos votar. Hai que repetilo: votamos a iniciativa coa engádega da emenda do PSOE... *(A señora García Míguez pide a palabra.)*

A ver, si, outra vez, señora García Míguez.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Perdón.

Do Bloque Nacionalista Galego aceptaríamos o punto 4, o punto 6 e o punto 2.

**O señor PRESIDENTE:** ¿O 2, 4 e 6?

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** O 2, 4 e 2.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Como 2, 4 e 2? Será 2, 4 e 6.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Na emenda de adición. (*Murmurios.*)

Está así desglosado.

(*Pausa.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor, silencio. Imos tratar de aclarar isto; porque, claro, se nos complicamos todos, aínda é máis difícil.

(*A señora Presas Bergantiños pide a palabra.*)

Señora Presas, ¿para que quere a palabra?

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** O BNG non acepta a rebaixa que fai a señora Míguez, que se contradí, ademais, cos compromisos que adquiriu nesta Cámara o señor Rueda onte. Polo tanto, non se pode incorporar a unha transacción as partes da nosa emenda sen contar co noso beneplácito. Entón, o que haberá que votar será a proposta do Partido Popular co engadido do Partido Socialista.

**O señor PRESIDENTE:** Perfecto, entendido. Iso é o que hai que votar.

Votamos a proposta coa incorporación das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación do texto transaccionado sobre a Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles García Míguez e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en materia de violencia de xénero.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 19.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto transaccionado.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.



Continuamos coa orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Inicialmente, unha consideración, porque atinxe á propia Consellería de Sanidade. Pola mañá asistimos aquí a unha serie de afirmacións por parte da Presidencia en relación coa protección do embarazo no sistema público de saúde. E eu quero desmentir, obviamente, esa mostra de descoñecemento por parte do presidente da Xunta de Galicia, porque se está obrigando a xornadas forzosas. E en canto a protección e a conciliación familiar, por unha banda, non hai conciliación, hai obrigación de xornadas forzosas. Teño que lembrar aquí o que xa dixemos no pleno anterior, o desas 65 horas ás que se obrigou a unha persoa durante cinco días nun punto de atención continuada. Pero, ademais, aquí votouse en contra de incrementar o número de matronas. Quero recordar que temos provincias, como Ourense, nas que hai 8 matronas de atención primaria para máis de 160.000 mulleres. E, polo tanto, ¡que vimos dicir aquí a esta Cámara cando non hai realmente unha protección correcta xa non a todas as mulleres senón nin sequera ás mulleres embarazadas no noso país!

Pero, atendendo á propia interpelación, temos unha situación complicada, señor Almuíña, e por iso volvemos traer esta cuestión hoxe aquí ao Pleno. Temos unha xestión pública, a súa xestión pública á fronte da Consellería de Sanidade, que está facendo augas, señor Almuíña. Persisten os problemas dentro do 061, cunha situación, un conflito, que vostedes se negan a arranxar. E non hai, neste orzamento que estamos a debater, orzamento precisamente para satisfacer ese descolgue, esa conxelación, do convenio colectivo. Preguntámonos que van facer, e se van someter perpetuamente os traballadores e as traballadoras á folga.

Permanece tamén a folga nos puntos de atención continuada de todo o país, señor Almuíña, sen que vostedes movan un só dedo para chegar a un acordo real; unha folga que xa se ampliou, como mínimo, ata mediados de decembro. E esa folga é responsabilidade súa, cando nin tan sequera se están a cubrir os servizos mínimos.

E temos ademais unha perpetuidade nun conflito como é o de Povisa, no que, por moito que intenten acadar, o problema está aí e permanece; un problema para o emprego dese centro e obviamente un problema de asistencia sanitaria, que podería terse dado na sanidade pública, se vostedes quixeran, dende o primeiro minuto. Por non falar do resto de problemas no resto de centros que temos; como, por exemplo, o relacionado coa acumulación —e isto xa ten relación co que sucede no CHUS— de persoas nas urxencias do centro do Salnés porque vostedes continúan negándose a abrir a terceira planta do centro.

Así ten vostede a nosa sanidade pública, porque a súa xestión, señor Almuíña, fai absolutamente augas. Preguntámonos que é o que vai facer. Tanto fai augas que precisamente non

queren escoitar na comisión de investigación dos recortes en sanidade as persoas que sofren eses recortes.

E no CHUS, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, despois dun ano advertindo os traballadores e as traballadoras da situación na que se estaban a dar as condicións de traballo, vostedes abocan as plantillas a asumir unha folga. E iniciamos xa esta semana a segunda semana de folga, señor Almuíña.

E, desgraciadamente, temos que volver traer este problema aquí porque non só non se solventou o problema senón que durante esta semana temos unha situación absolutamente intolerable no servizo; un servizo, por certo, no que vostedes aplican uns servizos mínimos do cen por cento que tampouco se cobren durante os días de folga, igual que acontece nos puntos de atención continuada. E iso é porque esas plantillas traballan todos os días ou a maior parte dos días baixo mínimos. Levan moito tempo reclamando o incremento de profesionais.

Así estaban hai dous días, iniciada a folga, señor Almuíña, os corredores do servizo de urxencias. *(A señora Solla Fernández amosa unha foto desde a tribuna.)* Uns corredores do servizo de urxencias nun centro no que ademais vostedes teñen, ou manteñen, pechadas as plantas de medicina interna do Gil Casares. Isto é unha irresponsabilidade, señor Almuíña. Sucede no Salnés, sucede en Compostela, sucede na Coruña. ¡Como pode haber unidades e camas pechadas no noso sistema público de saúde e que se amoreen así os doentes nos corredores de urxencias! ¡Un día de folga, servizos mínimos do cento por cento e persoas graves nos corredores das urxencias!

Enviaron, precisamente, unha carta os traballadores no día de folga. Vou ler un estrato, para que non sexa o que trasladamos nós senón que sexa a voz dos traballadores, xa que vostedes non os deixan comparecer na comisión de investigación de sanidade.

«Hoxe —hai dous días—, ás 19.15 horas, 13 doentes de distinta gravidade —a maioría, de idade avanzada— estaban colocados en cadeiras de rodas e padiolas no corredor de acceso a corredores limítrofes agardando ata máis de dúas horas para recibir atención urxente. Un total de 10 doentes estaban nas zonas de traballo agardando o ingreso en planta» —¡10, e 45 camas pechadas no Gil Casares!—. «Dos cales, 5 xa tiñan unha cama asignada. Novamente se paraliza o circuíto de atención a custa dos doentes, que finalmente rematan nos corredores agardando seren atendidos, porque as camas hospitalarias seguen sen estar dispoñibles no momento en que se demandan polo persoal facultativo do servizo. Non é admisible, atenta contra o dereito fundamental de atención urxente recollido na Lei de saúde de Galicia» —din os traballadores e traballadoras—. A pesar da folga da plantilla dos servizos, séguese negando o aumento da dotación mínima de persoal facultativo, de enfermería, auxiliar e celadores requirida. E explican máis situacións coma estas.

Señor Almuíña, temos moitas cartas coma esta que lles remitiron a votedes en moitas ocasións, e algún correo, señor Almuíña, o día que faleceu a última persoa nos corredores de urxencias do Clínico, advertindo do colapso da situación. Segunda semana de folga, un ano demandando o incremento de persoal, e seguimos absolutamente igual e sen que vostedes se fagan cargo desa situación.

Sabemos que se sentaron a negociar. É un avance, mellor ca nada. Xa recoñecen o comité de folga. Está ben, señor Almuíña, pero teñen vostedes que atender esas demandas. No pleno anterior aquí votouse en contra do mínimo que solicitaban os profesionais, que era simplemente que se dotasen as urxencias dos medios materiais e humanos demandados polos profesionais. Votouse en contra, non estaban nin concretados os puntos e cantos tiñan que ser. E aquí, o Grupo Parlamentario Popular votou en contra a pesar de que estaban os traballadores e as traballadoras escoitando e vendo o pleno. Hoxe non poden estar aquí porque precisamente están reunidos valorando a situación que teñen e a oferta que fixeron vostedes, que é absolutamente insuficiente para cubrir unhas urxencias que xa non é que estean saturadas cando hai un pico de gripe, é que están saturadas a maior parte do ano; se non, obviamente, estes profesionais non protestarían.

E, mire, a mostra palmaria e clara de que houbo un problema de insuficiencia de recursos humanos no servizo de urxencias do Clínico —e de insuficiencia de recursos humanos no global, con recursos, ademais, pechados, como son estas camas de medicina interna—, é que, dende que se comezou con este problema de maneira máis aguda, e dende que temos ademais alí a señora Eloína, levamos a dimisión de dous coordinadores do servizo, de cinco supervisoras de enfermería e de dous coordinadores de área, señor Almuíña. Explíqueme vostede se iso non obedece á redución do persoal, aos recortes de persoal, ou á non ampliación de persoal, se vostede prefire, señor Almuíña. ¿Como se pode dar unha asistencia correcta nestas condicións se a saturación se repite durante todo o ano, xa nin sequera nos meses de incremento da frecuentación?

Non hai plan funcional do centro, non hai celadores suficientes, non hai, fundamentalmente, profesionais de enfermería e auxiliares de enfermería; tampouco chegan os facultativos e as facultativas e, dende logo, non se están a cubrir nin sequera as baixas e os permisos, igual que acontece no resto do Servizo Galego de Saúde.

Nós pedímoslle hoxe aquí que, dunha vez por todas, aclare cando van dotar deses medios materiais e humanos ese servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela; se vostedes consideran normal ter o servizo nestas condicións (*A señora Solla Fernández amosa un documento desde a tribuna.*) durante todo o ano, e mesmo cando está declarada unha folga, señor Almuíña; se se considera que é normal non actualizar os equipos do centro, que se se pode traballar con equipos de dez anos; e se se considera que se se pode non atender as demandas dos profesionais, agardar un ano e agardar a que teñan que poñerse en folga porque a situación é totalmente insostible neste sentido.

Eu creo que vostede, e o equipo da Consellería, non deberían poder asumir máis o risco de ter un servizo de urxencias infradotado. Porque os profesionais, señor Almuíña, son moi bos, son magníficos —repíteno vostedes en todas as intervencións— pero non teñen catro brazos. Fan todo, absolutamente todo, o que poden. E chegará outra vez un momento no que exista unha circunstancia na que se poña en perigo a situación dunha persoa porque están todos os medios ocupados. Non queremos correr o risco de chegar a esa situación, igual que non queremos correlo nos puntos de atención continuada. Non queremos que se corra ese mesmo risco no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, nas urxencias do CHUS. Preguntámonos por que vostedes, ante esta situación, non poñen

máis persoal. Non o fixeron dende o inicio. Houbo que facer unha folga tamén en Monforte para que vostedes se dignaran a poñer máis profesionais. ¿Por que teñen que agardar a esta situación? ¿Por que teñen que agardar a tres denuncias na Fiscalía de tres falecementos, señor Almuíña? ¿Por que? Non pode vostede corrixir o pasado pero pode poñer medios agora mesmo para solventar esta situación.

E remato xa. Preguntámonos tamén por que a eses profesionais, aos que vostede lles nega continuamente ampliar os medios, se lles nega tamén que poidan comparecer nunha comisión para explicar a situación que viven todos os días, que nin eu nin obviamente vostede está sufrindo.

Máis nada, polo de agora, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi bos días, señor presidente.

Señores deputados, en Galicia aténdense 7.000 urxencias ao día, 3.000 nos servizos hospitalarios. O grao de satisfacción da poboación é alto. Segundo o barómetro sanitario e os últimos datos que temos, o 84,7 % da poboación entende que a atención foi boa ou moi boa. A media no Sistema Nacional de Saúde é de 78,1 %; é dicir, que estamos 6,6 puntos por riba da media estatal. E, desde logo, si, teño que pór en valor a todos os profesionais dos servizos de urxencias do Sistema Galego de Saúde. Creo que son excelentes, que levan realizado un magnífico labor. E, desde logo, desde a Administración apoiamos a mellora dos servizos.

O desenvolvemento dos servizos de urxencias nas últimas décadas é unha cuestión indiscutible: reformas estruturais, dotación de persoal, plans de continxencia estacionais, diferentes procesos, vías clínicas, circuítos alternativos... Así, en reformas estruturais temos renovado e reforzado as infraestruturas dos servizos de urxencias e seguimos coas melloras. Nos últimos anos leváronse a cabo ampliacións e unidades de nova creación nos servizos de urxencias dalgúns hospitais, como o CHUAC ou o Hospital do Salnés; melloras no servizo de urxencias de Montecelo; area de curta estancia dependente de urxencias do CHOU; habilitación de espazos no Hospital da Mariña para a realización da triaxe. Iniciarase tamén en breve a ampliación de urxencias do Hospital da Barbanza —de feito, aproximadamente, calculamos que nun mes—. Pero, ademais, implantáronse os protocolos para a atención de patoloxías tempodependentes. Como estaba planificado dende hai uns anos, temos xa o que son os códigos do infarto, do ictus e da sepsis —o último en integrar estes protocolos—.

Polo que se refire ao servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, está dimensionado tanto en estrutura física como en recursos humanos e técnicos para atender dunha maneira axeitada un número determinado de pacientes. A poboación de referencia son 379.683 habitantes, dos cales 335.191 son adultos e 44.492 pediátricos, incluídos loxicamente os da área norte de Pontevedra que son atendidos na área sanitaria do CHUS.

No CHUS a superficie total construída na área de urxencias é de 38.800 metros cadrados, dos cales 3.460 son urxencias de adultos e 340 metros cadrados son para urxencias pediátricas.

No que respecta á súa dotación para desenvolver a actividade —no que se refire a estrutura—, o servizo de urxencias conta cunha área de adultos que ten dúas consultas de triaxe, nove consultas —seis polivalentes—, unha específica para otorrino, outra para oftalmoloxía, outra para traumatoloxía e unha para saúde mental, 4 postos boxes de reanimación para pacientes críticos, 6 postos boxes de monitorización, 1 sala de xesos e sala de curas, 29 boxes de exploración convencional, 24 boxes de observación con 6 de illamento, 7 boxes para pacientes nivel II e 20 sillóns para tratamento.

As urxencias pediátricas constan dunha consulta de triaxe —de recente inicio—, 3 consultas polivalentes, unha sala de reanimación de críticos, 7 boxes de exploración e unha sala de xesos.

A área de urxencias obstétricas e xinecolóxicas conta cunha consulta e cun box de exploración.

En canto ao equipamento, o servizo está dotado na actualidade de 15 monitores multiparamétricos, 8 desfibriladores, 6 respiradores, 5 equipos de *bipap* para ventilación non invasiva, 9 electrocardiógrafos, 9 tensiómetros, 9 pulsiosímetros, 4 gasómetros e 1 ecógrafo. Este equipamento reponse de forma continuada sempre en función das necesidades asistenciais ou do desgaste ou deterioración polo seu uso.

No que respecta á actividade asistencial, o servizo de urxencias do Complexo Hospitalario de Santiago atendeu no ano 2017 a 154.762 pacientes; 122.678 adultos, o 80%, e 32.084 pediátricos, o 20 %. Nos primeiros nove meses do ano 2018 atendéronse 116.772 urxencias. Isto supón aproximadamente unha media de 427 urxencias diarias, fronte ás 424 do ano 2017; é dicir, só houbo un incremento nestes primeiros meses do ano de tres urxencias ao día respecto do mesmo período do ano pasado —dúas urxencias, concretamente, de adultos e unha máis de pediatría—.

Se analizamos a dotación de persoal do servizo de urxencias do CHUS, cómpre salientar que para as urxencias de adultos conta co seguinte persoal: 1 coordinador de urxencias —neste momento vacante por dimisión, por motivos persoais—, 44 facultativos, 7 enfermeiros/enfermeiras, 44 TCAE e 35 celadores.

A distribución por quendas é: 12 médicos, 14 enfermeiras, 9 TCAE e 7 celadores en quendas de mañá; 12 médicos, 14 enfermeiras, 10 TCAE e 8 celadores en quenda de tarde; e 6 médicos, 12 enfermeiras, 7 TCAE e 6 celadores en quenda de noite.

Se a demanda asistencial é moi alta, sempre se reforza con máis persoal segundo as necesidades. Así, durante os meses de maior demanda, os coincidentes coa epidemia de gripe, sempre se reforza. Reforzouse na última con presenza dun médico máis na quenda de tarde, dúas enfermeiras/enfermeiros, máis dous TCAE na quenda de mañá e un celador en quenda de tarde.

En canto á dotación de persoal de urxencias pediátricas, conta con 3 pediatras de garda, 7 profesionais de enfermería, 6 TCAE e 1 supervisora compartida coa UCI pediátrica.

Estes datos supoñen que cada facultativo de urxencias atende unha media de 2.992 pacientes por ano, que, divididos entre 220 días laborables, supoñen unha medida de 13,6 pacientes por facultativo e día.

As sociedades científicas, tanto españolas como internacionais, estiman que se necesita un médico de urxencias por cada 4.445 urxencias/ano. A nosa ratio de facultativos de urxencias é substancialmente inferior á mesma, e parecida estimación pode facerse para o resto de profesionais.

Por último, aínda que non exista unha enquisa de satisfacción recente —realizárase durante este ano—, o número de reclamacións presentadas no ano 2017 foi de 175, o que supón un 0,11 % das 154.763 asistencias. Por iso estimamos que o servizo de urxencias do CHUS está adecuadamente dotado tanto no que se refire a profesionais como en recursos materiais para prestar a asistencia sanitaria urxente que demandan os pacientes cos estándares de calidade e seguridade adecuados. Pero debo engadir que, tras a remodelación do servizo realizada en setembro, con ampliación de 7 boxes máis, se está levando a cabo unha avaliación funcional por un grupo de traballo integrado por profesionais das propias urxencias.

Polo que se refire ao equipamento de electromedicina, reponse de forma continuada sempre en función das necesidades asistenciais e cando existe un desgaste ou deterioración polo uso. O mantemento electromédico inclúe a explotación de datos de todos os contratos: alta tecnoloxía, electromedicina xeral, anestesia, ventilación e radioloxía.

A actividade de mantemento referida a urxencias do CHUS é a programada e periódica sobre os equipos de electromedicina co fin de asegurar o seu correcto funcionamento, procedemento suxeito ás normas do fabricante, á normativa legal en vigor e á propia experiencia no seu manexo.

En canto á reposición de material, no ano 2018 repuxéronse 2 electrocardiógrafos, 4 monitores de cabeceira, 2 respiradores de transporte, 3 tensiómetros, 3 pulsosímetros, 13 cadeiras de brazos de tratamento —eléctricas—, 20 cadeiras de rodas e 10 padiolas.

Cómpre sinalar que en toda a área de urxencias do Hospital Clínico, durante os dez últimos anos, se fixeron as seguintes reformas: a área de informes de radioloxía, en xaneiro de 2008; filtros de urxencias, en setembro de 2009; consulta de urxencias, novembro de 2011; ampliación de observación de urxencias, xaneiro de 2012; monitorización de box de urxencias, en abril de 2012; reforma da sala de TAC para instalación do novo TAC, en novembro de 2015, urxencias pediátricas, reforma en novembro de 2017; e a última que comentaba da ampliación de 7 boxes máis, en setembro, de hai, como digo, unhas semanas.

Como dixen anteriormente, a remodelación estrutural do servizo fixo que neste momento se estea a facer o estudo funcional de necesidades que necesitamos en cada momento. Isto non quita que nos nosos servizos de urxencias todos os días do ano esteamos a reavaliar as

necesidades, debido ao carácter de actividade urxente, que por definición non é planificable.

A xestión dos recursos humanos realízase pola dirección do centro tendo en conta as necesidades asistenciais en cada momento, e así, como dicía anteriormente, refórzanse diferentes categorías profesionais, como pode ser no período invernal coincidindo coa gripe. Ademais, estamos en disposición de atender calquera suxestión dos profesionais do Sergas que contribúa a mellorar a asistencia prestada aos nosos pacientes.

Polo tanto, os servizos de urxencias dos centros hospitalarios están dimensionados, tanto en estrutura física como en recursos humanos, para atender de maneira axeitada o número determinado de pacientes. E temos tamén a triaxe de Manchester, de utilización internacional, que clasifica os pacientes en función da gravidade e necesidade de asistencia segundo un código de cores e que marca os tempos estándar de asistencia.

O Servizo Galego de Saúde conta con profesionais de alta cualificación e formación, así como con infraestruturas e equipamentos de calidade, traballando con protocolos e sistemas de información...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Señor Almuíña, ao box de críticos pensabamos que iamos ter que ir todos, despois do inventario que nos acaba de ler, para espabilar un pouco. Por un momento pensei que estaba o señor Aboal facendo o inventario aquí na Cámara. (*Aplausos.*)

A min gustaríame que realmente respondese as preguntas que traemos aquí e que non nos viñese contar milongas. Porque, se vostede desautoriza agora os seus cargos e directivos dentro da Consellería de Sanidade, é o seu problema e non o meu. Temos, evidentemente, actas —que vostede tamén ten— nas que o director de Procesos Asistenciais recoñecía a baixa dotación de persoal hai máis dun ano, ¡hai máis dun ano, señor Almuíña! Se vostede agora quere desacreditalos, como desacreditou o señor Feijóo á señora Eloína dicindo que ela saberá por que hai un problema alí e que hai que resolvelo e dar explicacións aos profesionais de urxencias, pois, mire, é o seu problema e non o noso, e non o dos profesionais de urxencias.

Está recoñecida por parte da dirección do propio centro a baixa cantidade de profesionais en urxencias. E prometéuselles unha milonga en varias ocasións: que se ían incrementar as au-

xiliares de enfermería, que se ía incrementar o persoal en xeral e, despois xa, que se ía facer unha remodelación do funcionamento do servizo.

Plantexáronlles funcionar por equipos, e dixeron: Vale, pero imos necesitar máis profesionais. Non se incrementaron os profesionais. Bueno, si, unha supervisora de enfermería. Logo, levamos non sei cantas dimisións xa. E, evidentemente, o coordinador non está non por motivos persoais. Evidentemente, ¿que vai poñer na carta? ¿Quen quere traballar nesas condicións? ¿Quen pode organizar un servizo no que vostedes non poñen medios? ¿Que persoa aguanta esa presión? Levan dous coordinadores de área e cinco supervisores de enfermería xa dimitidos. Señor Almuíña, algo estarán facendo mal. ¿Ou vostede cre de verdade que o servizo está correcto, que os profesionais son suficientes?

Se non vai responder á interpelación, polo menos respóndame a unha pregunta, a única pregunta: ¿por que cre que fan folga os traballadores? Estaría ben que respondera a esa pregunta, porque vostede di que está todo ben e, sen embargo, os traballadores e as traballadoras levan máis dun ano protestando e reclamando medios. Vostedes non fan caso, teñen que ir á folga, a situación é a que é —acabo de ensinarlle as fotos dos corredores de hai dous días—, a situación é a mesma que cando faleceron varias persoas no servizo de urxencias, e todo segue igual.

E, mire, vuelle ler outra vez —o que xa fixen no anterior pleno— o que din os traballadores e as traballadoras: «Hai xa preto dun ano que se nos anunciou por parte da Xerencia a intención de levar a cabo unha reorganización funcional dos servizos, o que supoñería unha reordenación estrutural do espazo físico e un cambio drástico dos actuais circuitos de atención ao doente. Aquel plan pouco ten que ver co que agora se bota a andar, creando caos entre os propios traballadores. Os equipos de traballo, que eran o principal pretexto que se utilizaba, perden agora forza, xa que a obstinada negativa por parte da xestión ao aumento de persoal impide a creación de tales equipos de forma estable. Acabamos de observar con perplexidade diversas informacións nas que se eloxia as obras do centro como unha importante ganancia de espazo traducida nun aumento de box de asistencia que permitirán unha maior axilidade na atención, sen que se incrementen os profesionais para poder atender a xente» —é unha magnífica noticia, só poñendo un par de tabiques xa está solucionado o problema de falta de persoal en urxencias—. «Da a impresión» —din os traballadores— «de que aos xestores do complexo só os desasosega a difusión nos medios de comunicación de imaxes mostrando as colas de pacientes no pasillo de urxencias. E por iso levan a cabo obras co fin de buscar novos espazos onde poder sitalos. É absurdo e irresponsable pensar que se pode mellorar a calidade asistencial dependendo só da reestruturación dun espazo físico sen que isto vaia acompañado do aumento dos recursos humanos».

Fixeron vostedes o mesmo na Coruña e no resto de sitios. Esta situación non se pode sopor-tar, señor Almuíña. Responda, polo menos, a esa pregunta: ¿por que fan folga os profesionais de urxencias do Clínico? Respóndanos, e probablemente responderá ao que ten que facer vostede a partir de agora. Porque esta situación, e que vostede veña aquí a rirse dos profesionais, é totalmente inasumible. Vostede non pode dicir aquí que o servizo está dimensionado para a atención que teñen, porque os traballadores e as traballadoras están en folga e denuncian que non poden máis. E, evidentemente, non se acudiría a unha folga se existisen os servizos correspondentes.



Voulle lembrar —porque xa remata o tempo— o correo que se enviou o día que faleceu a última persoa, que a Fiscalía enviou e polo que o xulgado abriu dilixencias. Advertíase: «Temos neste momento 13 doentes graves no corredor de entrada, 26 doentes con ingreso firmado ocupando a sala de observación, cero sitios de traballo en cubículos de observación, 1 sitio en monitores e 2 críticos. Esta é a descrición dunha urxencia dun hospital de terceiro nivel, un día máis. ¿Como se vai atender a demanda do día?»

Este é un correo enviado ás 14.16, e unha hora despois morría unha persoa no corredor de urxencias.

Señor Almuíña, responda á pregunta: ¿por que están en folga?, ¿que vai facer para solucionar esta situación? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Peche da interpelación polo conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Bos días de novo.

Evidentemente, parte da súa intervención é a provocación, dicir que eu me río dos profesionais. En ningún momento. Do único que teño que falar é, desde logo, dos excelentes profesionais que temos no sistema. Vostede si que se ri dos profesionais e de moitas outras persoas. Desde logo, eu creo que o respecto debe gardarse cara ás persoas, e sabe que, se chama «señora» a unha persoa, será co apelido e non co nome. Esa é unha forma de desconsideración tamén cara a unha persoa que está traballando nos servizos de saúde. Se vostede quere, chámolle «señora Eva», pero paréceme que non é correcto. Polo tanto, falo de señora Solla, non falo de señora Eva. Entón, eu creo que falta un pouquiño de respecto.

E mire, o inventario que teño que dicir, no tempo que teño para expor, é porque, desgraciadamente, vostede coñece as urxencias dos hospitais da nosa comunidade autónoma polas fotos que vai facer ás fachadas. Entón, faise moitas fotos nas fachadas para que saiban que vostede está traballando. Pero non se traballa en sanidade facéndose fotos en fachadas, senón realmente intentando mellorar o día a día do funcionamento do noso sistema. E, desde logo, vostede non pode dar leccións absolutamente de nada.

Mire, os pacientes son sempre atendidos; primeiro, a través dun proceso de triaxe —implantación completada en todos os hospitais galegos no ano 2013—, ou, en función desta, pola prioridade establecida. A distribución dos pacientes segundo os niveis de triaxe no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago mostra que no ano 2017 a maior porcentaxe se concentraba nos triados como amarelos —que son nivel III, ou urxentes—, que supuxeron un 51 %, e os verdes —nivel IV, ou normal, é dicir, non urxentes—, que supoñen o 36,71 % dos pacientes triados. Os pacientes triados en azul e branco constituíron aproximadamente un 5 % das urxencias atendidas nesa área.

No período de xaneiro a setembro de 2018 a distribución de pacientes é moi similar. Así, a maior porcentaxe concéntrase tamén nos triados amarelos, que supuxeron un 49,44 %, e

os verdes supoñen un 37,42 % dos pacientes triados. Os pacientes triados en azul están en torno ao 4,9 % neste ano. Ademais, cúmprese con estándares das demoras establecidas en función do nivel de urxencia asinado pola triaxe Manchester: cero minutos para o nivel I, ou vermello; 10 minutos para o nivel II, ou laranxa; 60 minutos para o nivel III, amarelo; 120 minutos para o nivel IV, ou verde; e 240 minutos para o nivel V, ou azul.

A este respecto, e por niveis de urxencia, os pacientes máis urxentes —vermellos, ou nivel I—, atendéronse sen ningunha demora. Os pacientes clasificados como laranxas atendéronse cunha espera media de 12 minutos. Os amarelos, cunha demora media de 44 minutos; e os pacientes verdes foron atendidos nunha media de 51 minutos.

Por outra parte, no Servizo Galego de Saúde somos conscientes da importancia da atención primaria, que foi quen de acadar un nivel de resolución de urxencias nos puntos de atención continuada de en torno ao 91,28 %.

Ademais, temos outros programas que permiten aos pacientes non ter que achegarse aos hospitais para seren atendidos, entre eles está o Programa Telea e a hospitalización a domicilio (Hado). E non podo olvidar o importante apoio que realiza co seu traballo o 061. Por certo, fala da folga do 061. Non sei se se dá conta de que a folga do 061 polo traslado á Estrada, finalizou hai xa unha semana. Polo tanto, creo que non ten actualizado ese dato.

Desde logo, señoría, traballamos para adaptar os recursos ás necesidades de cada momento co fin de proporcionar unha adecuada asistencia aos nosos pacientes. Temos moito xa percorrido, pero tamén somos conscientes e tomamos nota de todo o que cara ao futuro poida mellorar a nosa asistencia sanitaria.

Moi ben, comentaba vostede as cifras que eu presento, que din que do ano 2017 ao ano 2018 non hai un incremento significativo do número das urxencias. Tampouco da complexidade das urxencias. E o que se estableceu co novo coordinador foi unha nova estrutura dentro do servizo, non unha ampliación senón unha reestruturación que deu lugar a unha nova res-posta funcional dos traballadores.

E nestes momentos, a folga, fundamentalmente, faise porque —digamos— non funciona adecuadamente a reestruturación funcional. E no que están traballando nestes momentos, aínda en folga, ese grupo de traballo, precisamente é en facer ese estudo funcional. Porque igual que falamos de que a estrutura dun servizo de urxencias é importante, tanto ou máis o é como facemos ese funcionamento de recepción e de tratamento dos nosos pacientes.

E, desde logo, hai experiencias máis ca suficientes no noso sistema sanitario para poder mellorar esa situación. E iso é o que están tratando de facer, desde logo, os traballadores que están implicados no servizo coa xerencia dese hospital. En breve, esperamos que esa situación quede totalmente solucionada e sigan prestando o servizo, como todos estes anos o fixeron e como o seguirán facendo, todos os profesionais dos servizos de urxencias, tanto de primaria como da hospitalaria, no sistema sanitario público galego.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

## **Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día a todas as deputadas e deputados.

Benvida, conselleira.

En primeiro lugar, eu quero saudar as persoas representantes de veciños e veciñas tanto da Casalonga como de Miramontes, en Teo e en Santiago de Compostela, porque foron e son directamente afectados precisamente pola cuestión que nos trae hoxe a esta interpelación.

Este é un dos espazos nos que se proxectaba a instalación na Casalonga dunha planta de tratamento de residuos. *(A señora Vilán Lorenzo amosa unha foto desde a tribuna.)* E esta é unha parte do vertedoiro de Miramontes, en Grixoa. Falamos da Casalonga e de Miramontes porque son os exemplos máis mediáticos, máis famosos, nestes últimos tempos, pero en moitos lugares de Galicia hai empresas que están a promover instalacións de xestión de residuos, en solo rústico ou ben preto de zonas residenciais, que inciden negativamente —ao noso entender— nas condicións medioambientais da contorna. Son proxectos pouco garantistas para a protección do medio, e ás veces incluso teñen proxectos de restauración que son pouco fiables e son pouco efectivos. Tanto é así —voulles poñer un exemplo—, que o proxecto de construción desta planta de tratamento —un vertedoiro, ao fin e ao cabo— na Casalonga, en Teo, dicía que era basicamente para producir biogás —íanse acumular unhas 90.000 toneladas de residuos—, e dicía expresamente que lles era imposible establecer un plan de restauración detallado dada a imposible previsión da evolución das condicións socioeconómicas locais e nacionais.

¡Home!, nós tampouco pretendemos que os proxectos de instalación de calquera tipo veñan cunha bola de cristal, pero algo máis que falar da previsión da evolución das condicións socioeconómicas locais e nacionais podería traer. Non traía nada máis. E o lamentable non é que a unha empresa determinada —que o único que busca é o seu beneficio económico, é evidente— non lle importe a restauración e, polo tanto, a degradación medioambiental; iso non é importante. O importante e o lamentable é que semella que a vostedes como Goberno tampouco lles interesa demasiado, e voulle poñer tamén un exemplo. No ano 2018, neste exercicio económico, a setembro deste ano, só levamos executado o 10 % da partida de restauración de actividades mineiras abandonadas no noso país. ¡Só o 10 % da restauración executada! Iso quere dicir que vostedes tampouco están demasiado pola restauración —non sei se por esas bolas de cristal— e, polo tanto, por evitar a degradación medioambiental.

As veciñas e os veciños da Casalonga estaban e están preocupados porque, aínda que aquel proxecto rematou grazas —e hai que recordalo— ao informe negativo do Concello de Teo

relativo á compatibilidade urbanística daquel proxecto, teñen unha espada de Damocles enriba da cabeza exactamente igual. As veciñas e os veciños de Grixoa están tamén preocupados —non só os de Grixoa, toda a contorna de Santiago está preocupada— porque hai multitude de plantas de tratamento —chámanse así, plantas de tratamento e xestión de residuos, e realmente, volvo repetir, non deixan de ser nada máis que vertedoiros—, e de feito están tan preocupados que se constituíu unha agrupación de plataformas para denunciar publicamente esta situación.

Como dicía antes, os veciños e as veciñas de Grixoa están preocupados, pero é que a Fiscalía tamén está preocupada, a Fiscalía de Medio Ambiente de Galicia. E tanto é así —estas son as dilixencias que abriu a Fiscalía o día 23 de outubro— que abriu unhas dilixencias de investigación penal pola posible comisión dun delito contra o medio ambiente, e non é algo baladí nin é algo que non haxa que ter en conta. Ao fiscal chegoulle con ler as actas de inspección que levantaron os seus técnicos, os técnicos da consellería, e conclúe o fiscal que, de acordo coa información deses técnicos e a aportada tamén pola propia empresa cando a consellería llo pediu, a cantidade de materia orgánica que se está a depositar no vertedoiro de Miramontes chega case ao 30 % —materia orgánica—, cando non estaba o proxecto construtivo inicial nin tampouco a autorización ambiental integrada, que se lles concedeu no ano 2008, para recibir residuos orgánicos. Esa non era a idea, polo menos ata un límite, que é o límite posible que marca a lei; dende logo, nunca rozando o 30 %.

O que nós nos preguntamos é se vostedes leron as actas dos seus técnicos. Porque o fiscal recibiu esta denuncia que saíu do traballo e dos petos dos cidadáns, dos veciños e as veciñas —porque non llela fixo ninguén, fixérona eles—, despois de que dende os grupos parlamentarios lles outorgásemos a información que lle fomos pedindo ao Goberno e que foron eles recabando por fóra. Foron á Fiscalía, levaron esta denuncia e conseguiron que o fiscal abrise unhas dilixencias de investigación penal baseadas nas súas propias actas.

Vostedes non as leron, ou, se as leron, non fixeron nada; dende logo, nunca foron á Fiscalía, porque, polo visto, para vostedes debían de estar ben. ¿Por que non foron vostedes á Fiscalía, conselleira, exactamente igual que foron os veciños e as veciñas? ¡Vostedes téñeno moito máis fácil, moitísimo máis fácil que os veciños! E sobre todo non podemos esquecer que é a Xunta de Galicia a que ten que controlar as actividades potencialmente perigosas ou contaminantes, é un deber das administracións. E por iso precisamente a Fiscalía, nesas dilixencias, pídelles a vostedes que remitan un informe, en concreto o departamento é —voullo dicir porque vén expresamente, e probablemente antes de que remate este mes vostedes van ter que remitir un informe— a Dirección Xeral de Calidade Ambiental.

Nós estamos preocupados, dende o Grupo Parlamentario Socialista, porque vostedes non están a cumprir o mandato da Lei do solo do ano 2016, que fala do máximo respecto á preservación dos valores propios, nunha aposta decidida pola explotación e xestión sustentable dos recursos naturais. Estamos preocupados porque vostedes non controlan as instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos ou en solos preto de zonas residenciais, e precisamente a apertura por parte da Fiscalía dunhas dilixencias penais é a proba evidente. Vostedes non se preocupan.

Estamos preocupados porque a lexislación actual está facendo recaer nos concellos emitir informes sobre as solicitudes das empresas, sobre os proxectos das empresas. E seguro que vostede coñece —porque vostede tamén xestionou un concello relativamente pequeno— que hai concellos que non teñen medios suficientes para emitir eses informes; xa non digo medios económicos, nin sequera medios técnicos axeitados.

Estamos preocupados porque non hai ningún interese por parte do Goberno en legislar para afastar esas instalacións dos núcleos que están poboados. Estamos preocupados porque vostedes non controlan como están as instalacións no país. E —volvo repetir— o exemplo claro foi o de Miramontes. Vostedes mandan os técnicos, neste caso hai actas de inspección do ano 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018; e son varias, desas que vostedes fan de maneira habitual, pero non fixeron nada máis, non houbo ningún tipo de control posterior.

E, finalmente, estamos preocupados porque vostedes non teñen convenios cos concellos precisamente para facilitarlles a elaboración deses informes; fundamentalmente cos que non teñen medios para poder facelo.

Conselleira, esta non é a primeira vez que este tema vén ao Parlamento. Trouxémolo a comisión, e incluso na Comisión de Medio Ambiente a propia deputada Paula Prado dicía que había posibilidade de chegar a un acordo, pero non chegamos a acordo porque era o día que vostede entraba na consellería e non había ninguén que lle puidese contestar se se aceptaba o acordo ou non. Fixemos preguntas en Pleno á anterior conselleira, é verdade. E sabe vostede que ata temos rexistrada unha proposición de lei para modificar a Lei do solo e poder resolver definitivamente esta situación.

Pero sabemos que a tramitación dunha proposición de lei é algo lento, require un tempo no Parlamento, e agora mesmo pode haber enriba das mesas dos concellos proxectos de instalación de vertedoiros, para a preocupación de veciños e veciñas, que necesariamente os concellos van ter que tramitar se non queren prevaricar.

Unha solución transitoria e rápida podería ser a modificación do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia —que é este—, simplemente coa eliminación dunha palabra. Na parte xeral, no apartado 9.1.3.a) do plan, criterios de emprazamento xerais, se se quita a palabra «preferentemente» para a instalación destes vertedoiros, resolveríamos e evitariamos inseguridades cidadás estériles, e ao mellor tamén lles resolveríamos o problema a moitos concellos.

As dúas preguntas que lles facemos son moi sinxelas. Se vostedes coñecen os problemas que hai en toda Galicia —e vostede, evidentemente, vai saber do da Casalonga e do de Miramontes— cando se proxectan estas instalacións, estes vertedoiros, para tratamento de residuos. E se vostede vai, ou non, modificar o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022, porque está na súa man, conselleira.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):**  
Grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora Vilán.

Bos días aos deputados e deputadas e, por suposto, aos veciños afectados, tanto de Santiago como no caso de Teo.

Eu, en primeiro lugar, teño que comezar agradecéndolle á señora Vilán a oportunidade que me dá para aclarar unha serie de cuestións sobre os proxectos de xestión de residuos, que tanta resposta social están a ter nos últimos meses.

En primeiro lugar, quero reiterar unha vez máis que na tramitación deste tipo de proxectos o Goberno galego, ao igual que tamén farán os concellos, cingúese sempre ao estrito cumprimento da legalidade en materia ambiental. E facémolo, en todos os casos, coas máximas garantías de transparencia e tamén de participación pública.

Cando empecei a escoitala a vostede, calquera diría que, por un lado, hai inspectores que campan ás súas anchas, e, por outro lado, hai uns políticos que din: non fagan nada. Non, señora Vilán, isto non é así. Hai uns inspectores, efectivamente, que dependen dunha dirección xeral, que é a de Calidade Ambiental, na cal hai unha organización. Eses inspectores van, esas actas levántanse, e, ao tempo que se levantan as actas, faise unha tramitación, pero non sempre é aquela que nos gustaría, porque ante todo hai que facer o cumprimento da lei.

Hai que ter en conta algo moi importante. Cada vez que se quere instalar este tipo de plantas de residuos —residuos que xeramos todos e que, por suposto, teñen que ser tratados, independentemente de que ninguén os queiramos preto das nosas vivendas— non se pode parar por que si. É dicir, hai unha tramitación, e, en función desa tramitación, os informes son favorables ou desfavorables. No caso da Casalonga son desfavorables. Efectivamente, hai un informe do Concello —como non podía ser doutro xeito— e hai o informe correspondente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental. Polo tanto, non se poden paralizar as tramitacións. Hai veces que os políticos o que facemos é, para amparar ou coller un puñadiño de votos dun lado ou doutro, caldear o ambiente, e dicimos: pódese paralizar. Pois mire, non. Paralizar é sinónimo de prevaricar. Podemos ser máis ou menos áxiles, e poño como exemplo o Concello de Teo. Tiña un mes para facer o seu primeiro informe e non tardou un mes, tardou oito meses; e, efectivamente, iso fixo que os veciños se acabaran desesperando. Pero non é que non se lle ofrecera axuda ao Concello de Teo, ao igual que se lle ofreceu axuda ao Concello de Santiago.

Dito isto, o que fan os nosos técnicos é analizar os proxectos co máximo rigor e criterio e traballar co máximo respecto á lexislación vixente, tendo en conta todas as variables que deben valorarse. Porque os proxectos das plantas de residuos non os analizamos os políticos, señora Vilán, hai detrás un inxente traballo técnico e humano que vostede parece desprezar,

e eu, pola contra, só podoo agradecer e valorar. Para que os políticos poidamos determinar algo, ten que estar amparado por uns informes, e eses son os informes dos técnicos. Cando vostede di que teñen actas, teñen actas porque a Administración é transparente e facilita esas actas, ao igual que llelas facilita a todos os grupos políticos, ¡faltaría máis!

Poñen enriba da mesa cambios na Lei do solo. Como ben sabe, a Lei de solo inclúe, entre os usos en solo rústico, as instalacións de tratamento de residuos, así como outras actividades, como poden ser algunhas que igual non nos gustan, como unha pirotecnia. Iso non é algo novo, non é da Lei do ano 2016, iso é da Lei do ano 2002, que continuou no tempo. ¿Por que? Porque hai que instalar plantas de tratamento e nalgún lado hai que poñelas. Digo isto porque, no caso dalgún veciño afectado, o concepto e a idea é que era moi recente, que era do ano 2016. Non, é do ano 2002. E faise partindo do feito de que a ubicación é a máis axeitada para este tipo de actividades. Pero tamén quero deixar claro que a regulación dos usos urbanísticos na actual lei non se fai en función da categoría do solo rústico de protección do que se trate, xa que todo solo rústico é merecedor de ser salvagardado de usos que non lle pertencen por natureza. É dicir, que se temos que sacar adiante un plan xeral e nun concello aínda non o quitamos, e ese solo rústico ten unha natureza que hai que preservar, o que temos que facer é metelo nese plan xeral. Temos que axilizar ese plan xeral. Hai seguridade para os veciños e hai seguridade para a Administración autonómica, para a dirección xeral correspondente. E no caso de Teo estamos agardando por el, porque, de feito, nese informe que dicía vostede «grazas ao informe do Concello», é que ten que haber informe do Concello igual que cando se constrúe unha casa. ¡Só faltaría! E dicíao vostede ben, eu tamén fun alcaldesa dun concello que non tiña tantos recursos como o Concello de Teo ou o Concello de Santiago, pero créame que tamén se fixeron os informes pertinentes cando tocou clausurar un vertedoiro.

E aquí nese informe dise que «non figura no proxecto ningunha xustificación tendente a conseguir a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona». Pois o que hai que facer é que nese plan xeral preservemos este espazo, co cal os veciños xa terán a completa seguridade de que aí non se vai instalar ningunha outra planta. Polo tanto, temos solos rústicos normais e temos solos rústicos de protección. E neses solos rústicos de protección non se instalan este tipo de actividades.

Polo tanto, temos normativas sectoriais. Dá a impresión de que con vir aquí e dicir que só quitamos unha palabra e xa queda solucionado o problema... Mire, señor Vilán, queda solucionado o problema contextualizado, nun momento determinado, nun lugar que é Teo, onde vostedes teñen competencias, ¿e que facemos no resto de Galicia? Porque ¿que facemos en Cerceda?, ¿que facemos nas Somozas?, ¿que facemos...? bueno, por non dicirlle calquera outro concello máis.

É dicir, hai leis sectoriais, pero é que tamén temos outra disposición por parte dos concellos para preservar máis ou menos o noso solo rústico. E aí nós tendémoslles a man para axudalos. Sabemos que teñen o Plan xeral de ordenación municipal paralizado. Pois fagámolo e tiremos para diante.

Sobre o Priga, que o pon vostede enriba da mesa, é o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia. É unha folla de ruta que se debe seguir para o tipo de actividade que se instale, e

despois facer o control pertinente para que os inspectores poidan levantar acta e, a partir de aí, nós tomar as determinacións pertinentes. Ogallá se puidera facer en dous, tres, catro ou seis meses, pero non foi así no caso de Grixoa, en Santiago, onde algo terá que dicir tamén o Concello, que ten competencias sobre todo cando acceden os camións.

Dicirille que niso se está traballando, por suposto, e, unha vez máis, que a autorización ambiental integrada no caso de Grixoa foi no ano 2008, é dicir, foi no Bipartito. Estame dicindo a señora Vilán que non para iso. Para iso, e debido ás continuas denuncias dos veciños, están indo os inspectores, que levantan acta e fánselle as notificacións pertinentes á empresa. Pero direilles que estamos estudando xuridicamente para actuar de oficio e facer a modificación desa autorización que nun momento determinado vostedes deron.

Co cal, ¿garantistas? ¡Por suposto! ¿Transparentes? ¡Créanme que non os hai máis! De feito, estao vostede dicindo cando di que conta con todas as actas. E mándanse os inspectores para que fagan todas as inspeccións, unha tras outra.

A partir de aí, o Priga o que di é o seguinte: «Á hora de avaliar a localización destas plantas, hai que ter en conta que, preferentemente, deben localizarse en emplacements onde a actividade de recuperación de residuos industriais xere o menor impacto. Debe garantirse a compatibilidade da zona da infraestrutura cos usos existentes e a contorna, mediante a aplicación das medidas correctoras que se requiran». E grazas a iso, seguramente poidamos comezar de oficio, e, polo tanto, modificar a autoridade ambiental integrada da industria, e que Grixoa poida continuar ou a poidamos pechar. E grazas a iso tamén se amparou o Concello de Teo para facer o seu informe desfavorable.

Polo tanto, garantistas somos, distinto é que nun momento determinado o único que nos interese non sei se é alentar que os veciños estean na rúa, se preocupalos continuamente, pero non facía falta chegar a tantos meses continuados, no caso de Teo, se todos cumprísemos co tempo que así nos trasladan, que no caso de Teo era un mes.

Dito isto, o caso da Casalonga foi arquivado en setembro...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejueto):** ...deste ano pola Xunta, e foi así porque precisamente o concello de Teo exerceu as súas competencias urbanísticas e emitiu un informe de compatibilidade urbanística desfavorable. E fíxoo amparándose, por un lado, na Lei do solo, e, por outro lado, amparándose naquilo que vostedes queren modificar, que é o Priga. Algo que, sen ningunha dúbida, pon de manifesto que a normativa actual e o planeamento urbanístico eran máis que suficientes para evitar a instalación da planta de residuos. Pero, unha vez máis, dígolle: vostedes que teñen competencia en Teo, se queren que os seus veciños estean totalmente tranquilos, póñanse...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...modifiquen o Plan xeral correspondente, trasládeno á Xunta de Galicia e, por suposto, será informado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas.

Grazas, conselleira.

Vostede di que o que pretenden e o que teñen que facer —e, efectivamente, nós concordamos— é cumprir estritamente a lei. Precisamente por iso, porque esta lei xera problemas non só en Teo e en Grixoa, senón en toda Galicia, nós pedímoslles que a cambien, para que poidan seguir cumprindo estritamente a lei, pero cambiada, e evitar este problema. É moi fácil, no momento en que se tramite a lei, veremos que votan vostedes. Porque parece que vostede está interesada, ao mellor, en non cambiar a lei en toda Galicia e, polo tanto, prexudicar a Teo e prexudicar a Santiago, ou á inversa, esa foi a sensación que deu. Pois cando veña a lei, xa o veremos. Nós non lle facemos a pregunta con relación ao plan. Precisamente eu dixen que, se se modifica o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia, vai ser un parche transitorio para evitar todos eses proxectos que están enriba das mesas dos concellos de maneira transitoria, ata que cheguemos á modificación da lei, que vostede di que, cumprindo a lei, se soluciona o problema. Pois se a lei se cambia e o problema se soluciona, ¡máis fácil, imposible, conselleira! ¡Máis fácil, imposible!

Pero vostede veu aquí facer un *tótum revolútum* de dúas cousas que son diferentes. Os casos de Teo e de Grixoa son distintos. O caso de Teo non só xera —e xerou— un problema medioambiental, porque era un novo proxecto que ademais xeraba un problema urbanístico en Teo, que se solucionou grazas —volvo repetir— a un informe. No Concello hai un técnico, conselleira, un técnico, que foi o que fixo o informe.

Por certo, tardarían oito meses, pero vostedes tardaron en Miramontes oito anos en chegar a este momento de hoxe, porque a primeira acta é do ano 2010. E houbo que esperar en Miramontes a que Fiscalía movese ficha para que agora diga vostede que están estudando xuridicamente a autorización ambiental integrada; non a autoridade ambiental integrada, que foi o que dixo vostede aquí, senón a autorización ambiental integrada. Agora, despois de que Fiscalía movese ficha.

Vostedes tardaron oito anos. En Teo tardaron oito meses e tiñan un mes. Efectivamente, o Concello de Teo é un desastre, pero vostede ten que facer o seu traballo, conselleira, e o seu goberno tamén o ten que facer. Cambie a lei, e acabamos co problema.

Por certo, a axuda ao Concello de Teo veu, despois de que a señora Paula Prado e eu mesma lle fixeramos unha pregunta á anterior conselleira de Medio Ambiente, a concelleira de Ur-

banismo puidese falar coa conselleira xusto ao saír da pregunta. A partir de aí, veu a axuda. Ata ese momento non houbo axuda ningunha.

Señora Paula Prado, eu non sei se vostede quere entrar no debate... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa entrará o día da moción, pero eu estou falando coa conselleira —se se me permite, presidente—, que é a quen lle fago a interpelación.

Ben, pois seguimos. Vostede quixo mezclar dúas cousas que son diferentes. Por un lado o proxecto e, por outro lado, unhas instalacións, conselleira, que xa están funcionando. A autorización ambiental integrada é do ano 2008, pero non para residuos orgánicos. E agora mesmo hai, dende hai anos, residuos orgánicos en Miramontes e vostedes sabíano, e vostedes sabíano, e voulles dicir por que.

Datos recollidos en setembro de 2016, despois de que os técnicos, aos que nós lles temos un absoluto respecto, fixeron o seu traballo. Despois de inspeccións periódicas, despois de denuncias por parte dos veciños, foron alí e fixeron o seu traballo. Os que non fixeron o seu traballo foron os responsables da súa consellería, da dirección xeral. Eses foron os que non fixeron o seu traballo ata que Fiscalía llo dixó. Agora si que fan vostedes o seu traballo.

Mire, voulle ler o que pon: «Modificado del plan de explotación del vertedero de residuos no peligrosos derivado de la mejora del plan de restauración del espacio natural Cantera de Miramontes». Non lle leo os números, 2006... bla, bla, barra, non sei canto, setembro de 2016. Aquí dise que «dende o inicio da actividade, ata setembro de 2016 superan amplamente os residuos orgánicos o 27 % do que está na canteira de Miramontes». E este documento aportáronllelo os seus técnicos a vostedes, á súa consellería. Non poden dicir que o descoñecían porque é un documento técnico que estaba na súa consellería e vostedes non fixeron nada dende 2016, conselleira. Non mesture vostede un proxecto que non existe na realidade con algo que existe e vostedes miraron cara outro lado dende 2016. Un documento que estaba na súa consellería, conselleira.

Houbo denuncias e houbo peticións de actas, a través do artigo 9, por parte deste grupo parlamentario. As actas vostedes non llelas dan a calquera, supoño. Si aos grupos parlamentarios porque llelas pedimos, e a partir de aí, os veciños puideron construír unha denuncia que levaron á Fiscalía e primeiro levaron aos medios de comunicación. Esa é a transparencia, conselleira. As preguntas son moi sinxelas: Se vostedes coñecen os problemas que hai non só en Teo —volvo repetir—, un proxecto, non unha realidade física, e, por outro lado, unha instalación que xa existe en Miramontes. E se vostedes están dispostos a cambiar algo para solucionar este problema que existe en toda Galicia de maneira definitiva. Tamén para as pirotécnicas, efectivamente, tamén para as empresas pirotécnicas, que tamén están na nosa proposición de lei, as dúas cousas. E no momento en que se tramite a proposición de lei, tamén poderemos falar das pirotecnias, de todo o que está pasando en Tui...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...e das responsabilidades de cadaquén.

Moitas grazas. Conteste ás preguntas, por favor. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da interpelación, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vilán, eu no tempo que tiven centreamente en Grixoa e na Casalonga porque vostede nomeou Grixoa e Casalonga. Intentei facelo o mellor posible, cunha lingua coa que nos entendera todo o mundo, pero con dous problemas. Dous problemas e unha soa solución. A solución é: cumprimento estrito das leis. Temos a Lei do solo e temos o Priga. Grazas á Lei do solo e grazas ao Priga en Teo puideron dicir non á instalación. ¿Quen ten a primeira competencia?, ¿quen ten que facer o primeiro informe? O Concello. ¿Canto tempo tiña? Un mes. ¿Canto tempo tardou? Oito meses. Estame dicindo que o Concello de Teo só ten un técnico. É que é a súa obriga. ¿Ou é que nos imos dedicar nos concellos a facer festas e algaradas e resulta que á parte dos veciños, de urbanización e demais, non imos facer absolutamente nada? *(Aplausos.)* Dillo quen foi alcaldesa, sen máis. A partir de aí, é: isto é unha responsabilidade compartida. ¿E eu que pido? Home, un pouco de sensatez en todo isto. Todos xeramos residuos, vostede tamén, eu tamén, nada máis levantarme na casa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Eses residuos teñen que ser tratados? ¡Por suposto! ¿Onde? No mellor sitio posible. ¿Onde se determinou que era o mellor sitio posible? En rústico de non protección. ¿Que posibilidades teñen os concellos nos seus plans xerais? Pois poñer certas zonas de protección especial forestal, protección especial doutro tipo e, polo tanto, aí xa non se instalan.

Polo tanto, eu creo que queda clarificado o que pasa en Teo. E en Teo o que teñen que facer é: trasladen o plan xeral, ordenen o que teñen que ordenar e, a partir de aí, os veciños todos quedarán tranquilos e nós faremos o control para que iso sexa así.

O seguinte tema é Grixoa. ¿En Grixoa quen deu a licenza pertinente e a autorización ambiental integrada? Foi no ano 2008, foi o Bipartito. ¿Quen gobernaba? Bugallo. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* ¿Quen foi o ponente da Lei do solo? Bugallo. Esa é a realidade, non hai outra. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

A partir de aí, dinme vostedes que na autorización ambiental integrada non poden ir os residuos orgánicos. ¡Falso!, ¡menten! Distinto é o control da cantidade deses residuos orgánicos que créanme, créanme —baixo a miña responsabilidade e ademais diante de todos e dos veciños— que se vai facer, igual que se estivo facendo o control. Agora, levantar un acta, outra, outra e outra, ás veces non determina que se poida pechar; igual que non determina que se teña que pechar que o fiscal se metera de por medio.

A partir de aí, cada un ten unhas responsabilidades distintas, que é o que está facendo a Xunta de Galicia agora mesmo a través da Consellería de Medio Ambiente e da dirección xeral correspondente: analizar xuridicamente —igual que o fixo con antelación con Tecno-

solos, por exemplo— todo o que podemos levar a cabo para comezar de oficio. Polo tanto (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¿como que non? ¡de oficio!—, non o podemos facer doutro xeito porque hai dada unha autorización ambiental integrada, e podemos ir da man, señora Vilán.

O Concello tamén pode coller e, de oficio, revisar a licenza que deu no seu día. Eu comprométome a revisar a da Xunta de Galicia. Que se comprometa o Concello a revisar a súa propia. E así quedarán tranquilos os veciños de Grixoa (*Aplausos.*) e tamén os veciños de Teo.

Cando vostede di que modificando, e unha das modificacións que propoñen é que estean aisladas estas plantas 2,5 quilómetros, no caso de Santiago comprenderá que xa non solucionamos nada. Pero non é que non solucionemos no caso de Santiago, é que desordenamos toda Galicia. ¡Dígame vostede onde quere que poñamos as plantas de residuos! En política, se algo temos que facer, é ser consecuentes. Eu entendo que vostedes están na oposición, independentemente de que teñan responsabilidades no Concello de Teo, e que, polo tanto, digan: bueno, pois se aislamos aquí 2,5 quilómetros, o problema está solventado. Xa, pero é que hai que pensar en toda Galicia, ¿que facemos co resto das plantas e coas autorizacións que vostedes tamén deron?, ¿deixámolas todas fóra de ordenación? ¿Non cre vostede que isto é un auténtico caos?

Polo tanto, compromiso cos veciños e compromiso con vostedes. Transparencia, toda. Non teñen as actas só os partidos políticos, hai algo que se chama Lei de transparencia. Téñenas os veciños tamén porque así o solicitan, pero é que a directora xeral se reúne cos veciños e dálles a información igual que tamén se reúne con todos vostedes.

A Lei do solo é garantista. Fagamos o que temos que facer cada un dentro as nosas responsabilidades; os concellos no seu terreo e, por parte da Xunta, no noso.

Moitas grazas, señora Vilán. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

(*A señora Prado del Río pide a palabra.*)

Si, señora Prado, ¿para que quere a palabra?

**A señora PRADO DEL RÍO:** Polo artigo 76, señor presidente, por inexactitude.

**O señor PRESIDENTE:** Foi aludida de raspallón. (*Risos.*)

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¿Dígame?

**O señor PRESIDENTE:** De raspallón. Raspando, raspando. Si, foi aludida pero de raspallón. É unha expresión.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Polo artigo 76.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Para corrixir algunha inexactitude?

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

A señora Vilán acaba de dicir aquí que a conselleira anterior, a señora Bea Mato, recibiu os veciños e o concello despois dunha pregunta que tramitamos nesta cámara, unha da señora Vilán e outra miña, o día 11 de xullo. Iso é inexacto, porque a Consellería de Medio Ambiente, concretamente a directora xeral de Calidade Medioambiental, o día 6 de xuño, é dicir, máis dun mes antes desa data, reunírase no seu despacho, na Consellería, coa plataforma de veciños, co alcalde de Teo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...con todos os portavoces municipais e co técnico municipal, ofrecéndolle toda a... *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Aclarado. Está aclarado. *(Aplausos.)*

Non, non hai réplica.

Regulamento, nas alusións non hai réplica. Iso acláranos vostedes ao acabar o pleno. Si, si, non hai réplica. Aclaren esa discrepancia de datas aí. Non, non, non hai réplica. Nas alusións non hai réplica. Non hai réplica. Vostede aludiuna no debate e ela...

Nas alusións non hai réplica, o que hai que facer é non dar nomes cando estean no debate, porque se van aludir. Hai que ser un pouco listos e non dar nomes, para que ninguén se sinta aludido. Así acabamos con este problema.

Suspéndese o pleno ata as catro da tarde.

*Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 7, de preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tipo de actuacións ás que se van aplicar os máis de oito millóns de euros correspondentes aos fondos recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para políticas de prevención de violencia de xénero no rural**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de dona María Luisa Pierres, do Grupo Parlamentario Socialista.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Boa tarde, señor Rueda.

Vou dar a benvida, que deben de estar a punto de entrar, á presidenta de mulleres de Fade-mur, que van incorporarse dende Carballedo, Caldas de Reis, Sobrado dos Monxes e A Estrada, que hoxe nos van acompañar desde a tribuna.

Señor Rueda, laudable é todo acto de filantropía, mais cando este é a custa do patrimonio alleo, deixa de ser laudable para converterse en censurable.

Con esta frase que no seu día dixo o meu avó Antonio, un home sinxelo e amante das letras, eu non pretendo censuralle nada, pero si preguntarlle polo fin dos fondos do Pacto de Estado, se van responder ao uso e fins para os que foron outorgados ou se van ser obxecto dun acto filantrópico baseado en quitarlles a unhas para outorgarlles a outras.

O 31 de xullo deste ano, na Conferencia sectorial de igualdade celebrada en Moncloa, na que vostede participou, acordáronse os criterios de reparto e obxectivos dos 100 millóns de euros destinados ás comunidades autónomas, correspondentes ao Pacto de Estado.

A distribución de crédito aprobada respondeu a nove criterios, tanto territoriais como po-boacionais, que tiveron en conta, entre outras cousas, a distribución no territorio das mulleres maiores de 65 anos, o criterio de dispersión e o carácter rural da poboación.

Nese reparto de fondos entre as dezasete comunidades, Galicia recibiu fondos como quinta comunidade segundo os criterios de distribucións das mulleres, tamén no de máis de 65 anos, e tamén das mulleres con discapacidade, e foi a primeira comunidade dentro do reparto pola súa condición rural.

Soamente por este concepto recibe 3,15 millóns dos algo máis de oito millóns que recibe desta repartición entre autonomías. Isto é practicamente o 40 % do total dos fondos asignados. Non é unha cifra menor. Esa particular condición rural de Galicia entendemos que debería converter as mulleres rurais galegas nas principais beneficiarias da implantación das medidas e accións que se poñan en marcha grazas ao Pacto de Estado.

Vostede sabe que o gasto deses fondos recibidos do Estado pode xustificarse coa posta en marcha de calquera das medidas reflectidas no Pacto de Estado, polo que parece que un 40 % das mesmas, en coherencia con eses criterios de adxudicación, deberan ir destinadas especialmente á política de prevención da violencia de xénero, de atención ás vítimas e de formación e sensibilización da poboación no rural galego.

E dado que no orzamento non atopamos nin un só comentario ao respecto, por iso hoxe lle preguntamos ¿en que tipo de accións se aplicarán os fondos de máis de 8 millóns de euros recibidos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, relativos ás políticas de prevención da violencia de xénero no rural? ¿E van contar coas entidades sociais con presenza no territorio para implantar con efectividade as medidas e accións previstas?

Nada máis, polo momento. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pierres, pode dicirlle ao seu avó Antón —¿chamábase así, non?— que pode estar tranquilo porque aquí non se trata de quitarlle a ninguén para darlles a outros. Afortunadamente veñen máis fondos e, polo tanto, sen deixar de facer o que se facía antes, imos intentar facer algo máis, como é lóxico.

Creo que onte, na miña comparecencia monográfica sobre este tema, falouse de moitas cousas. É certo que había que falar de moitas máis cousas, ademais do que se vai facer especificamente no rural, polo tanto, non adiquei todo o tempo da miña intervención. Pero tamén lle digo unha cousa, en parte isto se xustifica porque, como todas as políticas que teñen que ver coa igualdade e coa violencia de xénero son transversais, todo o que ten que ver con vivendas a mulleres, todo o que ten que ver con axudas durante os procedementos xudiciais, todo o que ten que ver con axudas para o emprego, todo iso, loxicamente, tamén vai ter unha incidencia especial no rural. Son 3,15 millóns, efectivamente, é un 40 %, e nós o agradecemos moito porque ademais o necesitamos. Temos esas características rurais, e primouse a Galicia precisamente por esa disposición da súa poboación, e chegan eses fondos. Outros, con outros criterios, tamén obteñen eses fondos.

Nós, polo tanto, imos aplicalos especificamente niso. E xa lle digo, á parte de toda esa transversalidade, claro que imos colaborar con todo o tecido asociativo que se adica a botar unha man onde non chega a Administración tamén no que ten que ver coa igualdade e a loita contra a violencia de xénero no rural. Xa temos convenios en vigor con algunha federación, e terémolos con todas aquelas que ofrezan actividades. Aproveito tamén para saudar a directiva de Fegamur, e teremos con todas aquelas que nos presenten actividades que poidan incardinarse dentro dos obxectivos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e que a Xunta de Galicia poida colaborar.

Por suposto, dicíalle onte que imos empezar sabendo exactamente cal é a diagnose para poder actuar acertadamente dende o principio. Imos facer esa macroenquisa, á parte de que xa se fixo no ano 2012 e no ano 2006 unha especificamente referida ao rural, para saber cales son exactamente os problemas, cal é a situación, quen está en máis disposición de axudar, quen pode ser máis efectivo. Imos facer todo iso, por suposto.

E non desprece dúas cousas. Xa sei que non as despreza, perdoe a expresión, pero non esquezamos dúas cousas. Primeira, que os CIM a maioría están no rural e ímolos seguir apoiando, xa onte lle falaba diso. Fan un labor excepcional, un labor fundamental, en todo o que ten que ver coa loita contra a violencia de xénero, sobre todo nos concellos rurais. Os últimos que se acaban de constituír están en concellos rurais. E non esqueza tamén que os 800.000 euros dos que lle falaba onte que vai dar a Xunta de Galicia para completar os fondos que lles vai dar o Estado aos concellos, e que aínda non chegaron, van ter un contido moi específico e van primar aqueles concellos do rural que fan acti-

vidades destinadas a loitar contra a violencia de xénero. Polo tanto, aí o rural tamén estará presente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Señor Rueda, agora si lles dou a benvida ás mulleres de Fademur que hoxe nos acompañan.

Vostede falou hoxe dalgunhas desta medidas, onte tamén falou desas medidas e axudas destinadas a asociacións de mulleres de Galicia, e onte si que apuntaba uns 300.000 euros de apertura dunha liña específica para poñer en marcha accións concretas de prevención, e fundamentalmente apuntaban no ámbito rural.

Tamén falaban de colaborar coas federacións de mulleres rurais, cun programa de apoio ás vítimas de xénero no rural, e dun estudo da incidencia da violencia de xénero, como agora acaba de confirmar. Onte deunos algunha cifra, pero a nós seguen sen saírnos as contas, por moito que nos fale de transversalidade, ata os 3,15 millóns.

Eu quero lembrarlle que o Goberno, ademais, ten xa o mandato desta Cámara para facer eses estudos e campañas específicas para combater a violencia no rural, un labor que, ante a súa inacción —e vostede acaba de confirmalo, dende o 2012—, chamémoslle senón falta de re-prís, asumiu precisamente Fademur en novembro do 2017, cunha enquisa que evidencia que se ben as violencias de xénero non saben de lugares nin de perfís de vítimas, si se perciben como máis frecuentes e menos atendidas, visibilizadas e denunciadas, no ámbito rural.

Que o 62 % das mulleres asegurasen non coñecer ningunha campaña contra a violencia de xénero, ou que o 41 % non incorpore o tema nas súas charlas con amizades, a nós parécenos preocupante.

A ruralidade é un factor clave para a repartición dos fondos do Estado, porque se sabe da vulnerabilidade especial destas mulleres. Sábeo Fademur, sábeo o Estado e sábeno vostedes.

E se en Galicia engadimos que no noso rural reside unha gran parte da poboación maior de Galicia, e cun maior grao de dependencia, a situación agrávase, e obriga a actuacións non só inmediatas, senón nas que se asegure a súa efectividade.

Por iso eu lle pregunto se van destinar o fondos do Pacto de Estado para cumprir cos criterios obxectivos cos que foron deseñados, para cumprir coas mulleres no rural galego, ou farán vostedes filantropías con outros a custa deses fondos.

E cal vai ser o criterio para seleccionar as entidades e a priorización dos proxectos.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres. Xa está formulada a pregunta.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pierres, creo que na pregunta vai diferente o ton ou a intención da súa intervención onte na comparencia. Así si que nos podemos poñer de acordo. Polo tanto, creo que este ten que ser o camiño e agradézollo.

Para iso tamén está a oposición parlamentaria, para controlar. Por iso eu onte pedía propostas e comprometinme a comparecer, cando menos unha vez ao ano, para ver como vai o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e como o estamos aplicando. Polo tanto, estarán vostedes vixiantes, estou seguro. Están no seu dereito e na súa obriga, e nós na obriga de intentar facelo ben, e para iso falaremos.

Perda coidado, ademais creo que o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero vén obxectivado dabondo para que todo aquilo que non encaixe nin se axuste aos obxectivos e parámetros que veñen marcados, eses cartos non poidan ser empregados. Por iso dicía onte tamén que me parece ben que se faga unha avaliación nunha comisión de seguimento entre as comunidades autónomas e o Estado, e aqueles que o estean facendo ben, reciban máis fondos, e os que o estean facendo mal, eses fondos non os poidan empregar. Por iso intentaremos facelo ben.

De todos os xeitos, non vai ser nada novo. Agora que hai máis cartos, poderanse ampliar as accións e, polo tanto, tamén se poderán ampliar as asociacións e as entidades que poidan colaborar, por suposto, e con base en criterios obxectivos. Pero xa o estamos facendo. Por dar algún dato, teño aquí ordes de axudas e subvencións para entidades de iniciativa social dirixidas a mulleres en situación de vulnerabilidade. No ano 2018, nove asociacións específicas de mulleres rurais tiveron axudas por valor de máis de 250.00 euros. Ordes de axudas e subvencións para o fomento do asociacionismo e participación das mulleres. Cento catro asociacións de mulleres que recibiron subvencións; máis do 70 % tiñan un carácter rural. O Consello Galego das Mulleres conta cunha comisión específica da muller rural.

É dicir, estanse facendo cousas e pódense facer moitas máis. E, dende logo, se hai fondos, pódense facer mellor porque se pode chegar a moitos máis parámetros.

Eu vólvolles tender a man para que participen con suxestións, con propostas, para que nos trasladen contactos se é que nos os temos, que eu creo que temos xa todos, de xente ou asociacións que estean interesadas en traballar, e así intentaremos facer as cousas ben, coa súa participación e de xeito construtivo. Así se poden facer as cousas.

Recórdolle outra vez que eses 800.000 euros que xa van ter os concellos dos fondos que nos corresponden a nós, que non chegaron aínda os do Estado e teñen que chegar xa —ogallá cheguen canto antes—, van ter un criterio moi preferencial os concellos rurais porque cremos que son os que máis necesitan a axuda da Xunta para facer políticas de igualdade contra a violencia de xénero. E recórdolle tamén e reivindicoo, porque onte foi posto en dúbida —ou polo menos así o entendín eu— o labor fundamental dos CIM, que están sobre todo no rural. Os últimos que se abriron, en Mos, eminente rural, chegando a sitios onde antes non había ningún recurso e a partir de agora as mulleres saben onde dirixirse.

Si a traballar no rural, si a traballar coa man tendida, e ogallá que as súas aportacións sirvan para que todos esteamos satisfeitos, especialmente as asociacións, que son as que traballan sen ningún outro interese que a de acertar e facelo ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, vicepresidente.

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir as reivindicacións dos traballadores da CRTVG que os levan á folga no mes de novembro de 2018**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e todas.

Señor Rueda, volvemos traer aquí, moi acaído, o tema da CRTVG, e no concreto a folga que arrancou onte. Hai un ronsel de mobilizacións previstas: día 20, 22, 24, 26, 28 e 30 de novembro, e en decembro —non figura nas preguntas que lle facemos— están anunciadas para o día 2, 9, e tamén para o día 22 de decembro.

En Marea implícase e apoia esta convocatoria que fai o Comité Intercentros e que defende a plataforma de traballadores e traballadoras Defende a Galega. ¿E por que? Porque cremos que é unha reivindicación absolutamente xusta que reiteradas veces trouxemos ata aquí. Necesitamos liberarnos do ramo cativo, ou dese conxuro da desinformación. Necesitamos a verdade, necesitámola nas ondas, nas pantallas, polo futuro e polos nosos sinais de identidade: pola nosa cultura e pola nosa lingua.

Todo isto que eles defenden con valor, e que é un orgullo social para todas nós, exemplifica que outros medios de comunicación son posibles con ese titular de «Por unha CRTVG pública ao servizo de Galiza.» Son posibles, e por iso nós apoiamos o activismo pola verdade.

Os resultados de onte, primeiro día, exceden as previsións. Hai un 80 % de seguimento, e ademais houbo un cambio na programación da grella, co cal a cidadanía tamén puido saber que hai reivindicacións, que doutra maneira non se visibilizaría a folga.

Hai que ter en conta que tampouco houbo un acordo no tocante aos servizos mínimos. Nos servizos mínimos non chegaron a un acordo, pero lembremos as dúas últimas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. ¿Que se dicía con respecto á folga feminista do 8M? Pois que eran *excesivos* e *maliciosos* por unha banda, e nunha segunda, que se empregaban técnicas de *esquirolaxe interna*.

Os adxectivos estes son moi fortes, pero dío o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Os obxectivos e demandas están moi claros. Por unha banda, recuperar a produción propia. Non é de recibo que un de cada catro euros vaian destinados a produción externa. Pór fin á contratación fraudulenta. Hai fraude con certos colaboradores. Non á manipulación informativa. E, dende logo, cumprimento rotundo e íntegro da lei.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** A pregunta está formulada.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, efectivamente, a pregunta está formulada, non é a primeira vez que falamos deste tema. Non é a primeira vez que vostede, lexitimamente, o plantexa nuns termos e non vai ser a primeira —non sei se a última, depende de vostede— á que eu, en nome do Goberno, lle responda exactamente o mesmo.

A Compañía da Radio-Televisión de Galicia é independente, polo tanto, vostede non pode —entendo eu—, nunha exposición de motivos, criticar a inxerencia do Goberno no funcionamento da compañía, para despois rematar facendo unha pregunta dicindo ¿que vai facer a Xunta de Galicia nun conflito entre os traballadores e a Compañía? Pois exactamente iso, señora Cuña, respectar a súa independencia, respectar os mecanismos que hai de negociación, respectar os mecanismos que hai, mesmo desde este Parlamento, para calquera suxestión, calquera aportación ou calquera reclamación que se queira facer nunha comisión parlamentaria, e, polo tanto, entender que os medios públicos non son controlados polo Goberno.

Vostede empéñase en que non son controlados polo Goberno e ao mesmo tempo denuncia que son controlados polo Goberno. Esa contradición tena que aclarar vostede e o seu grupo, non este Goberno, que o ten clarísimo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Supoño que é pouco agradable para vostede. Dende logo, non vai ser a derradeira. Seguiremos vindo aquí con esta cuestión mentres non se cumpra a lei.

¿Como pode dicir o vicepresidente do Goberno de Galicia que, diante dun incumprimento da lei, non ten responsabilidade ningunha? ¡É inaudito, é inconcibible! ¡Claro que teñen responsabilidade! Posiblemente, señor Rueda, a responsabilidade non sexa directamente a súa. Buscaremos as instancias necesarias ata chegar ao final.

É certo que para que se cumpra a lei vostedes deben instar o Consello de Administración, formado por seis persoas elixidas entre o PP e o Partido Socialista de Galicia. E instar para que se cumpra o Consello de Informativos, o Estatuto dos traballadores e o contrato-programa. Todo isto ten que facerse a través do Consello de Administración, pero vostedes teñen moito que dicir aí. E é increíble que boten balóns fóra e digan: ¡ah!, isto non vai comigo.

E cando imos á Comisión da CRTVG, que non é lexislativa: ¡ah!, isto tampouco vai co director. Claro, naturalmente, o director da CRTGV non vai cesar no seu cargo nin vostedes o van facer, porque o miolo da cuestión é que utilizar unha televisión pública como ferramenta propagandística dun goberno, é increíble. ¡Gasten vostedes! Creen a súa propia televisión. Pero non utilicen os recursos de todas e todos os galegos para facer electoralismo. Ese é o miolo da cuestión. (*Aplausos.*)

É moi sinxelo, señor Rueda, por favor, ¡cumpran a lei!

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** E isto é responsabilidade do Goberno. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Peche da pregunta, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, aquí non se trata de se me resulta ou non me resulta agradable. Eu veño aquí cumprir coa miña obriga e vostede coa súa —supoño— facendo a pregunta. Se o plantexa nesos termos de se a vostede lle gusta facer a pregunta e a min me gusta dar a resposta, eu non mo plantexo así. Eu plantéxome ser absolutamente obxectivo e máis neste tema, no que lle vou insistir. Eu sei que non a vou convencer, pero sinto dicirlle que é así. Non hai nin-

gunha lei. Vostede fala disto en termos de legalidade e dime que como é posible que eu, en nome do Goberno, veña aquí dicir que cumpro a lei. É que estou cumprindo a lei cando digo que non hai ningunha lei que diga que o Goberno ten que intervir nos medios públicos para controlalos. Iso é o que lle gustaría ao señor Pablo Iglesias que dixera unha lei. Iso de: «*a mi dame los telediarios y ellos que se queden con los ministerios*», se houbera unha lei que dixera iso... Xa sabemos que iso pasa en moitas ditaduras, pasa en moitos réximes totalitarios, onde os gobernos se meten nos medios públicos para controlalos, para que non digan aquilo que non lles gusta, para que digan aquilo que lles interesa que se diga. Ese é o seu modelo, non é o noso. Iso é no que se empeña aquí pregunta tras pregunta, en que eu lle recoñezo que nos vale iso e que imos intervir nos medios públicos que despois vostede denuncia que estamos controlando. Ese é o seu modelo, non é o noso, Afortunadamente, quédome co modelo democrático. Por moitas preguntas que me faga non vou cambiar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa baixada na valoración da sanidade pública galega**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona María Montserrat Prado Cores, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde, señor Almuíña.

A valoración da sanidade pública non fai máis que empeorar, e isto é un indicador dos problemas que está xerando o modelo sanitario do Partido Popular, consistente en privatizacións, recortes e precarización do persoal. Durante os últimos nove anos, o Partido Popular impulsou todo tipo de medidas que afondaron no desmantelamento da sanidade pública. Esta deterioración é a causa das folgas dos profesionais dos PAC; de Urgencias do CHUS; da que mantivo o 061, os traballadores das ambulancias; de que os MIR denunciaren a precariedade e a falta de oportunidades laborais mentres faltan profesionais do Sergas e as listas de espera non fan máis que medrar; e tamén das denuncias e as reclamacións de persoas doentes como as que están a facer por todo o país pola falta de pediatras, ou as feitas polos pais e nais dos nenos doentes oncolóxicos ingresados no CHUS, que veñen de denunciar as malas condicións que está a ter este servizo.

Como as outras xa sei que as coñece, voulle explicar un pouco o que están a denunciar estes pais e nais, señor Almuíña. Denuncian que non existe unha unidade de oncoloxía pediátrica como tal, senón que están ingresados na de Pediatría, compartindo a unidade con outras patoloxías, o que supón un risco para estes nenos, case sempre sen defensas. Que hai un número de habitacións insuficientes; chegan nenos inmunodeprimidos e teñen que agardar horas na sala de curas ou nun despacho pola falta de camas. Que os ingresos de nenos de Oncoloxía fanse moitas veces nas habitacións de escolares, sen os servizos específicos que teñen as de Oncoloxía, e isto supón risco. Que só hai catro habitacións para illamento, cando

a demanda sempre é superior, e entón ingrésanse en habitacións normais, que non contan coa presión de aire positiva. Que chegan a meter tres camas nunha habitación, co cal, como mínimo, hai sempre tres persoas, é dicir, nenos oncolóxicos, amoreados nunha habitación. Que o material que está estragado non se repón. Que hai uns días caeu o alicatado do baño dunha habitación de illamento, cun neno ingresado, que puido causar unha desgraza. Que a limpeza é deficiente. Que non hai ningún espazo común, non hai unha salíña, cando os ingresos son moi prolongados —o que é especialmente grave—. Que o hospital de día conta cunha sala de espera sen espazo, sen cadeiras axeitadas, sen cadeiras para os acompañantes, onde teñen que permanecer durante horas.

Denuncian que as carencias e irregularidades moi graves que acabo de describirlle moi someramente —que podería pasarme bastante tempo describíndollas— só se ven superadas polo bo facer dos profesionais. Polo tanto, señor Almuíña, profesionais e doentes están a dicir que ata aquí chegan, e que non están dispostos a calar diante da deterioración brutal da sanidade, porque queren unha sanidade pública e de calidade.

Eu o que lle pregunto, señor Almuíña, é se vai rectificar a súa política sanitaria de privatización, de recortes, de precarización do persoal e destas condicións sanitarias, que ten como consecuencia unha peor sanidade e, como consecuencia tamén, esa cada vez peor cualificación...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...da sanidade pública galega.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Moitas grazas, señor Almuíña.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Claramente expón nesta pregunta o oportunismo que ten en toda condición. Porque a pregunta que nos fai hoxe é exactamente: ¿que actuacións vai realizar o Goberno galego diante da continua baixada na valoración da sanidade pública galega? E recolle os nenos oncolóxicos para, de forma oportunista, intentar dicir que a sanidade pública galega é mala. É todo mentira. (*Murmurios.*)

É mentira desde o título da pregunta, porque non está diminuindo o que é a puntuación no Barómetro sanitario —e despois comentareino—, ata a falta de respecto que fai nesta pregunta, pois non é a primeira vez que utiliza un apelido do presidente deste Goberno que non é o que corresponde. Entón, creo que debe, desde logo, tratar de respectar as persoas que están na xestión e utilizar argumentos que sexan reais.

Mire, a realidade é que a Xunta de Galicia dedica o 40,5 % de todo o seu orzamento para, desde logo, dar unha mellor sanidade. O 35 % era o do Goberno seu —onde estaba vostede—, do Bi-

partido, naquel momento. Así, 4.000 millóns de euros practicamente, 200 máis que no Goberno bipartido do que formaba parte vostede; e 1.544 profesionais máis que no 2008. Melloramos as infraestruturas, centros de saúde e hospitais, e dotámoslos de mellores equipamentos durante estes anos.

Pero vamos á pregunta que vostede non me fixo, que é o Barómetro sanitario. Di que esta enquisa está realizada desde o ano 1993. En canto á satisfacción xeral co sistema sanitario público, di que é satisfactorio para a maioría da cidadanía; a media de Galicia é de 6,49 puntos sobre 10. Se analizamos a tendencia desde que fai esta pregunta, do 2002 ao 2017 é a mellor valoración de toda a historia deste Barómetro sanitario. En Atención primaria, o 88,5 % dos usuarios destes servizos en Galicia consideran que a atención prestada foi boa ou moi boa —o 88,5 %—. O 78,5 % dos pacientes de Galicia que foron atendidos nas consultas externas por especialistas consideran que a atención é boa ou moi boa. O 72,8 % das persoas que tiveron ingresos tamén din que é boa ou moi boa. Das persoas que utilizaron os servizos de urxencias públicos en Galicia, o 84,7 % din que é unha actuación boa ou moi boa; seis puntos máis —como dixen esta mañá— que no Sistema nacional de saúde.

Despois fala do Informe publicado na revista *The Lancet*, que mide a calidade e o acceso á atención sanitaria nada menos que en 195 países, España, entre eles, posto 8 en 2015 e 19 no 2016, e di por que é a caída. A caída é simplemente con maiores puntuacións por algún parámetro novo, pero seguimos estando entre os mellores do mundo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** O Informe Bloomberg, publicado no mes de setembro...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo, conselleiro...

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...sitúa o sistema español...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo.

Conselleiro, ten outro turno despois.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...como o primeiro e máis eficiente de Europa.

**O señor PRESIDENTE:** Non, xa está. Terminou o seu tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Réplica. Señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** O que lle molesta exactamente é que non teñan preparada unha posverdade para a realidade (*Aplausos.*) na que teñen á sanidade pública do noso país. (*Aplau-*

sos.) O que lle molesta é que a situación, por exemplo, da oncoloxía pediátrica do CHUS estea saíndo á luz pública porque haxa uns pais e nais que digan: ata aquí chegamos e non soportamos máis a situación (*Aplausos.*) na que teñen os nosos nenos. (*Aplausos.*) Non soportan máis que cuestións coma esta pasen en nenos enfermos oncolóxicos.

Esta situación, señor Almuíña, na que teñen amoreados a nenos oncolóxicos. Mire para a pantalla, ¡isto é o que lle molesta! Cousas como esta moléstalle que poidan saír na Comisión de investigación, por iso non queren que veñan contarse estas contas ao Parlamento galego. (*Aplausos.*) ¡Iso é exactamente o que lle molesta! (*Aplausos.*) ¡Iso é o que lle molesta! (*Aplausos.*) O que lle molesta é non ter preparada unha contestación para cada unha das cousas que se poidan vir contar a este Parlamento. E a situación na que está a oncoloxía pediátrica do CHUS é un claro espello no que teñen a sanidade pública do noso país: falta de persoal, falta de espazo, deterioración de materiais, falta de sensibilidade cos máis vulnerables e os máis débiles, nenos enfermos oncolóxicos... e puxéronse a correr inmediatamente en canto puxeron as denuncias os pais. Empezaron a correr pola planta de oncoloxía todo tipo de personaxes, todo tipo de profesionais, a solucionar problemas, cando levaban meses e anos sen pasar por alí e sen solucionarlos. ¡Vergonzoso, señor Almuíña! (*Aplausos.*) ¡Ver-gon-zo-so! (*Aplausos.*) Esa é a situación real. (*Aplausos.*)

E profesionais e doentes, e pais e nais de doentes, estanlle dicindo: ata aquí chegamos, non soportamos máis a mentira que vostedes están intentando dicir que é a sanidade de pública deste país, e non é certo. ¡Non é certo! Vostedes non poden tapar a realidade da sanidade pública cun dedo. Aínda que o intenten facer, non poden tapala.

Por iso eu vólvolle preguntar: ¿van rectificar cos profesionais de urxencias do CHUS e dos PAC? ¿Van solucionar os problemas de oncoloxía pediátrica do CHUS?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ¿Van rectificar para... (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo. (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas. Terminou o seu tempo, señora Prado. (*Aplausos.*)

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Grazas, señor presidente.

Eu vou seguir lendo informes que din como está o Sistema sanitario público español e, por ende, o de Galicia.

O Banco Interamericano de Desenvolvemento, estudando 69 países, di que España está no quinto posto a nivel mundial e primeiro entre os europeos.

E dicirlle sobre a Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade: chámame a atención que non fale de nada do que teoricamente pregunta, pero que di que caemos nestes. Pois



mire, si, diminuímos un pouco no indicador da Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública, curiosamente porque valora de forma negativa que se incrementara o gasto en farmacia hospitalaria, é dicir, que que incrementemos o gasto en novos tratamentos, novos fármacos para a atrofia medular espiñal, para a hepatitis C..., é negativo para esta análise que fai esta plataforma. Co cal, para nós non, para nós é positivo e ímolo seguir realizando.

Desde logo, para nós —para a Xunta de Galicia— a sanidade é unha prioridade, como digo, con orzamentos e con dedicación de todas as persoas que traballan: trinta e oito mil traballadores que fan un esforzo impresionante. Pero non quedamos aí, queremos seguir mellorando tanto en instalacións —hospitais, como dicía—, tecnoloxía e tamén na formación de novos profesionais: creación de especialidades en enfermería, por exemplo, que non o teñen outras comunidades autónomas.

Imos seguir, desde logo, dicindo que a sanidade pública galega está a un nivel moi alto, imos seguir defendéndoo, imos ir avanzando —aquí nunca imos quedar parados—, pero, desde logo, non imos dicir que a sanidade pública galega é unha mala sanidade; todo o contrario, e creo que así se mostra esa implicación. E móstrase a implicación, como digo, deste goberno, que non coincide co Goberno bipartito, do que vostede formaba parte, que desde logo nin en presuposto, nin en servizos nin en nada, ademais, funcionaba como tiña que funcionar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E seguen dicindo —está claro que hai unha estratexia por parte de tres grupos da oposición—: falar da comisión de investigación. Pois mire: eu teño que dicir que vostede non está na comisión de investigación porque non quere, porque non teñen argumentos e, desde logo, non queren ir a debater, non queren estar presentes porque non teñen argumentos para rebater os datos que si temos nós. Ese é o único problema, e agora o que utilizan é de forma oportunista calquera incidencia que haxa neste servizo para atacar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É así, é simplemente así.

E mire: o barómetro sanitario di algo evidente. Desde que se creou esa pregunta, a pregunta de satisfacción xeral sobre sanidade, que pensan os cidadáns de cada comunidade autónoma, pois isto é o que pasa. *(O señor Vázquez Almuiña amósalles un documento aos membros da Cámara.)* A gráfica é ascendente. *(Murmurios.)* Perdón, esta é a gráfica. *(O señor Vázquez Almuiña amósalles un documento aos membros da Cámara.)* *(Risos.)* Non, perdón, perdón, é que vou explicar a seguinte gráfica. *(Aplausos.)* Esta gráfica é ascendente, pero curiosamente hai outro barómetro, *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que é o barómetro político...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Silencio. Grazas, conselleiro, terminou o seu tempo. *(O señor Vázquez Almuiña pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas, terminou o seu tempo, conselleiro, terminou o tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

**Pregunta de D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista pola Xunta de Galicia para a implantación do servizo de Hemodinámica as vinte e catro horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo**

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moi boas tardes.

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, de novo temos que falar da necesidade de implantar a hemodinámica vinte e catro horas en Lugo, e é necesario que volvamos falar disto porque vostedes seguen sen cumprir a promesa que hai oito anos fixo o señor Feijóo publicamente no hospital: que iamos ter ese servizo no ano 2011. Oito anos despois seguimos sen el, e seguimos sen el a pesar de que todos os datos —e agora vou falar deles— e todas as opinións e recomendacións dos especialistas aseguran e proban a necesidade de contar con este servizo.

Hai moi poucos meses, o xefe de CardioloXía do HULA dixo de novo, outra vez máis, que era necesario aumentar vinte e catro horas este servizo, porque quedaban fóra de poder ser tratados arredor dun terzo de todos os pacientes que necesitaban este Servizo de Hemodinámica. Cincocentos cincuenta enfermos ao ano que non poden ser atendidos a tempo, fundamentalmente cunha anxioplastia primaria en caso de infarto, porque teñen que ir á Coruña ou a Santiago a recibir ese tratamento. E estes datos, os datos aos que vou referirme, dan por certo estas afirmacións. Datos que vostedes mesmos nos deron ao Grupo Socialista. Teño que dicir, señor conselleiro, que tivemos que sacarlle eses datos practicamente con fórceps, porque houbo que preguntar e preguntar e preguntar, (*Aplausos.*) porque a transparencia non parece ser cousa da Consellería de Sanidade.

Pero escóiteme, señor conselleiro, os seus datos, os últimos datos que temos referentes ao informe do rexistro de infartos de Galicia. Últimos datos dados en febreiro de 2018: na Coruña e en Santiago, o tempo dende que un paciente ten un infarto e chega a unha unidade de Hemodinámica é de cento tres minutos; en Lugo, de cento cincuenta e cinco, trinta e cinco minutos máis do recomendado polos especialistas, que poñen o limiar en cento vinte. ¡Trinta e cinco minutos máis! A máis alta, xunto con Ourense, de toda Galicia.

E, loxicamente, estes datos do que se tarda en recibir atención reflíctense nas taxas de mortalidade: a mortalidade global por infarto en Galicia é de 3,6 por cento, a mortalidade en Lugo é de 4,6. Datos dados por vostede, aquí os teño, datos rexistrados no Parlamento. A máis baixa é de 2,9 en Santiago, pero, se miramos os mortos cunha anxioplastia, baixan, e baixan moito, señor conselleiro. Global de Galicia: 2,4 por cento. Iso si...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo. Grazas, grazas. (*Aplausos.*)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Está claro que xa se aproximan as eleccións.

Míre: en Lugo, o que si que cumpriu a promesa (*Balbordo.*) foi o presidente Feijóo, que herdou un hospital pechado e o puxo en marcha con todas as instalacións que teñen, creando servizos novos como o Servizo de Hemodinámica, o Servizo de Oncoloxía radioterápica —por certo, con dous aceleradores en pleno funcionamento—, ou un Servizo de Medicina Nuclear.

Iso é o que creou o señor Feijóo en Lugo. Por certo, que neste momento chegamos a complementar xa a atención hospitalaria e agora estamos coa atención primaria: imos crear o primeiro Centro Integral de Saúde no antigo hospital de Lugo, no antigo Hospital Xeral de Lugo. *(Murmurios.)* Só necesitamos que nos dean a licenza municipal para poder arranxalo. Estamos pendentes, porque creo que hai que seguir mellorando no que estamos facendo.

Mire: o Progaliam foi un programa que se fixo en Galicia no ano 2006 para seguir e facer un seguimento do diagnóstico e tratamento do infarto agudo de miocardio. Foi unha das primeiras comunidades autónomas, moi por diante doutra que goberna o Partido Socialista, como é Andalucía.

Mire: seguimos traballando, e en decembro de 2014 aprobouse por unha proposición do Partido Popular aquí o Regaliam —o Rexistro de Infarto Agudo de Miocardio— para empezar a coñecer a realidade do infarto en Galicia, creándose todas as unidades que temos neste momento funcionando. A de Lugo é unha unidade importante, unha cardioloxía importante, que se desenvolve no Hospital Lucus Augusti de Lugo. Con esa orde creouse, e empezouse a determinar exactamente como era a situación, seguindo sempre os criterios da Sociedade Española de Cardioloxía, que marca que para que un servizo sexa adecuado debe ter unha mortalidade menor do cinco por cento. En Galicia, en todas as áreas sanitarias, cúmprese este precepto. A partir de aí créase a comisión de seguimento, formada por cardiólogos das sete áreas sanitarias, onde cada certo tempo revisan os datos e, de forma clara, equilibrada e, desde logo, buscando a accesibilidade ao sistema, establecen medidas correctoras.

En xaneiro de 2018 deron unha serie de recomendacións tras realizar toda esta análise de casos. E unha cousa é dicir que ten que chegar antes a xente, porque que chegue antes ou despois depende de que a xente coñeza cales son os síntomas dun infarto agudo de miocardio. Campaña publicitaria... *(Risos.)* Non, poden rirse, pero ese é un elemento fundamental: campaña informativa a toda a poboación para que o faga.

Tamén revisamos as isócronas das localizacións de ambulancias para que chegaran no menor tempo posible. E, desde logo, analizamos todos os factores que levan a esta diminución e recomendouse ampliar o horario, tanto en Ourense como en Lugo, para probar precisamente a efectividade...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro, terminou o tempo. Terminou o tempo, conselleiro. Grazas. *(Aplausos.)*

Réplica, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Señor conselleiro, vamos ver. O tempo tamén depende da distancia, non soamente de cando... *(Aplausos.)* Claro, imaxino: o tempo de chegar depende tamén de se un infarto é ás tres da tarde ou ás tres da mañá, porque se é ás tres da mañá non se pode ir a Lugo, hai que ir á Coruña ou a Santiago. Diso depende.

Pero tamén quero que vostede me explique por que nas taxas de mortalidade —que son as da Consellería—, as de Lugo e Ourense, que non teñen hemodinámica vinte e catro horas,

son as máis elevadas. Son datos dados por vostede: 4,6 global en Lugo e, cando poñemos anxioplastia, 3,6. En Lugo dá igual anxioplastia ou non, porque resulta que temos a mesma taxa de mortalidade que a global de Galicia sen ese tratamento.

E mire: se hai que estar por debaixo do cinco, e Santiago ten 2,9 e A Coruña ten creo que un tres, dígame por que non aparta e cerra hemodinámica vinte e catro horas aquí. ¡Que máis dá! Aforra diñeiro. Ou sexa, que hai que estar por debaixo do cinco, pero dá igual. Vostede non quere salvar pacientes que estean por debaixo do cinco por cento, señor conselleiro. Iso é —paréceme—, a verdade, moi rastreiro.

Mire: non se pon porque non hai vontade política, pero si que quero saber unha cousa, señor conselleiro —e falando de eleccións—, ¿pode dicirme e pode prometerme vostede que non van anunciar a ampliación de hemodinámica vinte e catro horas antes das eleccións municipais? *(Aplausos.)* Mire que isto queda gravado, ¿eh?, queda gravado. Primeiro: ¿comprométese vostede a abrir hemodinámica vinte e catro horas? Segundo: ¿cando? E terceiro: ¿comprométese a non anunciálo en eleccións, señor conselleiro? Claro, porque falar de eleccións está moi ben, pero mire, aquí nós ao que vimos é a defender a saúde...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo. Grazas. *(Aplausos.)*

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** A min non me importa que se grave; pódese gravar, non teño problema por iso. Pero mire: a diferenza de vostede, nós, desde logo, temos criterios doutro tipo, porque se tan fácil fora, poderíamos anunciálo nas eleccións autonómicas, pero nós cremos nos técnicos. Aquí, un día díxome unha deputada que para que están os técnicos, isto é política e aquí hai que dicir e facer o que digan os políticos. Non, grazas a Deus temos bos técnicos, e os bos políticos son os que respectan as decisións dos técnicos. *(Murmurios.)* Temos unha comisión e eu non lle teño ningún medo á comisión; a comisión é a que di en cada momento que recomendacións hai que facer, e nós cumprimos as recomendacións. Neste caso, claramente, ampliáronse, e imos ver os resultados. A súa pregunta igual chega un pouco temprano, igual o tempo que lle marcaron en Lugo non cumpre as expectativas súas, pero vaise facer unha revisión en breve e alí se dará. ¿Que pode ser? Unha cousa ou outra cousa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dicir que estamos actuando ben neste momento ou que hai que mellorar.

Agora, mire: non hai ningún servizo de hemodinámica do mundo que teña mortalidade cero. É máis, hai servizos de hemodinámica que teñen maior mortalidade porque tratan os pacientes máis graves; os pacientes máis graves van aos sitios que, desde logo, teñen os especialistas mellor formados, e ás veces eses servizos teñen mortalidades incluso máis altas. Nós temos un moi bo Servizo de Cardiología en Lugo —estamos todos de acordo, creo que non hai que dicilo—, polo tanto, deixemos traballar a quen teñen que traballar, que son os especialistas. Os técnicos farán unhas recomendacións despois de analizar todo o que supuxo a ampliación dese horario, dirannos cantos pacientes se están atendendo polas tardes nese horario, tanto en Lugo como en Ourense, e a partir de aí, con esas recomendacións, actuaremos. Independentemente de que sexan eleccións ou non sexan eleccións, porque —como

digo— se fora por iso sería fácil anunciarlas cando interese máis a uns ou outros. Nós non o facemos; desgraciadamente hai outros que si, e antes de empezar a funcionar os aceleradores lineais en Lugo houbo un destacado dirixente político que se dedicou a facer, con cámaras, percorridos, que creo que chamaban os percorridos da morte. Iso non é axudar a sanidade; axudar a sanidade é pór en valor todos os tratamentos que se están facendo en Lugo, e aqueles que non se fan en Lugo, que teñen que facer noutra cidade, como calquera cidadán de Galicia, estarán sempre ben feitos. E nós imos buscar a eficiencia e, desde logo, que os pacientes reciban o mellor tratamento posible independentemente de onde vivan. E aí estaremos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Vero e D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto do financiamento dun proxecto de residencia pública para persoas maiores en Boiro**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra, señora Vázquez Vero.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben, sendo deputada por Lugo non podo deixar de dicir que deixar traballar as persoas especialistas é, precisamente, atender as súas reivindicacións de vinte e catro horas de hemodinámica en Lugo.

Pero hoxe, señora conselleira, preguntamos por unha cuestión que é aparentemente local, pero que é de interese estratéxico para o pobo galego, porque falamos da residencia de Boiro e falamos da necesidade estratéxica de aumentar canto antes prazas públicas en residencias de maiores; en todo o país, pero especialmente na comarca da Barbanza e na de Muros e Noia, porque é especialmente deficitaria. Vostede seguro que a coñece ben, porque é desta mesma comarca, pero fíxese en que só hai dous centros residenciais da terceira idade propios da Xunta, un deles con xestión privada. E un dato: dende a posta en marcha da residencia da Pobra pola Xunta de Galiza no 1986, na Barbanza non aumentou a oferta pública de ningún tipo, malia que, efectivamente, aumentou a demanda deste servizo.

Imos ver os datos: en total, as tres comarcas contan cunha poboación maior de sesenta e cinco anos de 31.406 persoas, co cal, se imos ao rateo de prazas de residencias recomendado pola OMS —dun cinco por cento—, estaríamos a falar de que, no conxunto de todas estas comarcas, precisaríamos mil cincocentas setenta prazas residenciais. Vostede mesma sabe cantas hai, sabe que temos trescentas cinco; polo tanto, o rateo desta zona sería un 0,97 por cento, aínda inferior á media galega, que xa é baixa.

Así pois, creo que concordaremos todos os grupos nesta cámara —concordaremos tamén porque houbo unha moción aprobada por unanimidade neste sentido no Concello de Boiro— en que é preciso aumentar no inmediato as prazas públicas de residencias de maiores na comarca. E especificamente traemos esta residencia de Boiro porque un grupo de xente de Boiro, moitas delas persoas xubiladas presentes hoxe aquí nesta cámara, a quen saudamos,

decidiu recoller sinaturas para trasladar á Xunta —e ao Concello, en primeira instancia— a necesidade urxente de contar con prazas públicas de residencias. Esa reivindicación, que, por certo, acadou case tres milleiros de sinaturas en poucos días, foi asumida por Boiro Novo, grupo político que hoxe tamén temos aquí connosco, presentada na corporación e, como digo, foi aprobada por unanimidade xa en marzo de 2017. Por unanimidade aprobouse unha moción en apoio á construción dunha residencia pública, se era posible, nos terreos da finca do pazo de Goiáns.

Pois ben, ¿que sucede? Que, por unha parte, o concello de Boiro está a tramitar unha modificación do PXOM para permitir a edificabilidade desta parcela, pero, por outra parte, está tamén a buscar que isto sexa un proxecto privado. E a veciñanza de Boiro e Boiro Novo non aceptamos que poida acabar isto nun presunto inversor privado, e dicimos «presunto» porque a transparencia brilla pola súa ausencia. E partimos dun elemento central: o modelo de prazas privadas non se axeita á realidade socioeconómica do país. Pregúntelles a estas persoas que ten aquí arriba se coa súa pensión poderían, dado o caso...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao. Grazas, terminou o seu tempo.

Grazas, grazas, grazas. (*Aplausos.*)

Resposta da conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señora Vázquez Verao.

É un pracer para min poder vir hoxe a este parlamento para falar sobre como mellorar a calidade e a atención aos nosos maiores. É unha materia que me ocupou os últimos anos como directora xeral e que agora está entre as miñas prioridades como conselleira de Política Social. Tamén ten unha importancia especial abordar a situación da atención aos nosos maiores nas comarcas da Barbanza, de Muros e de Noia, porque tanto por motivos familiares como por motivos políticos puiden escoitar todas as reflexións sobre a atención á dependencia nesta zona.

Eu empezo por onde empezo sempre: non podemos dicir que esteamos cen por cento satisfeitos coa situación actual, pero o que si podemos dicir é que estamos cen por cento orgullosos de todo o que levamos feito nestes últimos anos. Porque grazas a eles todas as persoas maiores das comarcas da Barbanza, de Muros e de Noia dispoñen de máis recursos que nunca para facerse maiores como libremente decidan. E para repasar a importante evolución que viviu a atención á dependencia nesta zona abonda con analizar os datos dun dos servizos insignia na nosa comunidade autónoma como é o servizo de axuda no fogar.

Como saben, recibir atención a domicilio é unha preferencia maioritaria dos nosos maiores, e a Xunta de Galicia está a traballar para darlle cumprimento. Así, convertémonos na comunidade autónoma de referencia en servizo de axuda no fogar e contamos coas ratios máis

salientables a nivel nacional, ocupando xa a atención prestada por profesionais máis do oitenta por cento e, no que levamos de lexislatura, as horas de SAF nas comarcas ás que vostedes fan referencia na pregunta incrementáronse substancialmente. Esta suba acelerouse o ano pasado e ao longo deste ano, cando inxectamos 14,7 millóns de euros convertidos en horas para atender todas as persoas nas súas casas. As horas de SAF na comarca da Barbanza creceron un trinta por cento ata chegar a máis de cento setenta mil. As horas de SAF nas comarcas de Muros e de Noia incrementáronse un vinte por cento ata superar as cento corenta e sete mil.

Señora Verao, vostede fai referencia tamén aos servizos residenciais, e a min tamén me gustaría falar deles. Nestas comarcas existen, no día de hoxe, máis de duascenas cincuenta prazas residenciais sostidas con fondos públicos para atender as persoas maiores en situación de dependencia. Contamos tamén con duascenas prazas públicas en cinco centros de día: en Boiro, en Dodro, en Muros, en Outes e na Pobra do Caramiñal. Por certo, dous deles soamente existían antes do ano 2009.

En definitiva, os servizos de atención á dependencia das comarcas da Barbanza, de Muros e de Noia non están nunha situación óptima, pero si están mellor do que estaban antes. E pódolle asegurar, señora Verao, que seguiremos sempre traballando para melloralos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira, grazas.

Réplica, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Pois agardamos que sigan traballando en ter unha residencia pública de maiores en Boiro, porque iso foi o que preguntamos. ¿Vai a Xunta comprometerse con máis prazas públicas de residencias, e concretamente coa residencia de Boiro? Lendo os orzamentos parécenos que non; nós, de feito, fixemos unha emenda porque, tal e como están os orzamentos, iso implica que da Xunta non vai ter este respaldo.

Falou vostede de máis de duascenas cincuenta prazas en residencias nas comarcas; nós, segundo o RUEPSS, contamos trescentas cinco, pero é que se precisarían máis de mil cincocentas. Polo tanto, creo que neste eido a compracencia non cabe.

E falou do SAF. Si, é certo, o SAF é un dos servizos que se aumentou. Pero, claro, na enquisa do IGE sobre autopercepción da dependencia xa lle sinalan que unhas corenta e cinco mil persoas máis precisarían ser atendidas por este servizo. Pero é máis, os servizos que menos medran son aqueles máis caros —como os de residencias— e son aqueles que permitirían reducir a carga de coidados que teñen as mulleres. Porque imos tamén aos datos: esta mesma enquisa sobre a autopercepción de dependencia fala de que en Galiza hai unhas cento corenta e cinco mil persoas coidando de persoas dependentes, persoas como as que están hoxe aquí arriba, porque tamén é esa a realidade. Máis do sesenta e dous por cento de persoas que coidan dependentes son mulleres, e a maioría teñen máis de corenta e cinco anos; xa son mulleres que —algunhas— teñen incluso máis de sesenta anos. Sabe que desas cento corenta

e cinco mil persoas só 13.333 son as prestacións que hai en dependencia para coidados familiares, pero ¿cantas altas hai na Seguridade Social? Novecentas dezaioito ata setembro de 2018. Novecentas dezaioito. É dramático o que está sucedendo cos coidados neste país e coa dependencia.

Por iso, cuestión concreta: ¿vaise comprometer a Xunta coa residencia de maiores pública en Boiro? É urxente, é necesaria, non hai prazas públicas dende 1986 na Barbanza. Titulares como este: «Comeza a guerra polas residencias da Barbanza». Non é unha guerra, hai que dotar todos os concellos de máis prazas públicas; non é unha guerra, é unha necesidade urxente, fan falta máis de mil cincocentas prazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao. Grazas.

Peche desta pregunta, conselleira de Política Social.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Grazas, presidente.

Señora Vázquez Verao, a min dáme a sensación de que vostede e mais eu temos algunhas cousas en común, e unha delas é, por suposto, a preocupación para prestar a mellor atención posible aos nosos maiores. Esta preocupación é a que levou a Xunta de Galicia a marcar un obxectivo ambicioso: sesenta mil dependentes atendidos en toda a lexislatura. E esta preocupación foi a que levou tamén hoxe a Xunta de Galicia a adiantar o obxectivo dos sesenta mil ao cumprimento neste ano 2018. E, froito desta preocupación polos nosos maiores, temos o dato de persoas dependentes atendidas que acabamos de coñecer onte: 59.403 persoas atendidas neste mes de outubro. É dicir, obxectivo cumprido no noventa e nove por cento.

Non obstante, tamén hai algo na súa pregunta que me chama a atención. Parece que vostede prefire que non haxa ningún recurso nestas comarcas antes de que haxa un recurso impulsado polos concellos. E a min, sinceramente, paréceme unha boa nova que haxa concellos dispostos a buscar todas as situacións posibles para mellorar os recursos, pero, sobre todo, para mellorar a atención ás persoas maiores en situación de dependencia. E, polo tanto, quero dicir hoxe que o Goberno galego garantirá que todas as persoas maiores en situación de dependencia das comarcas da Barbanza, de Muros e de Noia que desexen acudir a unha residencia contarán cunha praza sostida con fondos públicos. É un compromiso, por suposto, que se estende a toda Galicia. E isto garantirémolo a través do concerto de prazas do Bono Autonomía en Residencia, pero o resultado será o mesmo: *(Aplausos.)* recursos de atención á dependencia ao alcance das familias galegas.

Cando o que estea en xogo sexa mellorar a calidade de vida das persoas dependentes podo comprometerme a que a Xunta de Galicia sempre estará aí.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.



**Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. David Rodríguez Estévez, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de que Galicia conte cun plan estratéxico propio, cara ao vindeiro período da política agraria común, no que se teñan en conta as características do país**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

En agosto deste ano, a ex-conselleira do Medio Rural, a señora Ánxeles Vázquez, asinou un documento no que se reflectía a postura institucional do Goberno da Xunta de cara á reforma da PAC. O documento foi entregado ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que as achegas de Galiza estiveran presentes na posición de España como Estado membro da Unión Europea. Neste texto reclamábase un único plan estratéxico por Estado para as axudas da PAC.

No punto primeiro do documento dicía literalmente: «A Comisión mantén a proposta de que cada país deseñe un modelo propio de aplicación elaborando un plan estratéxico nacional, dando máis capacidade aos estados membros para adaptar a PAC á súa realidade territorial, produtiva e sectorial». Home, a realidade territorial, produtiva e sectorial de Galiza eu penso que ben pouco ou nada ten que ver coa da rexión de Murcia. Pero ben, neste mesmo documento, máis adiante, engadía: «Consideramos imprescindible que tal como establece o proxecto de regulamento haxa un único plan estratéxico para o Estado membro. (...) O novo regulamento debe establecer criterios uniformes para todos os estados». Isto a vostede xa lle veu dado, xa viña da anterior conselleira. Pero recentemente vostede acudiu ao Consello de Ministros de Agricultura da Unión Europea acompañado polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, o señor Planas. Nese consello defendeu a posición que se expuxera no documento anterior, polo que oficialmente Galiza aposta diante de Europa por un único plan estratéxico por Estado, co obxecto de simplificar —isto é curioso— a tramitación e garantir a igualdade de oportunidades.

Isto podería ser sen dúbida doutra maneira, doutra forma moi distinta, como demostraron comunidades autónomas, como pode ser Cataluña ou como poder ser o País Vasco, que optaron por propor un plan estratéxico da PAC propio. Esta iniciativa xa a contempla a propia Comisión Europea, que permite plans estratéxicos rexionais adaptados ás necesidades dos territorios. Non fai falta subliñar que contar cun plan propio para Galiza sería de moito máis proveito, xa que se adaptaría mellor ás nosas peculiaridades e ás nosas necesidades específicas. Porén, o Goberno da Xunta optou por demandar ese único plan estratéxico, na liña do que xa fixera o anterior Goberno central e na liña do que o fai o actual Goberno. Isto contradí a vontade expresada moitas veces pola súa propia persoa de atender as diferentes especificacións de cada comunidade autónoma.

Certo é que a proposta da Comisión que se presentara o 29 de novembro do ano pasado non representaba un cambio de paradigma moi radical nas políticas efectuadas ata o de agora

na concepción da PAC, pero introducía elementos que daban marxe aos estados ou ás rexións para redefinir moito a aplicación da mesma no seu territorio. Pero parece ser que ao Goberno da Xunta isto pouco lle importou, e de aí a nosa pregunta, que é se non considera o Goberno galego que sería máis axeitado que Galiza conte cun plan estratéxico propio de cara ao vindeiro período da PAC que tivese en conta as características propias do noso país.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez. Grazas.

Resposta do conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Grazas, señor presidente.

Grazas, señor Rodríguez, pola súa pregunta, precisamente dous días despois de chegar de Bruxelas —no pouco que levo no cargo, fun xa dúas veces a Europa defender os dereitos dos agricultores e gandeiros galegos—.

Cómpre que contextualicemos a cuestión e que digamos, en primeiro lugar, que eu acudo non acompañado, senón que acompaño o ministro de España ao Consello de Ministros de Agricultura e Pesca da Unión Europea. Porque seguro que vostede o sabe tamén, pero alí quen falan e quen nos representan son os estados membros.

E para poñer a cuestión en situación tamén, temos que ter en conta que a nova regulación da PAC se comezou a discutir o 1 de xuño do ano 2018. Aí propúxose o marco financeiro plurianual e recolleuse o paquete lexislativo da PAC, que contén tres propostas de regulamento para o período 2021-2027.

O primeiro que fixo o Goberno de España —tamén apoiado, por suposto, pola Xunta— foi, dende o primeiro momento, defender a necesidade de que a PAC sexa unha PAC forte e ben dotada financeiramente, e aí estamos. E penso que aí temos que trasladar, dende sempre, unha unidade ao redor desa postura. Penso, señor Rodríguez, que tamén o seu grupo político entenderá que o máis importante nestes momentos é que haxa os cartos que ten que haber para os nosos agricultores e gandeiros, polo menos, que é o que pedimos nós, igual que no período 2014-2020.

¿Que fai a nova PAC ou que fai a Comisión? Propón un novo enfoque da PAC: quérese ir dunha postura máis represiva a unha máis preventiva, que haxa un traballo de maior acercamento da PAC aos territorios. E, a partir de aí, un dos regulamentos, unha das propostas de regulamento é precisamente a que fala de plans estratéxicos.

Eu, señor Rodríguez, téñolle que dicir, con todo respecto: non sei de onde saca iso de plans estratéxicos por comunidade autónoma. Teño aquí, e despois dareillo a través do presidente, (*O señor González Vázquez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) a proposta de regulamento do Parlamento Europeo do 1 de xuño, que, no considerando 55, establece claramente que o plan estratéxico é por cada Estado membro —como non podería ser doutra

forma, de acordo coa arquitectura institucional que ten a Unión Europea, que lle recordo que está composta de estados membros—. Tamén se recolle no artigo 93 e no artigo 94; xa lle puxen tamén, por se os quere ver, os artigos que falan destas cuestións.

Polo tanto, nós entendemos que esta nova arquitectura acerca moito máis a PAC aos territorios. Ese plan estratéxico, ademais —e é importante que o saibamos todos—, vai permitir que se adecúe ás peculiaridades de cada territorio, pero aí é cando nós teremos que entrar, aí é cando Galicia, dentro do plan estratéxico por Estado, terá que atender as súas peculiaridades, sobre todo no que se refire ao segundo pilar, que é o de desenvolvemento rural.

Polo tanto, con este novo enfoque da PAC estámola acercando ao noso territorio, e xa chegará o momento no que teñamos que debater e discutir con outras comunidades autónomas como adecuamos a política agraria común ás nosas peculiaridades, as do noso territorio, as dos nosos agricultores e gandeiros. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, véxoo a vostede moi optimista co tema do reparto dos fondos. Non sei, imos perder dez mil millóns de euros, posiblemente, polo *Brexit*, e a verdade é que o vexo moi optimista, porque penso que é algo que nos vai afectar a todos a nivel europeo.

Cos elementos que vostede dicía, a Comisión propoñía, e ademais está nun artigo dos que vostede nomeou, unha maior subsidiariedade no marco duns obxectivos claros acordados a nivel da Unión Europea e dos estados e rexións. É dicir, propón que se definan uns obxectivos para acadar a PAC a nivel da Unión Europea, pero tamén en cada territorio, e un marco xeral de intervención, que ese si que non se pode modificar. Pero despois di que serán os estados membros os que, en función das súas características agrícolas e climáticas, adaptarán o mecanismo de intervención á súa realidade. Iso entendemos que debería de ser así, que inclúe maior presenza no deseño do marco de control e no cumprimento. E, por exemplo, Galiza podería dicir como configura os espazos básicos, adaptándoos, por exemplo, ás características estruturais e particulares do país ou ao noso perfil de industrialización.

Tanto o presidente como vostede vimos que van deixando caer vaguidades. Vímolos na presentación que fixo o presidente o día 10 —creo que foi antes do verán—, pero en ningún caso, nesas xornadas que fixo coa anterior conselleira, se falou de prezos ou se falou dunha repartición máis xusta dos pagos directos. Ninguén falou das explotacións galegas que nunca entraron no cobro das axudas do pilar 1, ninguén falou do que se pode facer para que estea en igualdade de condicións ao resto, e ninguén falou da revisión do dereito europeo da competencia.

Remata o tempo, e só dicirlle que un plan galego sería, en rigor, un plan nacional, e penso que, igual que outras comunidades autónomas, como fixo ben Cataluña ou ben o País Vasco, vostedes deberían entrar tamén por esa vía.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Peche da pregunta, conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Señor Rodríguez, vólvolle recordar que a arquitectura institucional da Unión Europea está baseada en estados membros. O artigo 93, que fala de arquitectura e plans estratéxicos da PAC, di literalmente: «*Cada Estado miembro establecerá un único plan estratégico de la PAC para todo su territorio*». Se vostedes confunden a representatividade das rexións e das comunidades autónomas, neste caso, en Europa, co que é a arquitectura institucional da Unión Europea, pois eu que quere que lle diga.

Pero mire, vamos ver: eu penso que aquí o que temos é que estar todos de acordo en defender os nosos agricultores e os nosos gandeiros e adoptar unha postura común. Entón, eu pídolle ao seu grupo parlamentario e pídolles a todos os grupos parlamentarios que nos sumemos á postura que defende a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia defende, en primeiro lugar, que no ámbito das axudas se baixe o límite por explotación de cen mil a sesenta mil euros, entre outras cousas porque a práctica totalidade dos solicitantes da PAC en Galicia están por debaixo desa cantidade. ¿Acaso vostedes non están de acordo con iso? Pois é o que nós firmamos. Pero a Xunta de Galicia tamén defende os dereitos históricos dos nosos agricultores e gandeiros, porque son dos de maior importe de toda España; polo tanto, temos que defender eses dereitos históricos fronte a outras comunidades autónomas que non queren defender eses dereitos. ¿Acaso vostedes non están de acordo con iso tamén?

A Xunta de Galicia e esta consellería defenden tamén o mantemento das axudas para a incorporación de mozos. Defendemos tamén o mantemento das axudas para zonas de montaña e zonas con limitacións naturais. ¿E sabe por que? Porque a maioría das nosas explotacións están afectadas por esas limitacións. Defendemos, en definitiva, aquilo que consideramos o máis adecuado para os nosos agricultores e gandeiros, e eu pediríalles que se sumen todos vostedes a esa postura común.

E repítolle: a pregunta que vostedes fan ten unha falta —e é importante— na súa premisa, que é precisamente o tema de que non pode haber plans estratéxicos por comunidades autónomas. Non cabe absolutamente ningunha posibilidade de acordo coa normativa comunitaria. Polo tanto, o que lle pido e lle repito é que nos xuntemos todos e fagamos unha unidade para dotarnos de máis forza na negociación, tanto de cara ao que pode pasar co resto das comunidades autónomas como tamén apoiando o Estado español na negociación no ámbito da Comunidade Europea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presenta nos últimos anos a presenza da muller no sector marítimo-pesqueiro**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señora conselleira.

Levamos un pleno falando —practicamente monográfico— das mulleres, da loita contra a violencia contra a muller, falamos da infancia, falamos de dereitos laborais, de igualdade, e, polo tanto, hoxe imos rematar este pleno cunha pregunta relacionada tamén coas mulleres e co mar. É moi importante lembrar o papel que tiveron as mulleres na historia de Galicia e no mar, non se entende ese sector sen elas. Tamén escoitamos na comparecencia do vicepresidente anunciar unha batería de medidas para as mulleres que sofren maltrato e os seus fillos, e tamén escoitamos que todo o ámbito e todos os sectores das mulleres deben estar protexidos e, polo tanto, dende este parlamento e dende este Goberno hai que traballar sempre a prol da igualdade. É o que temos que facer e o que queremos facer todos os grupos.

Como dicía, para rematar esta sesión, falaremos de mulleres e do mar. Ademais, hoxe é o Día Mundial da Pesca —tamén coincide con este día tan importante—; é un sector no que a muller —as mariscadoras, as traballadoras da conserva, as traballadoras dos conxelados, dos produtos elaborados, que tamén falamos delas no Pleno anterior—, teñen un papel importantísimo en Galicia, teñen un papel importantísimo no sector.

Hai máis de vinte e cinco anos que a Xunta xa comezou a traballar neste ámbito, sobre todo coa profesionalización dos traballos e actividades das mulleres: as mulleres mariscadoras —como dicía—, as redeiras, as empacadoras, as comercializadoras... É dicir, señora conselleira, é un mundo que está e non se entende sen o traballo das mulleres.

Sabemos tamén da sensibilidade que ten vostede, e a súa consellería coa súa persoa á fronte, cun equipo case integrado na súa maioría por mulleres; polo tanto, unha sensibilidade especial co contacto directo co sector e coas mulleres, escoitando as reivindicacións. Polo tanto, nós destacamos tamén a aposta que se fixo dende o Partido Popular pola cotización real que tiveron as mariscadoras para que puideran lograr —e van lograr— cobrar unha pensión, a diferenza doutros partidos, que querían fraccionar esas cotizacións por horas, e sería moi difícil que hoxe en día as mariscadoras ou as mulleres vencelladas ao mar tiveran garantida esa pensión. Polo tanto, cremos que o Partido Popular e a Xunta de Galicia traballan día a día polo papel da muller no sector do mar.

É importante tamén a visibilidade. Eu quería destacar a última conferencia da muller que se celebrou aquí en Santiago, a Anmupesca, as mulleres de Arousa... É dicir, están celebrándose xornadas, están celebrándose e dándose a coñecer, está facéndose visible ese traballo. Polo tanto, nós, hoxe, ás portas do 25-N, que é o Día contra a Violencia contra a Muller, queremos tamén destacar a importancia que ten e o esforzo que fan todas as mulleres vencelladas ao

mar en Galicia, e queriamos saber que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia e que traballos está facendo a prol da muller do mar nestes últimos anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente, señorías, señora Egerique.

Moitísimas grazas pola súa pregunta, e eu, coma vostede, quérome sumar tamén publicamente á felicitación de todo o colectivo que compón o mundo da pesca aquí en Galicia no seu día internacional.

Con respecto ao que ten que ver coa muller, como vostede ben comprenderá, nós temos que facer unha valoración moi positiva. Para min sempre é un orgullo falar do papel que desempeñan as mulleres no ámbito laboral, pero no caso das mulleres do mundo do mar fágoo aínda con máis motivo, e aínda fago unha valoración máis positiva, porque en Galicia a muller representa o cinco por cento da pesca extractiva, representa o setenta e cinco por cento no caso do marisqueo a pé, representa o vinte e cinco por cento das persoas que traballan no sector da acuicultura, o oitenta e catro por cento das persoas que se dedican a reparar ou a facer redes e máis do setenta por cento de todas as persoas que traballan nas fábricas de transformación ou de conserva.

Como vostede dicía, hai apenas dous meses celebráronse en Galicia as segundas eleccións unificadas das confrarías de pescadores; despois de analizar os resultados deste proceso electoral, vemos como a evolución da presenza da muller no sector é positiva e incrementou o seu peso nos cabidos e nas xuntas xerais nun cincuenta e seis por cento. Se ben é certo que perdeu peso nos postos de patroas maiores, ata aproximadamente ter o dez por cento da representatividade, tamén é certo que a figura da muller do mar está consolidada e que ten unha voz máis forte que nunca nos órganos representativos, decisivos e consultorios do noso mar.

Unha evolución que segue o seu curso natural, pois, como vostedes ben saben, a Xunta de Galicia —como nos recordaba a señora Egerique— leva máis de vinte e cinco anos traballando pola profesionalización do sector e o recoñecemento dos dereitos da muller mariñeira. Como exemplo, podemos citar o proxecto galego de cooperación Candieira, unha rede de apoio e promoción á muller do mundo do mar que permitiu, primeiro, transmitir á sociedade a súa situación laboral; segundo, dar a coñecer a súa realidade social, abordando as problemáticas e definindo os principais retos e prioridades que teñen no seu futuro, e, por último, permitiu tamén destacar o seu papel estratéxico no sector.

Non quero rematar esta primeira intervención sen destacar a celebración desa I Conferencia Internacional de Mujeres de la Pesca, un feito do que me sinto especialmente orgullosa, por-

que dende aquí, dende Galicia, o ministerio, a FAO, a Unión Europea e a Xunta reivindicamos todos xuntos a posta en valor do papel da muller no sector, facendo de Galicia o porto base para a creación dunha gran rede mundial de mulleres do mundo do mar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, conselleira, pola súa información; grazas polo seu compromiso coas traballadoras do mar, que demostra, como dicía antes, cada día.

Galicia sempre foi unha terra, ademais, de falar facendo; ademais, un mar de poucas intencións e de moitos feitos, como somos en xeral as mulleres. E, polo tanto, toda a vida sendo parte as mulleres da cadea mar-industria. E hoxe —como dicía eu— requiren esa visibilidade.

O outro día asistía a unhas xornadas chamadas Sereas, nas que se retransmitían dúas curtametraxes: unha, *Matria*, e outra, *A última batea*, na que se vían persoas —e mulleres— xa dunha idade, que levaban toda a vida adicadas aos traballos do mar. E a verdade é que viamos como eran verdadeiras heroínas, porque, ademais dese esforzo que tiñan que facer coas condicións meteorolóxicas que teñen sempre diante, tiñan ao cargo as súas familias e unha serie de actividades que temos todas as mulleres detrás.

Polo tanto, vemos que foron moitas barreiras que superar, moitos teitos de cristal que romper, pero hai que seguir traballando. Hai que seguir traballando, como están a facer vostede e o seu equipo, como tamén teño dito neste parlamento. As voceiras, ademais, na Comisión 8ª somos tamén mulleres, e entendemos perfectamente cal é o esforzo extra que teñen que facer as mulleres para traballar no mar. Polo tanto, nós queríamos dicirlle que queremos seguir traballando nesta igualdade. E na Anmupesca as mulleres reivindicaban o seu sitio —vostede tamén o dicía—: non queren nin máis nin menos, queren o seu lugar e queren a igualdade e, polo tanto, unha igualdade que sexa real, que parta, ademais, de Galicia, e que sexa exemplo en toda Europa.

Señora conselleira, quero agradecerlle o seu traballo e o seu compromiso —tamén o éxito das xornadas, porque foron un verdadeiro éxito—, e queremos, ademais, traballar dende aquí por unha igualdade, e por unha igualdade inclusiva, neste caso, e non sectaria, que nunca estará nestas filas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Peche desta pregunta, conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Moitas grazas, señor presidente, señorías, señora Egerique.

A min, para rematar, soamente me gustaría agradecer non só as súas palabras, senón o seu traballo e o seu esforzo, así como o de todas as voceiras de todos os grupos que forman parte da Comisión 8ª.

Eu teño que dicir que a celebración desa I Conferencia Internacional de Mujeres de la Pesca nos serviu como punto de reflexión, pero tamén como un punto para ensinarnos ao mundo. Eu síntome especialmente orgullosa pola boa impresión que as mulleres que nos visitaron dende todos os continentes levaron do importante traballo que están a facer as mulleres dos diferentes subsectores que compoñen esa cadea mar-industria. Eu creo que é un compromiso, e eu quero hoxe tamén aquí aproveitar para agradecer ao ministerio e á rede de mulleres de África o traballo que fixeron e o acerto que tiveron, tamén, ao traer esa conferencia aquí, para Galicia.

Non soamente durante o día que durou a conferencia, senón nos días posteriores, tiveron a oportunidade de ver, en vivo e en directo, como traballaban as mariscadoras na praia, como se funcionaba na lonxa de Vigo, como están diversificando a súa actividade a través dos grupos de acción local de pesca. Todo iso fixo que levaran unha grata impresión do esforzo que levamos feito nestes últimos vinte e cinco anos, pero tamén temos que recoñecer que aínda nos queda moito traballo que facer.

É ben certo —como lle dicía na primeira intervención— que temos moita presenza xa en determinados subsectores da cadea mar-industria, pero aínda nos quedan moitos liderados que acadar para que, cada vez máis, os postos de alta responsabilidade tamén estean ocupados por mulleres.

Eu creo que un bo punto de partida foi esa declaración institucional que se fixo ao longo da conferencia como broche final. Pero tamén quero entender que é un punto de partida para que a partir desta primeira conferencia se celebren moitas máis e cada ano poidamos seguir, dende Galicia, acreditando que seguimos estando nos primeiros postos no *ranking* do que a muller ten conseguido no mundo do mar en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Non hai máis asuntos.

Remata aquí o pleno.


Boa tarde a todos.

*Remata a sesión ás cinco e dezanove minutos da tarde.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mourinho Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25